



CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/82	GOB18I00Y3	
2U0M 5E08 4240 2M1G 0WJ0		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - ULLA ROCHA, JORGE

Na casa do Concello de Narón, ás 09:04 do vinteseis de setembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, O Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:



CONCELLO DE NARÓN

PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -
DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

SR. INTERVENTOR ACCTAL.:

D/Dª PABLO FREIJOMIL OJEA

SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-
CANTELI

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 24-07-2024 (ORDINARIA); 03-09-2024 e 12-09-2024 (EXTRAORDINARIAS).

O Concello Pleno, por unanimidade deulles a súa aprobación.

2 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO NOMEAMENTO DE VÍAS NAS ENTIDADES COLECTIVAS DE PEDROSO E DO VAL..

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a obrigatoriedade que establece o artigo 17 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local, no sentido de que as entidades locais na súa labor de formación, mantemento, revisión e custodia do Padrón Municipal, deben velar para que os datos obrantes no devandito rexistro concorden coa realidade o máximo posible.

Mediante acordo plenario do 28/09/2023 nomeáronse 47 vías de nova apertura na Entidade Colectiva de Pedroso (San Salvador) co fin de incorporalas ao rúeiro oficial do Concello de Narón.

Hai que facer constar que, aínda que os RD das inscricións padroais están todavía pendentes de repercutir por estar supeditados a un traballo de campo que hai que levar a cabo, a sinalización das vías levouse a cabo en execución do contrato que consta no Expediente CON/42/2023 (Expediente de Estatística: EST/2023/250).

Unha das vías de nova apertura aprobadas foi a denominada: **CMÑO REVOLTA DE PEDROSO (DA), con Código Vial: 9041, e que consta dos seguintes tramos:**

Nº Des.	Nº Has.	Entidade Singular	Núcleo/Diseminado
1	33	CONGOSTRAS	CONGOSTRAS
35	117	REVOLTA	*DISEMINADO*
119	9999	CONGOSTRAS	CONGOSTRAS
2	32	CONGOSTRAS	CONGOSTRAS
34	120	REVOLTA	*DISEMINADO*
122	9998	CONGOSTRAS	CONGOSTRAS

Non obstante, por parte de interesados afectados por este cambio de nome e residentes no devandito camiño propuxeron un cambio de nome nunha parte da vía denominada como Camiño da Revolta de Pedroso, co fin de facilitar a localización do camiño e as vivendas sitas nel, ademais de recuperar a microtoponimia existente no lugar.

Por outra banda, hai unha vía sita na Entidade colectiva do Val que vai dar a unhas vivendas sitas no Lugar coñecido como Vilarquinte. Esta vía non está na relación de vías aprobadas no acordo plenario de 28/09/2017 polo que se procedía ao nomeamento e renumeración das vías pertencentes á Entidade colectiva do Val.

En virtude do exposto, e visto o ditame favorable, por maioría, con 8 votos a favor (5 TEGA, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE e 3 abstencións do PP da Comisión Informativa de Obras,

CONCELLO DE NARÓN

Urbanismo e Servizos de data 16-09-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Modificar os tramos da vía CAMIÑO DA REVOLTA DE PEDROSO (CÓD. VIAL: 9041), que consta coa Ref. Catastral: **15055A506090010000AY**, que quedarían do seguinte xeito:

Nº Des.	Nº Has.	Entidade Singular	Núcleo/Diseminado
1	33	CONGOSTRAS	CONGOSTRAS
35	9999	REVOLTA	*DISEMINADO*
2	32	CONGOSTRAS	CONGOSTRAS
34	9998	REVOLTA	*DISEMINADO*

SEGUNDO.- Nomear como **CAMIÑO DA XESTA (Código Vial INE: 9077)** a vía que vai dende o Camiño das Congostras (Código Vial: 9038) ata a Travesía da Pedra (Cód. Vial: 9064). Esta vía consta coa seguinte Referencia Catastral: **15055A505090110000AI**, segundo consulta á sede electrónica do Catastro o 10/09/2024.

Ademais, está recollida no Inventario Municipal de vías cos seguintes tramos: OBJECTID 603; OBJECTID 1191; e OBJECTID 1066.

DATOS COS QUE CONSTARÁ NO INE	
DISTRITO 3, SECCIÓN 1	
CÓD. VIAL	9077
TIPO DE VÍA	CMÑO
NOME DE VIA	XESTA (DA)
TRAMOS	
PARES	
2-42	CONGOSTRAS
44-9998	REVOLTA
IMPARES	
1-41	CONGOSTRAS
43-9999	REVOLTA

TERCEIRO.- Nomear como **CAMIÑO DE VILARQUINTE (Código Vial INE: 7090)** a vía que vai dende unha via sen nome cuxo tramo inventariado na actualidade aparece co Código OBJECTID 2922 ata unha via sen nome e non inventariada. Unha parte desta vía consta coa seguinte Referencia Catastral: **15055A001090040000SR**, segundo consulta á sede electrónica do Catastro o 10/09/2024.

O tramo de vía ao que se lle quere dar nome está recollida no Inventario Municipal de vías co seguinte tramo: OBJECTID 2924.

DATOS COS QUE CONSTARÁ NO INE	
DISTRITO 2, SECCIÓN 3	
CÓD. VIAL	7090
TIPO DE VÍA	CMÑO
NOME DE VIA	VILARQUINTE (DE)



CONCELLO DE NARÓN

TRAMOS	
PARES	
2-9998	VILARQUINTE
IMPARES	
1-9999	VILARQUINTE

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

3 º.- PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO

2025.- Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Recibido oficio do xefe do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, e vista a necesidade de proceder á determinación dos días de festas locais para o ano 2025, e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 19 de setembro de 2024, o presidente desa Comisión propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Fixar como festas locais do Concello de Narón para o ano 2025 os seguintes días:

- 04 de marzo.....Martes de Carnaval.
- 24 de xuño San Xoán.

SEGUNDO. - Dar conta deste acordo ao Departamento Territorial da Coruña desa Consellería para os efectos oportunos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 º.- PROPOSTA SOBRE RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS PROCEDENTES DE EXERCICIOS ANTERIORES CON CARGO AO ORZAMENTO DO ANO 2024, DERIVADAS DOS GASTOS EFECTIVOS DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DO PERÍODO DE XANEIRO A DECEMBRO DE 2023, AO CONCELLO DE FERROL.

Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Nos anos 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023 efectuáronse pagamentos ao Concello de Ferrol en concepto dos gastos efectivos do servizo de depuración correspondente ao caudal procedente do termo municipal de Narón da EDAR de Cabo Priorio e da EBAR da Malata polos períodos correspondentes a abril 2017 a maio 2018, xuño 2018 a decembro 2019, xaneiro a decembro 2020, xaneiro a decembro 2021, e xaneiro a decembro 2022, respectivamente, entidade que ven prestando o servizo en virtude da encomenda de xestión realizada por Augas de Galicia no ano 2017.

Despois de ver os distintos acordos plenarios relativos ao expediente da súa razón.

Despois de ver que por acordo plenario do 24/07/2024 (GOB18I00SY) ordenouse a realización de cantos trámites oportunos resultasen a fin de acadar a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, correspondente aos gastos do exercicio de 2023 nesta materia, (sen prexuízo da necesidade de evacuar e incorporar os informes estimativos dos custos do servizo de que se trata correspondentes á anualidade de 2023, a emitir polo responsable dos Servizos Externos municipais e pola xerencia da mercantil mixta COSMA, S.A.), a fin de proceder a súa aprobación nunha vindeira sesión plenaria desta corporación.

Dado por coñecido o complexo expediente, os acordos adoptados por ambas entidades locais, e os informes técnicos, xurídicos e económicos obrantes naquel.

Considerando os informes estimados dos custes dese servizo e exercicio económico, emitidos polo responsable dos servizos Externos municipais e pola xerencia da mercantil mixta COSMA SA.

Despois de ver o informe da Intervención municipal do 23/08/2024 (FIS18I006G) no que se fiscaliza de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito derivado dos gastos efectivos do servizo de depuración do período de xaneiro a decembro de 2023 ao Concello de Ferrol por un importe total de 919.381,38 euros

Considerando, como así se fixo constar en pasados pronunciamentos plenarios, que a ausencia dun acordo interadministrativo no que se concreten as relacións xurídicas recíprocas -toda vez que se considera que é o instrumento adecuado no que deben definirse as obrigas e dereitos de cada unha das partes, incluídas as económicas-, está a xerar unha posición prevalente para o Concello de Ferrol e unha indefensión para o Concello de Narón (particularmente pola necesidade de definir, previamente, cales son as normas reguladoras específicas da xestión e recadación dos devanditos ingresos, o que non se está a producir neste momento temporal), sen que exista, polo tanto, ningún título xurídico que permita ao Concello de Ferrol a delimitación e cálculo das liquidacións que se están a practicar ao Concello de Narón.

Considerando en fin a efectiva existencia e prestación dun servizo e que tal dación implica un custe que os concellos deben asumir, e á vista dos informes anteriormente sinalados, procede, polo tanto, que o pleno municipal recoñeza extraxudicialmente o abono desas contías estimadas correspondentes aos meses de xaneiro a decembro de 2023.

Polo antes exposto, e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións do Partido Popular -3- e BNG -2-; e os votos favorables de Tega -5 e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 19 de setembro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito derivado dos gastos efectivos do servizo de depuración e vertido de augas residuais do período de xaneiro a decembro de 2023 ao Concello de Ferrol por un importe total de 919.381,38 euros, en base aos informes técnicos estimados obrantes no expediente.

SEGUNDO. Comunicarllo ao Concello de Ferrol aos efectos oportunos.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: bo día a todas e todos. Bueno, como xa explicamos simplemente baixo os criterios que vimos levando a cabo durante os últimos anos, pois é facer o pago polo servizos de depuración ao concello de Ferrol e polo ano 2023 e por eso o traemos hoxe aquí.

-Sr.Ulla Rocha: bo día a todos e todas. Buenos, o partido socialista unha vez máis vai apoiar, neste caso ao goberno de Terra Galega; entendemos que é a posición agora mesmo a máis razoable e a única que podemos adoptar, toda vez que isto está xudicializado, facer un recoñecemento da liquidación que nos fai Ferrol, automaticamente conlevaría un desa demanda que nos interpuxo Ferrol e o partido socialista vai apoiar sempre neste caso, ao goberno e a defender aos veciños e veciñas de Narón onde entendemos que a liquidación que se fai de momento é a nosa, é a correcta.

O que si que me gustaría que nos informara que tipo de negociación se está facendo con Ferrol. Que nos dé traslado á oposición toda vez que ...se está negociando unha.. unha espera, que relación se está facendo con Ferrol a conta deste procedemento xudicial que está aberto.

-Sr.Carballeira López: bueno, ás veces non é conveniente repetirse moito pero a situación persiste, a verdade isto é unha situación que non se debería de dar, o BNG sempre se opuxo a que si fichera o saneamento da ría desta maneira, tanto as obras cofinanciadas polos propios veciños e veciñas de Narón como que o servizos de depuración se xestionase por Ferrol, no, que debería ser de Augas de Galicia.

A nosa posición foi a mesma cando se pretendía crear esta obra, sabíamos que se ía crear este problema, sabíamos que se ía xerar unha débeda de moitos anos para os veciños e veciñas de Narón e está claro que agora onde lle imos a pagar a Ferrol o que el considera, Ferrol considerará que son outros cartos, son unhas situacións que nunca se deberían de dar. E está claro que pagar hai que pagar, polo tanto non nos podemos opoñer, pero bueno, que ás veces as cousas hai que facelas ben porque despois durante moitos anos se pagan as consecuencias e nesas estamos.....

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bos días a todas e a todos.

Bueno, neste punto, como é habitual, o noso grupo vaise abster. O que si queremos e desexamos é que bueno, que as negociacións que está habendo que vaian por bo camiño e que a todos nos gustaría que haiba acordos e que nos podamos entender co concello veciño que creo que é o mellor que pode pasar, no. A verdade que isto ven de moi atrás e creo que dende os gobernos e nós imos a facilitar que se poida seguir traballando e absternos para que o goberno poida seguir facendo as cousas como cree que o debe facer. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só o que decía Jorge. Si que se está en negociacións. Agora mesmo a última reunión tivo lugar a principios deste semana e cando teñamos unha, neste caso, oferta ou algo que podamos definir e por parte neste caso do concello de Ferrol, evidentemente convocaremos aos portavoces e vos darei traslado desa información.

Só por puntualizar unha cousa que decía Geno, é dicir, nós non sabíamos que íamos a chegar a este problema. E dicir, naquel momento queríamos ese saneamento na nosa ría, senón a día de hoxe non estaría, e aquí o que pasa é que non se estableceu convenio nin sequera onde se regulen as partes, é dicir, isto é algo moi típico, é dicir, cando hai algo así polo xeral hai un convenio que marca todos os parámetros, isto é algo que de verdade é moi alonxado do que pensabamos inicialmente cando si se facía ou se pedía ese esforzo para poder ter a depuración, que se non a día de hoxe aínda estaríamos con esa ría como estaba anteriormente.



CONCELLO DE NARÓN

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

5 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 18/2024; SUBEXPTE.Nº 01/2024 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente PRE/2024/33 e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 18/2024: subexpediente nº 01/2024 de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023, co fin de incrementar determinadas aplicacións orzamentarias dos capítulos 2 (gastos en bens correntes e servizos) e 6 (investimentos reais) do orzamento de gastos, para dar cobertura a determinados gastos que se consideran necesarios e inaprazables, por un importe total de 117.099,81 euros.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 12/09/2024, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Tendo en conta o que se establece na Base nº 9 das Bases de execución do orzamento, neste caso de suplemento de crédito non existe no estado de gastos do orzamento vixente, crédito orzamentario suficiente a nivel de vinculación xurídica, para facer fronte aos gastos que se propoñen e detallan na memoria do concelleiro delegado de facenda, sen que se imposibiliten as atencións previstas para este exercicio con cargo as mesmas.

Tendo en conta o que se dispón no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril na Base 9ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención do 12/09/2024 (PRE18I009V).

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos favorables de Tega -5- e as abstencións de PP -3-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 19 de setembro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 18/2024: subexpediente nº 01/2024 de suplemento de crédito, por un importe total de 117.099,81 euros no orzamento vixente, segundo o que se establece na memoria do concelleiro delegado de facenda que se une ao expediente.

O detalle é o seguinte:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO		
Aplic. Orzam. Proxecto	Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade	Importe (euros)
1510.22706	Redacción proxectos, dirección de obras, coordinación de seguridade e saúde e outros complementarios de diversas obras	90.000,00



CONCELLO DE NARÓN

4590.22799	Servizo de instalacións eléctricas temporais para eventos municipais	10.000,00
1510.64000	Traballos para a obtención da cartografía actualizada do Concello de Narón	17.099,81
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO		117.099,81

O financiamento do expediente realízase na súa totalidade con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023 por un importe total de 117.099,81 euros.

SEGUNDO. Visto que se modifica unha aplicación orzamentaria do capítulo 6 (investimentos reais), modificar o anexo de investimentos do exercicio vixente.

TERCEIRO. Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

CUARTO. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLRFL). Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: nós pola nosa banda imos manter a nosa posición como na comisión e nos imos abster. Non é que non estiveramos de acordo co que se está plantexando. É certo que estamos de acordo, o que pasa é que o que nos chama a atención é que xa se está contratando o que é a dirección técnica do POS do ano 2025. Aquí neste pleno, xa por parte do grupo socialista, incluso dalgún outro grupo, se plantexou a necesidade de que ese POS que tiña que ser consensuado coas forzas políticas. Non podemos estar de acordo en que xa se contrate unha redacción da dirección técnica para unhas obras do POS de 2025 sen que fóra consensuado polo menos, co grupo socialista. Por tal razón, este grupo vaise abster.

-Sr.Carballeira López: vale. Nós polo menos, por estes 90.000 euros para a redacción de proxectos, sobre todo cando preguntamos qué proxectos eran pois non houbo ningunha resposta, non se nos explicou ningún proxecto; entón votar a favor se nos fai complicado cando se nos pide carta branca, bueno, en redactar proxectos os que señan.

É curioso tamén que non haiba, se é que non a hai, que non haiba xa unha idea onde se quere ir ou ...vamos é curioso porque se non a hai é un problema, hai un problema de organización e se a hai e non se nos dixo pois tamén é unha cousa rara entón votar a favor, pedirnos carta branca é complicado.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, referente a este modificado de crédito, a verdade é que bueno, un pouco o que din os compañeiros no, de que nos gustaría que houbera un listado dos proxectos que se van a encargar con este diñeiro, no. Despois hai unha cousa coa que nosoutros non estamos de acordo que lle vimos insistindo xa hai tempo co tema das direccións de obras. A nós nos gustaría que as direccións de obra, excepto en casos moi excepcionais, foran feitos por

técnicos municipais que creo que hai plantilla suficiente para que puideran ser así no, e seguimos modificando e facendo suplementos de crédito para direccións de obra e despois eso que era importante que houbera unha relación de proxectos que se ían a dar. Esperamos e desexamos que algunha proposta que se aprobou neste Pleno, como pode ser o caso de urbanización O Couto, estea incluído nese listado por non dicir outros nomes, que se acreditaron aquí, no. Entón gustaríanos que foran máis clarificantes cando presentan estes modificados. Nós ímonos abster. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, como sabedes dentro dos orzamentos deste concello hai unha partida xenérica que non se detalla exactamente ou moitas delas, que proxectos se fan precisamente porque é unha partida onde o concello, que é un concello vivo, un concello antigo, un concello que non deixa de traballar en ningún momento pois se levan a cabo moitos proxectos ao cabo do ano.

Estamos nunha situación na que queremos seguir evolucionando, queremos seguir traballando e a partida de proxectos esgotouse e simplemente queremos seguir traballando precisamente para preparar a consecuencia do POS que vai a vir por diante ou moitas das actuacións que queremos levar a cabo. Non entedemos cal é o problema sendo un concello vivo, de que sigamos traballando a non ser que se pretenda que o concello se paralice e non se siga traballando. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: nós non estamos de acordo con esa reflexión que acaba de manifestar o voceiro de Terra Galega. Ao revés, se nós quixeramos paralizar o concello o que faríamos sería votar en contra. Eu creo que apuntou ben, neste caso o voceiro do BNG na súa intervención, cando apuntou a que o que fai o goberno de Terra Galega é unha falta de transparencia.

Nós non temos ningún problema en que Narón avance, incluso en que o goberno avance, pero do que ten que ser consciente o goberno é que non está en maioría, en que non pode avanzar só, entón o que ten que facer é contar coas forzas da oposición e negociar e dialogar. Por eso o que se está pedindo é que xa que deben de ter en mente algún tipo de proxecto cara o POS do ano 2025 porque se non como acertadamente dixo, se esgotou esa relación de proxectos nesa partida orzamentaria, o mínimo que poden facer é comentalo coas distintas forzas da oposición e dar transparencia. Porque un goberno transparente é un goberno bo e un goberno que avanza.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, a verdade é que sabemos que hai unha partida xenérica. Se non dubidamos deso, pero creo que habrá unha programación onde se recollerán unha serie de proxectos e pode ser que polo medio xurda algún novo. Pero o que non pode ser é un caixón desastre esa partida. E creo que neste caso, se a partida quedou escasa e realmente tedes en mente que proxectos son os que ides facer con este novo suplemento de crédito, que menos que á oposición pois darnos un listado deses que ides a facer. Isto sería o mínimo, que bueno, espero que para a próxima vez que poida ser. E despois hai outro tema moi claro, nós aquí non estamos para torpedear, estamos todo o contrario, facemos propostas positivas para que se faigan cousas e para que se melloren os servizos. Esa é a realidade dende que estamos nesta e noutras lexislaturas. Sempre foi igual, outra cousa é que ao goberno interese máis ou menos facelo, como decimos, dende a oposición. Pero acertamos casi de pleno sempre, casi de pleno sempre. Esa é a realidade. E se non, según vai avanzando o pleno e isto se irá vendo como dende aquí, dende estas bancadas estamos acertando plenamente coas propostas que facemos, porque son necesarias, porque as

necesitas e hai que facer melloras. E posiblemente vostedes non as vexan. E temos dende a outra parte ter que decilo. Esa é a realidade. Nada máis, moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: claro que vemos a realidade, claro que vemos as necesidades. Creanme que segurísimo moitísimo máis que vostedes. Pero sabe que pasa? Que hai que priorizar, e hai que.... Cos recursos que se teñen establecer que vai primeiro e que vai despois. Que pasa na oposición, que se pide todo, é dicir, e queremos absolutamente todo pola vosa parte e esa é a diferenza. É dicir, cando gobernas tes que, neste caso, decidir que vai antes e que despois, que é máis importante e que menos.

Na oposición o que se pide é todo e o que se lle di aos veciños é “ non o fan porque non queren”.

Evidentemente, moitísimas cousas hai que mellorar en Narón e hai que facer, pero o que hai que ter é con que poder materializalas. Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 abstencións

6 º.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE MÓDULO DOTACIONAL DOCENTE NO LG. O CRUCEIRO Nº1º O VAL, POLA ASOCIACIÓN NOSA SEÑORA DE CHAMORRO.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O pasado 10 de xaneiro de 2024, a Asociación Nosa Señora de Chamorro presentou unha solicitude de licenza de obras de construción de módulo dotacional docente no Lg. O Cruceiro nº 1 O Val, sendo outorgada por resolución do concelleiro de urbanismo de data 14/05/2024.

Posteriormente en data 13 de agosto de 2024, solicitou unha bonificación do 95% sobre a cota do ICIO nos termos do artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal municipal número 6, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Visto o informe proposta do xefe de servizo de Intervención e Facenda que obra no expediente do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

- Solicitude de licenza de obras de construción de módulo dotacional docente no Lg. O Cruceiro nº 1 O Val pola Asociación Nosa Señora de Chamorro con CIF G15028889 en data 10/01/2024, sendo outorgada por resolución do concelleiro de urbanismo de data 14/05/2024.
- Solicitude da bonificación do 95% sobre a cota do ICIO nos termos do artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal municipal número 6, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, de data 13 de agosto de 2024.
- Xustificante do pagamento do ICIO por importe de 5.743,26 € de data 19 de xuño de 2024.
- Informe de Tesourería sobre a situación tributaria da Asociación Nosa Señora de Chamorro co Concello de Narón do 13 de setembro 2024.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Ordenanza Fiscal nº 1 Xeral de xestión, recadación e inspección.

- Ordenanza Fiscal nº 6 reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

CONSIDERACIÓNS

O Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (en adiante, ICIO) trátase, ó abeiro do establecido no artigo 59.2 do TRLRFL, dun tributo de carácter potestativo (“...os concellos **poderán** establecer e esixir o ICIO, ...de acordo con esta Lei, as disposicións que a desenvolvan e as respectivas ordenanzas fiscais”).

Tratándose dun tributo de carácter potestativo, o contido da Ordenanza reguladora de ICIO debe conter, con carácter obrigatorio, o seguinte contido (artigo 16.1 TRLRFL):

- a) *“A determinación do feito impositivo, suxeito pasivo, responsables, **exencións, reducións e bonificacións**, base impositiva e liquidable, tipo de gravame ou cota tributaria, período impositivo e devengo.*
- b) *Os réximes de declaración e ingreso.*
- c) *As datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.”*

O artigo 9 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, traslada o principio de reserva de lei en materia tributaria e na concreta materia dos beneficios fiscais ó ámbito local: “Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Nembargantes, *tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola Lei.”*

Este artigo supón unha concesión á autonomía local, dado que permite establecer determinados beneficios fiscais, pero sempre dentro das marxes establecidas nas leis estatais (neste caso, TRLRFL).

En concreto, dita posibilidade establécese, para o caso concreto co ICIO, no artigo 103.2, cando preceptúa:

“As Ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto:

- a) Unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros

(...)”.

Polo tanto, é precisamente a Ordenanza Fiscal o instrumento axeitado para a regulación dos beneficios fiscais, no marco das posibilidades que a lei estatal establece; as Ordenanzas Fiscais son, precisamente, o instrumento de regulación dos tributos locais, nos que se fai efectiva a potestade regulamentaria das entidades locais. Neste sentido pronúnciase o artigo 106 da Lei 7/1985:

“As Entidades Locais terán autonomía para establecer e esixir tributos de acordo co previsto na lexislación do Estado reguladora das Facendas locais e nas Leis que diten as Comunidades Autónomas nos supostos expresamente previstos en aquelas.

A potestade regulamentaria das Entidades locais en materia tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de Ordenanzas xerais

de xestión, recadación e inspección. As Corporacións locais poderán emanar disposicións interpretativas e aclaratorias das mesmas”.

Así se materializou na ordenanza fiscal nº 6 reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras que prevé as seguintes bonificacións na cota do imposto:

“ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS.

1. Establécese una bonificación do 95 por 100 a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá ao Pleno da Corporación e acordarase coa solicitude previa do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

Da lectura e interpretación da regulación contida no TRLRFL, resulta que parece entenderse que a bonificación regulada no apartado a) do artigo 103.2 esixe que sexa efectivamente o Pleno o que se pronuncie *a priori* na propia ordenanza fiscal sobre que obras, construcións e instalacións se consideran de especial interese ou utilidade municipal.

Non obstante o anterior, da regulación da vixente ordenanza fiscal obsérvase que esta non concreta os supostos de aplicación desta bonificación limitándose a reproducir basicamente o contido da propia lei de facendas locais, nin tampouco pormenoriza as circunstancias necesarias para que se concedan os beneficios fiscais para cada caso, orixinando así unha palmaria inseguridade xurídica á hora de aplicar a presente bonificación. Só se limita a concretar a porcentaxe da bonificación que a establece no máximo que permite o TRLRFL.

A expresión “especial interese ou utilidade municipal” é, evidentemente un concepto xurídico indeterminado, polo que, ao meu xuízo, debería acotarse tal concepto, na propia ordenanza, sobre todo no relativo á interpretación das “circunstancias sociais”, para evitar deixar á pura arbitrariedade da Corporación cando se dan as mesmas, tendo en conta que, por principio, a totalidade da actividade municipal está revestida (ou debe estar) de interese social: as entidades locais xestionan intereses colectivos nas materias da súa competencia.

O beneficio fiscal obxecto deste informe é de carácter rogado, é dicir, acordarase coa solicitude previa do suxeito pasivo. Consta no expediente á solicitude da bonificación feita pola Asociación Nosa Señora de Chamorro en data 13 de agosto de 2024, como se recolle nos antecedentes deste informe.

Por outra banda, o artigo 51.6 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección establece que *para a aplicación das exencións, bonificacións e beneficios fiscais, o suxeito pasivo ou beneficiario dos mesmos, deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa Facenda Municipal*. Segundo informe da tesoureira deste concello de data 13 de setembro dos correntes queda acreditado que a dita entidade non ten débedas pendentes de pago con esta administración.

Como queda exposto no expediente, será o Pleno o que declare o proxecto de “*obras de construción de módulo dotacional docente no Lg. O Cruceiro nº 1 O Val*” como de especial interese ou utilidade municipal, pero á vista dos obxectivos que ten a entidade con esta actuación que non son outros que atender a persoas con discapacidade intelectual e as súas familias e cos programas que se realizarán no centro educativo que se está a construír co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual que queren vivir de forma independente, parece que concorren as circunstancias sociais que esixe a normativa para tal declaración e polo tanto para establecer a bonificación.

CONCELLO DE NARÓN

Por outra banda, figura no expediente o xustificante do pagamento do ICIO por importe de 5.743,26 € de data 19 de xuño de 2024, que foi contabilizado no subconcepto 290.00 (Nº operación 120240004027). Polo tanto, o dereito a obter a devolución do ingresos non está prescrito, de acordo co artigo 66 da LXT e a día de hoxe esta administración non efectuou devolución algunha sobre o asunto.

Por todo exposto, polo funcionario que subscribe, se propón o seguinte:

PRIMEIRO.- Que polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, se valore a posibilidade de declarar as obras de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais que acrediten tal declaración.

SEGUNDO.- No caso de que Pleno declare as obras de especial interese ou utilidade municipal, proceder á bonificación do 95 por 100 do imposto de construcións, instalacións e obras, tal como se recolle no artigo 6.1 da ordenanza fiscal nº 6.

TERCEIRO.- No caso de que se aprobe a bonificación na cota do ICIO e visto que a Asociación Nosa Señora de Chamorro, con CIF G15028889, ingresou en data 19 de xuño de 2024 o importe de 5.743,26 € correspondente ao importe íntegro do ICIO, proceder a devolución do 95 por cen do devandito importe e que ascende a cantidade de 5.456,10 €, con cargo ao subconcepto de ingresos 290.00.

CUARTO.- Notificar o acordo ao interesado con ofrecemento dos recursos pertinentes.”

Considerando que se dan as circunstancias sociais previstas no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal número 6 reguladora do ICIO por tratarse de obras de especial interese e utilidade para este Concello, xa que se trata de obras de construción dun centro educativo no que se realizan actividades que contribúen ao desenvolvemento do proxecto de vida de persoas con discapacidade intelectual e as súas familias.

Visto que pola Asociación procedeuse ao ingreso da cota do ICIO por importe de 5.743,26 € en data 19 de xuño de 2024.

Por todo o exposto, e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 19 de setembro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a aprobación do seguinte acordo, que require de aprobación por maioría simple dos seus membros:

PRIMEIRO: Declarar de especial interese e utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, as obras de “*construción de módulo dotacional docente no Lg. O Cruceiro nº 1 O Val da Asociación Nosa Señora de Chamorro*”, para os efectos de que lle sexa aplicada a bonificación do 95% da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras prevista no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal número 6.

SEGUNDO: Proceder a devolución do 95 por cen da cota do ICIO xa ingresado pola Asociación Nosa Señora de Chamorro, con CIF G15028889 e que ascende ao importe de 5.456,10 €.

TERCEIRO: Notificar o acordo ao interesado con ofrecemento dos recursos pertinentes.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, COMO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS

ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) DO ANO 2023. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:” A Técnica de Promoción económica e programas de cooperación con data 12/09/2024 emitiu o informe con proposta para que a Alcaldía someta a ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas o documento ECO18I008S, que textualmente di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Resolución
EXPEDIENTE	ECO/2023/5: Convenio coa Fundación para o Fomento da Construcción Naval e das Actividades Marítimas (EXPONAV)
DESTINATARIO	Alcaldía/Servizos Económicos
ASUNTO	Aprobación da xustificación do convenio e recoñecemento da obriga.

De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto formúlase o seguinte

INFORME-PROPOSTA:

1.-Antecedentes:

O 28/11/2023, a Técnico de Promoción económica e programas de cooperación emite un Informe Proposta de Resolución sobre a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Fundación para o fomento do coñecemento da construción naval e das actividades marítimas, Exponav para o ano 2023 por importe de 10.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4330-48000 (código aupac ECO17I0AD).

Con data 21/12/2023 a Intervención Xeral emite un informe de reparo á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Fundación para o fomento do coñecemento da construción naval e das actividades marítimas, Exponav para o ano 2023 “ por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación . Ao abeiro do dito artigo, o devandito Reparo terá efectos suspensivos ata que sexa solventado” (código aupac ICO17I0IR).

Posteriormente, con data do 30/12/2023, a Técnico de Promoción económica e programas de cooperación emitiu o seu informe xustificativo para o levantamento de dito reparo, e propón á alcaldía a aprobación do mesmo, así como aprobar o convenio de colaboración para o ano 2023 por importe de 10.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria (4330.48000).

Con data do 30/12/2023, mediante resolución de Alcaldía (código aupac ECO17I0CZ) aprobouse a proposta da Técnico de Promoción Económica (código aupac ECO17I0CX).

En data 30/12/2023, asínase o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Fundación para o fomento do coñecemento da construción naval e das actividades marítimas, Exponav para o ano 2023 (código aupac ECO17I08V).

En data 19/03/2024, mediante Resolución do Concelleiro delegado de Facenda (código aupac PRE18I032), apróbase o expediente de modificación de créditos nº 04/2024: subexpediente nº02/2024 de incorporación de remanentes no orzamento municipal do exercicio 2024, mediante a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes ao exercicio 2023 no cal figura, entre outros o Convenio, Subvención nominativa 2023 Fundación para el fomento del conocimiento de la construcción naval y de las actividades marítimas (EXPONAV) por importe de 10.000,00 euros.

En data 23/04/2024, a Técnico de Promoción económica e programas de cooperación, emite un Informe Proposta de Resolución de Aprobación da xustificación do convenio e recoñecemento da obriga no ano 2023 (código aupac ECO18I04Z).

En data 23/04/2024, a Intervención Xeral fai anotación ao informe proposta no expediente “a proposta de recoñecemento da obriga responde a un gasto que foi fiscalizado con desconformidade (reparo con efectos suspensivos) polo que debe tramitarse por recoñecemento extraxudicial de créditos (base 15 dos orzamentos).

A base 15ª das Bases de execución do orzamento en vigor, no apartado c) dispón: “O artigo 26 do Real Decreto 500/19990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o art. 60.2 do Real Decreto 500/1990, e dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito. Enténdese polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal dos créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deban ser satisfeitas a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gasto, debidamente adquiridos polos seguintes motivos:

- Por realizarse os ditos gastos sen consignación orzamentaria en exercicios anteriores.*
- Cando, existindo consignación orzamentaria en exercicios anteriores, o gasto non se comprometeu na forma debida*

“A tramitación deste expediente deberá cumprir co establecido, para os efectos de recoñecementos extraxudiciais de crédito, na Base 15ª das Bases de Execución do orzamento en vigor.

O órgano competente para a aprobación da xustificación deste convenio do ano 2023 é o Pleno, por ter que tramitarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito.

O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ao Pleno esixe os seguintes trámites:



CONCELLO DE NARÓN

- a) *Recoñecemento da obriga, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.*
- b) *Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.*

Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4330 48000 do orzamento en vigor, para a tramitación como recoñecemento extraxudicial, a xustificación do convenio á FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DO COÑECEMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS, EXPONAV, dentro da convocatoria de convenios a asociacións e outras entidades para o ano 2023, por importe de 10.000,00 euros.

Non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria 4330 48000 durante todo o ano en curso.

Realízase esta memoria xustificativa para subsanar a anotación do 23/04/2024 da Intervención Xeral e en base ao establecido na base 15 dos orzamentos.

2.- Normativa de aplicación

- *Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local*
- *R.D.L 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *R.D.L. 2/2004. De 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Decreto 11/209, de 8 de xaneiro que aproba o regulamento da lei 9/2007.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector Público.*



CONCELLO DE NARÓN

- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

- Bases de Execución do vixente orzamento.

3.- Xustificación da necesidade do recoñecemento da obriga de pago.

A necesidade do recoñecemento da obriga de pago á Fundación para o fomento do coñecemento da construción naval e das actividades marítimas, Exponav, por importe de 10.000,00 euros ven dada pola finalidade de que dita entidade poida continuar coa súa labor de desenvolvemento do programa de actividades museísticas e de fomento da industria da construción naval, repercutindo positivamente no desenvolvemento do sector turístico e de interese para a comarca de Ferrolterra.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Comisión informativa de contratación, persoal e especial de contas a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Aprobar como recoñecemento extraxudicial á xustificación e recoñecemento da obriga de pago do citado convenio coa entidade Fundación para o fomento do coñecemento da construción naval e das actividades marítimas, Exponav co CIF: G15944564, do ano 2023 por importe de 10.000,00 euros como contribución municipal con cargo á aplicación orzamentaria 4330 48000 (AD=220230029103).

SEGUNDO: Notificar este acordo á entidade Fundación para o fomento do coñecemento da construción naval e das actividades marítimas, Exponav co CIF: G-15944564 para a súa debida constancia e para os efectos oportunos.

TERCEIRO: Dar traslado deste acordo a Intervención Xeral do Concello de Narón para os efectos oportunos.

“Logo de ver o informe da Intervención Xeral (ICO18I00BI), informando desfavorablemente (reparo sen efectos suspensivos) en data 12/09/2024, o informe proposta da Técnica de Promoción económica e programas de cooperación do 12/09/2024 (ECO18I008S), deixando constancia do que se establece no Anexo: Observacións; e visto o ditame favorable por maioría (cos 5 votos a favor dos membros de Tega; e as abstencións dos representantes de PP -3-, BNG 2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión informativa de Contratación, persoal e especial de contas do 19 de setembro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos acordos contidos na proposta de resolución anteriormente transcritos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 A Favor



CONCELLO DE NARÓN

8 º.- PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE REPARO E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA DENOMINADA "REPOSICIÓN DO PAVIMENTO NO PAVILLÓN DA MOCIDADE”

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Xefa da Sección do servizo de Deportes, con data 09 de setembro de 2024, emitiu o informe que literalmente transcrito di:

"ASUNTO: Levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extraxudicial da aprobación da certificación nº 1 da obra denominada **"Reposición do pavimento no Pavillón da Mocidade"** Exp- DEP/2023/86 por importe de 10.815,25 €, da entidade MULTISERVICIOS AMVEC, S.L.

ANTECEDENTES

O día 24 de xullo de 2024, a xefa da Sección de Deportes, emitiu o informe proposta (DEP18I01GI) para a aprobación da certificación de obra nº1, para os traballos de "Reposición do Pavimento no Pavillón da Mocidade", que transcrito di:

““En relación coa factura con número de rexistro de contabilidade 2023/7654 presentada o día 29 de decembro de 2023, e certificación de obra nº 1 presentada pola empresa MULTISERVICIOS AMVEC, adxudicataria dos traballos de **"Reposición do Pavimento no Pavillón da Mocidade"** emítese o seguinte:

INFORME-PROPOSTA

Pola arquitecto Técnico D.José Manuel Saavedra Pantín, director da obra de **"Reposición do Pavimento no Pavillón da Mocidade"** adxudicada á empresa MULTISERVICIOS AMVEC, S.L con CIF-B09737586, expídese certificación nº 1 que ascende á cantidade de 10.815,25 euros.

Segundo o informe emitido pola arquitecta técnica municipal, Dna. Laura Pita Martínez, con data 29 de decembro de 2023, esta certificación corresponde con cantidades e prezos do orzamento da memoria. A certificación foi conformada polo contratista e polo director de obra.

Por outra banda, consta no expediente memoria xustificativa emitida o día 23 de xullo de 2024 pola xefa da sección de Deportes co Vº e Pr. do concelleiro de Deportes, para proceder ao recoñecemento extraxudicial da obriga contraída coa empresa, ao abeiro da Base de execución nº 15 dos Orzamentos en vigor.

A factura de dita obra, foi xa conformada en data 29 de decembro tanto pola xefa substituída da sección de Deportes, coma polo concelleiro-delegado de Deportes.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que suscrib eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previa fiscalización e ditame da Xunta de Portavoces, a seguinte:

Proposta de Acordo

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación nº 1 das obras de “**Reposición do Pavimento no Pavillón da Mocidade** ” pola cantidade de 10.815,25 euros, presentada pola empresa adxudicataria, MULTISERVICIOS AMVEC, S.L con CIF. B09737586.

SEGUNDO- Notificar este acordo á emoesa adxudicataria e á Dirección de obra.””

A Intervención Xeral, con data 14 de agosto de 2024, emite un informe de reparo que terá efectos suspensivos, (SEN18I002C) polo motivo de **omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación.**

No citado informe de reparo, a Intervención considera, “que se utiliza abusivamente da figura do contrato menor que debe responder a actuacións imprevisibles, posto que toda a necesidade periódica ou planificable debe ser obxecto do correspondente procedemento de licitación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer á pública concorrência e obter prezos mais avantaxosos economicamente”

A este respecto, a que suscribe, aínda que non levou a cabo a tramitación do contrato menor que nos ocupa, por non atoparse nese momento en activo, entende que dita obra se tramitou con carácter de urxencia, xa que era necesario levala a cabo no ano 2023.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “teoría do enriquecemento inxusto”, en virtude da cal “no se pode alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello, en virtude do principio de enriquecemento inxusto da administración e aos efectos de non causar prexuízo aos distintos provedores e prestadores de servizos, debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido.

Por outra banda, polo tipo de tramitación que seguen as certificacións de obra, non se puido completar a tramitación deste expediente no ano da realización da obra (2023) ao ser presentadas, tanto a factura como a dita certificación, o mesmo día 29 de decembro, último día hábil do ano 2023.

Fai constar tamén á Intervención no citado informe (SEN18I002C), que con respecto ao informe emitido pola xefa da Sección de Deportes o día 24/07/2024, que no punto primeiro da parte dispositiva debe engadirse expresamente que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación de obra correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 3420.63200.

En base ao anterior, a funcionaria que subscribe, propón á Alcaldía para que, se procede, someta ao ditame da Comisión Informativa de Contratación persoal e especial de contas, para posteriormente elevar ao Concello Pleno, o seguinte:

1.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da certificación nº 1 da obra “**Reposición do Pavimento do Pavillón da Mocidade** “ da empresa Multiserviciós Amvec, S.L, por importe de 10.815,25 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3420.63200.

2.- Levantar o reparo con efectos suspensivos á aprobación da Certificación de obra número 1 de “**Reposición do Pavimento da Mocidade**” por importe de 10.815,25 €.

3.- Aprobar polo Pleno do Concello de Narón, previo Dictame da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a certificación de obra nº 1 de “**Reposición do Pavimento da Mocidade**”, por importe de 10.815,25 €, con cargo á AD-220230021597 (partida

orxamentaria 3420.63200) do expediente de incorporación de remanentes PRE/12/2024 e documento PRE/18I032. “

Logo de ver o dito informe, e visto o ditame favorable por maioría da Comisión informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 19 de setembro de 2024 (Cos votos a favor de TEGA: 5 / e as abstencións de PP -3-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) o seu presidente propón ao Pleno

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, como tamén xa explicamos na comisión, dada a situación de presentación da factura por parte da empresa que executou a obra e dado que non chegou a fase oportuna pois houbo que meter este recoñecemento desta obra que se fixo no pavillón da mocidade para o seu pago. Nada máis.

-Sr.Carballeira López: nós a pesar das dúbidas que tivemos respecto a apoiar ou no este levantamento de reparo, finalmente imos a apoialo porque entendemos que é unha necesidade esa obra no pavillón, é máis esa obra viña sendo demandada hai tempo e si recalcar que no informe de Intervención é certo que se fai referencia a que esa factura entrou tarde, en concreto de decembro, que non puido ser aboada nese exercicio, pero Intervención tamén fai unha crítica máis e que esta obra que puido ser perfectamente programada, licitada, se utiliza a figura do contrato menor, unha figura que se utiliza bastante a cotío neste concello.

Eu o que lles pediría é que limitaran o uso desa ferramenta máxime en obras coma esta que eran necesarias e que había un tempo para prevelas e licitala. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: tamén hai un informe dentro deso que neste caso, a técnica de Deportes tamén di da necesidade da ausencia de facelo, é dicir, un contrato menor é algo que é legal facelo, é dicir, que non quede ese pouso de dicir que estamos cometendo algunha ilegalidade. E neste caso o que estamos facendo é pagar esa factura que entrou tarde e que evidentemente o traballo está feito e executado e hai que pagalo. Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

9 º.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN EXPRESA E DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN E PRESCRIPCIÓN RELATIVAS Á MODIFICACIÓN NO SUBSTANCIAL DA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE, OUTORGADA POR ORDEN MINISTERIAL DE 5 DE ABRIL DE 2017..

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: En relación ao expediente CON/2024/71, relativo á modificación non substancial da concesión outorgada pola Demarcación de Costas do Estado en Galicia, para a ocupación do dominio público marítimo terrestre no Paseo Marítimo de Xuvia, o xefe do Servizo de Contratación, en data 10 de setembro de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“Visto o acordo plenario de data 26 de febreiro de 2015 en cuxa virtude o Concello de Narón solicitou á Demarcación de Costas do Estado en Galicia o outorgamento dunha concesión



CONCELLO DE NARÓN

para a ocupación do dominio público marítimo terrestre, nunha superficie de 77.743 metros cadrados de costa ubicados no Paseo Marítimo de Xuvia, de acordo coa memoria aprobada polo propio Concello, por un período de trinta anos, para levar a cabo diversas actividades socioculturais, como parque público e instalación dun establecemento de hostalería.

Vista a Orde Ministerial de 5 de abril de 2017 de outorgamento desa concesión de ocupación de 77.743 metros cadrados de dominio público marítimo terrestre con destino a establecemento expendedor de comidas e bebidas, e legalización de parque público e pantalán.

Vista a solicitude de modificación da concesión sinalada presentada polo Concello en data 9 de febreiro de 2024 —reformulada posteriormente o 29 de febreiro de 2024—, a fin de habilitar un almacén de piraguas no Paseo marítimo de Xuvia, consistente na instalación de catro contenedores de tipo marítimo coas características e usos previstos descritos naquela solicitude.

Vista a comunicación remitida pola Demarcación de Costas de Galicia en data 13 de agosto de 2024, e a Resolución ditada pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar, de data 18 de xullo deste ano, resulta preciso proceder á aceptación por este Concello de Narón das condicións e prescricións conforme ás cales resulta posible a devandita ocupación.

Visto, así mesmo, o informe dos Servizos Técnicos Municipais, en relación á valoración efectuada do canon a satisfacer.

A tal fin, propónse á alcaldía-presidencia que someta a ditame da Comisión Informativa de contratación, persoal e especial de contas a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Aceptar de xeito expreso a Resolución ditada pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar de 18 de xullo de 2024, así como o propio cumprimento das condicións, nela sinaladas, en relación coa ocupación pretendida.

SEGUNDO: Comunicar que no ámbito da concesión non se están a levar a cabo actividades económicas.

TERCEIRO: Comprometerse a abonar o canon correspondente sinalado na condición terceira das particulares recollidas na Resolución citada no punto primeiro destes acordos.

CUARTO: Así comunicarllo á Demarcación de Costas do Estado en Galicia.

QUINTO: Facultar á alcaldía-presidencia para a realización de cantos trámites precisos resulten en execución deste acordo.”



CONCELLO DE NARÓN

Polo anteriormente exposto e logo da toma de razón da Intervención Xeral deste Concello de data 11 de setembro de 2024 (documento IGA18I01AO), e visto o ditame favorable por asentimento da Comisión informativa de Contratación, persoal e especial de contas do 19 de setembro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aceptar de xeito expreso a Resolución ditada pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar de 18 de xullo de 2024, así como o propio cumprimento das condicións, nela sinaladas, en relación coa ocupación pretendida.

SEGUNDO: Comunicar que no ámbito da concesión non se están a levar a cabo actividades económicas.

TERCEIRO: Comprometerse a abonar o canon correspondente sinalado na condición terceira das particulares recollidas na Resolución citada no punto primeiro destes acordos.

CUARTO: Así comunicarllo á Demarcación de Costas do Estado en Galicia.

QUINTO: Facultar á alcaldía-presidencia para a realización de cantos trámites precisos resulten en execución deste acordo.

DEBATE

-Sr. Romero Franco: ben, pois neste caso como tamén explicamos na comisión, tratase da modificación para ter a modificación da concesión outorgada pola Demarcación de Costas trala solicitude feita para poñer os contenedores a solicitude do Club de Piragüismo e simplemente facer esa aceptación para poder levar a cabo esa obra ou poder optar a algunha subvención que podamos ter.

-Sr. Carballeira López: bueno, pois despois de aclarar as dúbidas que podíamos ter na comisión pois só nos queda parabenizar ao club de piragüismo porque é outro caso máis, sabemos que é unha petición de hai tempo que levaban antes pedíndoa e aí traballando para que esto se cumplise, sei que pelexamos por ter esta reunión co conselleiro da Xunta e parabenizamos, esperamos que a execución sexa canto antes e que cumpla as expectativas

-Sra. alcaldesa: dixeches, reunión co conselleiro?

-Sra. Ledo Díaz: co conselleiro, bueno, co director de Deportes , vale..... moi ben.

-Sra. alcaldesa: cambia o conto, si. Vale.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

10 %- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE RRHH PARA A UTILIZACIÓN MÁIS RACIONAL E EFICIENTE DOS MEDIOS PERSOAIS E COBERTURA DE NECESIDADES TEMPORAIS.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe-proposta do servizo de Organización e RRHH (PER18I04OP) de 13.09.2024, sobre o “Convenio tipo interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos para a

utilización máis racional e eficiente dos medios persoais e cobertura de necesidades temporais”.

Visto o informe do departamento de intervención (INT18I0126) de data 13.09.2024, informado favorablemente o Convenio interadministrativo de colaboración entre o Concello de Narón e o Concello de Culleredo en material de persoal

Se transcribe informe proposta que textulamente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización. Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase o seguinte

CONVENIO TIPO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS PARA A UTILIZACIÓN MÁIS RACIONAL E EFICIENTE DOS MEDIOS PERSOAIS E COBERTURA DE NECESIDADES TEMPORAIS

ANTECEDENTES

- Con data 02.09.2024 (EDI18I04FF) a xefatura de servizo de Obras e urbanismo emite informe relativo a necesidade de asinar convenio co Concello de Culleredo para a prestación de persoal , concretamente, Arquitecto superior con experiencia neste Concello
- Con data 10.09.2024 (PER18I04LW), remítese solicitude do sinatura de convenio ao Concello de Culleredo instando a sinatura dun Convenio interadministrativo para dar cobertura temporal á necesidade de apoio técnico aos servizos de urbanismo , a través da colaboración do funcionario D.ANTONIO CORROCHANO CORROCHANO , quen ocupou durante anos o posto de Arquitecto superior neste Consistorio.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei de Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP)
- Lei 2/2015 do 29 de abril, da Función pública de Galicia (LEPG)
- Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime Local (LBRX)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas
- RD 861/1986, do 25 de abril, que establece o Réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade.
- Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado (LPXE22)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público (LRXSP)

INFORME

1.- En relación ao réxime xurídico aplicable para a tramitación e aprobación do presente convenio tipo que se acompaña, faise expresa remisión ao informe emitido pola Secretaria Xeral municipal do Concello de Narón e obrante no expediente da súa razón.

2.-A presente proposta ten como causa o cada vez mais recorrente acceso a procedementos de colaboración entre o concello de Narón e outras entidades locais para prestación de servizos a través de empregados municipais compartidos sempre en aras aos principios que deben inspirar a actuación

da Administración pública, (art 3 Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público) : entre outros, racionalización e axilidade dos procedementos administrativos; Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais, Eficiencia na asignación e utilización de los recursos públicos, Cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas, principios que obrigan a tratar de evitar actuacións innecesarias e reiteracións de actos administrativos idénticos.

2. Sobre a posibilidade de prestación de servizos por parte dun funcionario municipal noutra administración distinta daquela na que é titular de praza de funcionario: Dispón o artigo 209 da LEPG denominado “Realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais” o seguinte: “1. De acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local. Para iso, as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará:

- a) O ámbito de aplicación.
- b) Os servizos afectados pola realización de funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local.
- c) O persoal asignado aos devanditos servizos.
- d) As funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.
- e) No expediente deberá constar a conformidade do persoal afectado, que manterá en todo caso a súa relación funcional coa entidade local a que pertenza.”

O presente convenio tipo axústase ao establecido na norma habilitante, sempre que exista conformidade por parte do/a funcionario/a que preste o servizo e non se produza detrimento grave do servizo.

3. En relación ao establecido na Lei 53/1984, de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas, cabe sinalar que non parece oportuno conferir á petición efectuada, a consideración de prestación de segundo posto no sector público, dado que o funcionario afectado, asiste comisionado pola súa propia entidade local ao acordar esta, o Convenio de colaboración coa aquela a quen se cede.

4. A retribución mediante traballos extraordinarios, implica, por unha parte, que o funcionario deberá prestar no seu concello de orixe a totalidade das horas de prestación de servizo debidas (entendendo este cumprimento dentro das posibilidades de compensación determinadas nos acordos reguladores e resolucións en materia de Recursos Humanos). Durante o período de vixencia do convenio deberá acreditarse a forma de compensación horaria, sen prexuízo da ampliación dos prazos de compensación que se poidan estimar oportunos, mediante resolución do Concelleiro delegado, dado o carácter excepcional da prestación.

5. A retribución extraordinaria deberá ser certificada e ingresada polo Concello receptor da prestación, que deberá igualmente certificar o total de horas realizadas nese Concello dado que,

6. Unha vez certificadas as horas e ingresadas por parte do Concello receptor, incluírase o importe na nómina do funcionario, unha vez xerado o crédito no orzamento municipal.

7. Respecto do importe das horas por traballos extraordinarios, deberá axustarse nas cláusulas específicas do presente convenio tipo.

8. Os prazos de execución do convenio de colaboración establécense no convenio específico que se aprobe en execución do presente Convenio tipo

9. Os convenios específicos que se aproben en desenvolvemento do presente convenio tipo, estarán condicionado no seu caso, á modificación dos límites máximos por traballos extraordinarios aprobados polo Concello Pleno no acordo de Aprobación do orzamento municipal para cada exercicio, así como nas Leis de Orzamentos xerais do Estado anuais.

Por todo o exposto, propónse a esa Alcaldía-presidencia, eleve a Comisión Informativa e ao Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o convenio tipo que se acompaña denominado :“Convenio tipo interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos para a utilización máis racional e eficiente dos medios persoais e cobertura de necesidades temporais”

Segundo.- Aprobado o convenio nominativo co Concello de Culleredo nos termos do anexo I do presente acordo

Terceiro.- Delegar na Alcaldía-Presidencia a execución de cantos actos deriven do presente acordo.

Cuarto.- Delegar na Alcaldía-Presidencia a aprobación e sinatura dos convenios nominativos que se propoñan ao abeiro do presente Convenio

CONVENIO TIPO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS PARA A UTILIZACIÓN MÁIS RACIONAL E EFICIENTE DOS MEDIOS PERSOAIS E COBERTURA DE NECESIDADES TEMPORAIS

REUNIDOS Dunha parte, en calidade de Alcalde-Presidente e representante legal do Concello, e doutra Dona Marián Ferreiro Díaz, en calidade de Alcaldesa do concello de Narón Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade para outorgar o presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN

I-Os concellos teñen, día a día, que manter os servizos públicos e as actividades municipais que cada vez son máis demandadas. Resulta evidente que para que un concello poda prestar servizos de calidade require de persoal cualificado suficiente. Especialmente si temos en conta que a xestión pública, en aras da seguranza xurídica e económica, resulta cada vez máis complexa. Nembargantes, os concellos encóntranse en primeira liña da xestión pública aos cidadáns, pero ao tempo moi limitados por outras administracións (estatais, sinaladamente) para poder desenvolver a súa autonomía local en materia de organización e recursos humanos. Á hora de buscar solucións aos nosos problemas, os concellos miramos a outros niveis da administración (deputacións, Xunta, Estado), o que é interesante. Pero tal vez poderíamos completar esta 'mirada vertical' cunha 'mirada horizontal', aos outros municipios, con quen se comparte a natureza da maior parte das funcións e tarefas, así como problemáticas e experiencias de traballo no local. De aí a oportunidade e conveniencia de explorar, a cooperación horizontal a través de instrumentos existentes como os convenios interadministrativos, para tentar, de forma conxunta entre os municipios, resolver áxil e sinxelamente, os problemas e retos que se nos presentan. Nese intento, desde o local, de ser a administración máis próxima, e tamén máis áxil e eficiente. Nas últimas décadas, diversas leis orzamentarias teñen implantado no sector público unha serie de medidas constritoras do emprego público na procura de redución e contención do gasto e do déficit público. A aplicación destas medidas durante estes anos teñen conducido á administración local e á imposibilidade de crecemento axeitado do persoal

municipal para as exixencias de servizos, creándose prazas nuns sectores prioritarios a través da amortización doutras prazas noutros servizos municipais non esenciais, pero non por iso menos necesarios.

Isto é, a Administración local se ten visto abocada á sacrificar a reposición en certas áreas para priorizar un mínimo crecemento doutras mais urxentes. As consecuencias organizativas directas de todas esas medidas limitadoras do emprego público non son outras que unha dotación de recursos humanos moi por baixo das procedentes para dar resposta a unhas necesidades de crecemento desta Administración local. Mais este problema de recursos humanos insuficientes, tanto para servizos xerais como para servizos técnicos especializados, é un problema común a la maioría dos concellos, que han visto o envellecemento dos seus cadros de persoal, e a insuficiencia de recursos humanos para atender á as novas e crecentes demandas da veciñanza. As medidas tan restritivas en materia de emprego público teñen conducido a asunción por parte do persoal existente dun incremento de tarefas e especialización (especialización tamén derivada da posta en marcha da administración electrónica, entre outros) e dunha maior complexidade, especialmente dende o prisma técnico e xurídico pola cambiante normativa.

Esta situación preexistente de insuficiencia de efectivos dende hai anos, vense incrementada pola implantación de novos procedementos internos e externos que requiren do incremento de efectivos para a súa implementación en tódolos niveis, técnicos e administrativos.

As solucións conxunturais, todas de carácter urxente e extraordinario (horas extraordinarias, encomendas de funcións, provisións a través de comisións de servizo, reforzos puntuais a través de expedientes de acumulación de traballo, cambio de adscrición e/ou traslado de departamento de efectivos de postos non singularizados, bolsas de traballo, etc...) resultan a día de hoxe, insostibles temporalmente por insuficientes para unha resposta axeitada en ratios de calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos municipais. Ademais, tales solucións, concibidas dende o tipo legal cunha implícita transitoriedade, xa non bastan para dar resposta a unhas necesidades que, innegablemente, se proxectan cara ao futuro mais inmediato. Por todo o exposto, se trata de atopar novas propostas que posibiliten, dentro da legalidade vixente, dun xeito áxil e complementario aos instrumentos conxunturais antes descritos, fórmulas que posibiliten un uso mais racional e eficiente dos medios persoais das administracións públicas locais, na procura de dar solución ás necesidades descritas a través da dotación e reforzo de persoal naquelas áreas, servizos, e especialidades que mais o necesiten.

Neste sentido, a cooperación entre Administracións ou colaboración interadministrativa preséntasenos como un camiño na dotación de persoal público. Un novo camiño de cooperación horizontal, cos nosos semellantes, os concellos. Camiño non substitutivo, senón de reforzo e complementario aos instrumentos de xestión de persoal para mantemento, e inclusive crecemento, do emprego público. A actividade administrativa bilateral concrétese actualmente nas categorías de Convenio, cunha regulación escasa e moitas veces de corte sectorial, que implica o acomodo de intereses bilaterais. É esta bilateralidade dos Convenios, como nota característica que supón integrar a vontade da outra parte, sen exercer imperio, sitúanos no eido das actuacións administrativas favorables ou polo menos, daquelas que non inciden negativamente ou limitadoramente sobre a esfera xurídica dos cidadáns. Este tipo de actuacións administrativas, en canto amplían dereitos e non restrinxen situacións xurídicas, son contempladas polo lexislador con maior benevolencia e disto, a sinxeleza de desenvolvemento xurídico dun instrumento, o convenio, caracterizado por unha gran flexibilidade. Tal sinxeleza de tipo xurídico é aínda mais notable ao respecto de convenios entre administracións locais, reflectido na lexislación básica de Réxime Local,

unicamente a través do artigo 57, que atende a cando unha das partes dun Convenio é unha Administración Local.

Dita cooperación, supón tanto un aforro para as propias Administracións implicadas como a maximización na xestión de persoal público, pola máxima utilización da experiencia e coñecemento dos/as empregados/as públicos que resulten afectos. Se trata de instrumentalizar, vía formal, algo que vense dando de xeito voluntario, aínda que sen recoñecemento e validez xurídica, entre algúns empregados/as públicos dende hai tempo na procura dun interese xeral. Este tipo de colaboración posibilitará a substitución ou reforzo de determinadas funcións e tarefas do persoal municipais a través doutro/as empregados/as públicos que xa forman parte da función pública, dunha administración local, a través da acreditación do seu acceso en observancia dos principios constitucionais de acceso ao emprego público. A colaboración vía Convenio interadministrativo permite tamén a asunción da responsabilidade e autoría do/a funcionario/a colaborador noutra Administración, evitando a necesidade de referendo ou asunción de informes externos da esfera privada por parte de funcionarios/as propios non executantes por causas xustificadas.

Paralelamente, esta alternativa evita que unha administración local teña que realizar un proceso selectivo específico (coa demora temporal que iso supón), que inclusive requira, previamente, a creación dunha nova praza inexistente, imposible moitas veces polos límites da taxa de reposición e/ou en detrimento dos efectivos doutros Corpos/escalas. Non se trata de substituír o nivel de emprego público, senón de aproveitar os efectivos doutras Administracións para resolver situacións e necesidades conxunturais e específicas que non poden atenderse eficazmente doutro xeito, pois o mellor activo para tales apoios forma xa parte da Función pública.

E mesmo, tal colaboración pode significar inclusive un crecemento deses propios niveis de emprego público (inclusive dentro do contexto limitador do tipo legal) pois o/a empregado/a público colaborador enriquecerá cos seus coñecementos e experiencia ao restante persoal e viceversa, posibilitando un crecemento profesional de ambos que pode poñer de manifesto novas necesidades en calquera das dúas entidades colaboradoras. Paralelamente, a utilización da experiencia e coñecementos acadados polos empregados/as públicos no desenvolvemento do seu posto habitual, supón a máxima eficiencia dos mesmos ao ser aproveitados por outra Administración, enriquecendo á vez a súa proxección profesional. Neste contexto xeral nace este Convenio tipo de colaboración interadministrativa agora presentado. Convenio que recolle a vontade de abrir unha nova vía de colaboración entre o Concello de Culleredo e outras Administracións públicas locais que o desexen para cobertura de necesidades temporais de recursos humanos, non substitutiva nin limitativa dos procedementos e instrumentos de xestión de persoal existentes, pero si complementaria, dende un prisma mais racionaliza dor en tempo e en gasto público e simultaneamente mais eficaz e eficiente para o mellor funcionamento das Administracións locais. Iniciase con este Convenio tipo, invitando a la cooperación horizontal intermunicipal, no eido da colaboración interadministrativa, dende o establecido polo art. 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público para unha importante mellora da eficiencia na xestión pública a través da utilización de medios e recursos de outra Administración pública dende o cumprimento coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para a final mellor prestación de servizos públicos a cidadanía.

II-O Art. 10.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), establece que a Administración Local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes

de información mutua, colaboración coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos. Similar declaración recóllese no Art. 3.1.k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP). Unha das formas de colaboración máis relevantes é a que se desenvolve a través da subscrición, con carácter voluntario, de convenios administrativos, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, tal e como postula o Art. 57 da LBRL. O Art. 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), exclúe expresamente do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesa Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si, entre outras, polas Entidades locais. Os convenios administrativos atópanse regulados, con carácter xeral, nos Arts. 47 a 53 da LRXSP. Deste conxunto normativo debemos destacar o Art. 47, que no seu apartado 1 define os convenios (“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”) e no 2 os clasifica en catro tipos, dos que aquí nos interesa o especificado na letra a): “Convenios interadministrativos asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dúas ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas...” Os demais preceptos que a LRXSP dedica aos convenios administrativos ocúpanse dos seus requisitos de validez e eficacia (Art. 48), do seu contido (Art. 49), dos trámites preceptivos para a subscrición e os seus efectos (Art. 50), extinción (Art. 51), efectos da súa resolución (Art. 52) e a súa remisión ao Tribunal de Contas (Art. 53).

Por último, o Art. 209 (“Realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais”) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, prevé e regula expresamente a materia de colaboración obxecto deste convenio interadministrativo: “1. De acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local. Para iso, as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará: a) O ámbito de aplicación. b) Os servizos afectados pola realización de funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local. c) O persoal asignado aos devanditos servizos. d) As funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

2. No expediente deberá constar a conformidade do persoal afectado, que manterá en todo caso a súa relación funcional coa entidade local a que pertenza.” –

III-O Convenio se estrutura en sete cláusulas e un Anexo, que presenta un modelo de Convenio específico nominativo. As primeiras describen o Obxecto e ámbito de aplicación e vixencia temporal, para determinar que, no tipo xeral do Convenio, queda afectado todo o persoal público de ambos Concellos colaboradores, sempre que as funcións e tarefas a realizar, sexan alleas ao negocio xurídico de aplicación da Lei de Contratos do Sector público.

As seguintes cláusulas encárganse da determinación da realización de función e tarefas polo persoal público no concello receptor da colaboración, e a contraprestación económica, poñendo de manifesto que, dentro da colaboración interadministrativa, é a voluntariedade do propio persoal público afecto, a que prevalece na realización de funcións e tarefas na esfera do outro Concello.



CONCELLO DE NARÓN

A cláusula final determina as situacións e incidencias que poden dar lugar á denuncia do Convenio tipo, como Convenio específico nominativo, como a posibles incidencias que den lugar a unha suspensión temporal da colaboración, especificándose finalmente que, no caso de desacordos, corresponde ao eido contencioso administrativo a resolución das posibles discrepancias ou litixios.

IV- é vontade de ambas as dúas Administracións locais, Concello ----- e Concello de Narón, establecer o tipo de colaboración bilateral a través do presente Convenio interadministrativo en materia de recursos humanos para unha utilización conxunta mais racional e eficiente dos seus medios persoais e para a cobertura de necesidades temporais de cada unha das Administracións locais representadas.

V- co fin de regular as condicións desta colaboración na forma prevista no ordenamento xurídico, os comparecentes se recoñecen recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar a sinatura do presente Convenio, dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO O presente Convenio tipo posibilita e ampara a realización de funcións e tarefas do persoal público, funcionario e laboral, do Concello de ----- no Concello de Narón e deste mesmo Concello no Concello de -----. Isto fora do cómputo da xornada ordinaria da Administración á que pertence o/a empregado/a público, e dentro do ámbito competencial do seu posto de traballo e titulación habilitante.

SEGUNDA.- AMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA O ámbito de aplicación deste Convenio tipo é a do termo municipal dos Concellos colaboradores (Concello de ----- (determinado no Anexo I-convenio nominativo) e Concello de Narón), cunha vixencia d xxxx prorrogable xx, salvo denuncia de calquera das partes. En desenvolvemento do Convenio tipo de colaboración, asinaranse Convenios específicos nominativos nos que deberá recollerse a previsión temporal específica da colaboración en cada caso, sempre cunha vixencia máxima que é a establecida para o Convenio tipo (un ano natural prorrogable).

TERCEIRA.- SERVIZOS E PERSOAL AFECTOS PARA REALIZACIÓN DE FUNCIÓNS NO AMBITO TERRITORIAL DA OUTRA ENTIDADE LOCAL Con carácter xeral, quedan afectados polo presente Convenio todos os servizos municipais de das entidades locais acordantes e todo o persoal, laboral e funcionario que ocupa praza en propiedade no cadro de persoal municipal respectivo en vigor. As funcións e tarefas a desenvolver polo persoal afecto por este Convenio de colaboración serán as propias do posto de traballo que desenvolve na Administración á que pertence e titulación habilitante necesaria para ocupar praza como persoal municipal, sempre que tales funcións e tarefas estean excluídas dos negocios xurídicos afectos pola Lei de Contratos do Sector Público.

A instancia de cada Alcaldía, formalizarase un anexo específico nominativo do persoal que colaborará coa outra Administración local, finalidade concreta e específica da colaboración, posto que ocupa na Administración á que pertence e previsión temporal da colaboración (Anexo I : Convenio específico nominativo).

Será requisito imprescindible a constatación no Convenio específico nominativo, da conformidade do/s empregados/as públicos/as afectados/as, dada a obrigatoriedade do carácter voluntario desta colaboración.

CUARTA.- REALIZACIÓN DE FUNCIÓNS E TAREFAS, E CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA Toda vez asinado o Anexo específico nominativo, o persoal colaborador desenvolverá as funcións e tarefas obxecto do

mesmo, baixo as directrices do Concello receptor da colaboración, sempre fora da xornada laboral ordinaria e respectándose a voluntariedade do/a empregado/a colaborador na determinación de prazos de entrega de traballos encomendados. O Concello receptor poñerá a disposición do/a empregado/a colaborador todos os medios técnicos necesarios para a realización das funcións e tarefas encomendadas. Os/as empregados/as colaboradores asumirán a autoría dos traballos encomendados, recoñecéndose a mesma validez técnica que a que ostentan na súa Administración. A colaboración non lle poderá significar custo algún debendo, de selo caso, asumir o Concello receptor os custos de dietas, desprazamentos e análogos.

A contraprestación económica especificarase no Anexo I-convenio específico nominativo ao depender do tipo de funcións e tarefas concretas da colaboración. A obriga adquirida de contraprestación económica tramitarase por transferencia mensual do Concello receptor da colaboración ao Concello á que pertence o/a empregado/a, para súa inclusión na correspondente nómina, en concepto de gratificación por servizos extraordinarios realizados fora da xornada habitual, segundo o cálculo que lle corresponda de conformidade a seu grupo de clasificación. A estos efectos se considerará en primeiro lugar aos valores actualizados hora/traballos extraordinarios establecidos no acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios do Concello receptor para. En caso de inexistencia de acordo regulador ou norma interna que determine o valor hora de traballos extraordinarios para o grupo/categoría do/s funcionario/s afectados, se deberá acudir aos valores determinados no acordo regulador de referencia do Concello cedente, é en caso de ausencia de ambos valores, se deberá acudir aos valores que establece a normativa vixente en materia de traballos extraordinarios (artigo 47 do RD, 2001/1983 de 28 de xullo) que determina o importe da hora extraordinaria como unha hora ordinaria incrementada nun 75%) En todo caso, as retribucións correspondentes, deberán axustarse aos límites establecidos na LPXE24.

QUINTA.- CERTIFICACIÓN DA COLABORACIÓN Una vez finalizada a colaboración, o Concello receptor comprométese á Certificación dos traballos realizados, con indicación da avaliación dos mesmos e con determinación, como mínimo das funcións e tarefas realizadas no seu ámbito territorial e o período temporal da colaboración, con especificación de datas de inicio a fin. S

SEXTA.- DENUNCIA DO CONVENIO e do CONVENIO ESPECÍFICO NOMINATIVO Por causa motivada, calquera das partes pode proceder á denuncia do presente convenio de colaboración. Así mesmo, de resultar procedente, poderase denunciar e deixar sen efecto os Convenios específicos nominativos asinados ao abeiro do presente, polas seguintes causas:

- a. Por vontade do empregado/a público colaborador/a
- b. Por incumprimento do empregado/a colaborador/a das funcións e tarefas determinadas no Convenio específico nominativo
- c. Por omisión do Concello receptor na posta a disposición dos medios técnicos necesarios para cumprimento das función e tarefas de colaboración
- d. Por inobservancia das obrigas de contraprestación económica

Ademais, os Convenios específicos nominativos poderán quedar temporalmente suspendidos polas seguintes causas:



CONCELLO DE NARÓN

- a. Por situación de Incapacidade temporal do/a empregado/a colaborador/a
- b. Pola situación de concesión de permisos, licenzas na Administración á que pertence o/a empregado/a público.
- c. Calquera outra motivada a instancia de calquera das partes.

Tanto a suspensión da colaboración como o reinicio da mesma, deberá quedar reflectida no expediente, dando traslado á outra Administración e ao persoal afecto aos efectos procedentes. A suspensión interromperá as obrigas de contraprestación económica, así como os prazos temporais determinados.

SÉTIMA.- FINAL O presente Convenio tipo, así como os Convenios específicos nominativos, teñen carácter administrativo, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas. No caso de desacordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

ACORDAN a sinatura do presente Convenio específico nominativo:

ANEXO I

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E O CONCELLO DE NARON NO MARCO DO CONVENIO TIPO PARA UTILIZACIÓN RACIONAL E EFICIENTE DOS MEDIOS PERSOAIS E COBERTURA DE NECESIDADES TEMPORAIS EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS

En _____ a : _____ de _____

REUNIDOS Dunha parte, en calidade de Alcalde-Presidente e representante legal do Concello Culleredo , e doutra Dona Marián Ferreiro Diaz, en calidade de Alcaldesa do concello de Narón Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade para outorgar o presente convenio e a tal efecto acordan a sinatura do presente convenio específico nominativo, no marco das cláusulas establecidas con convenio para utilización racional e eficiente dos medios persoais e cobertura de necesidades temporais en materia de recursos humanos

Concello de orixe	CULLEREDO
Concello de destino	NARON
Necesidade a cubrir	Apoio servizo de urbanismo
Persoal colaborador	Nome _apelidos A. CORROCHANO CORROCHANO DNI-
Posto de traballo	Arquitecto superior
Funcións a realizar	emisión dos informes técnicos preceptivos nos expedientes urbanísticos, con ánimo de superar a actual acumulación de expedientes existente no servizo
Descrición de medios	Conexión remota para teletraballo
Lugar de prestación	Presencial/teletraballo
Dependencia funcional dos servizos prestados	Area/servizo/sección Obras e urbanismo do Concello de Narón
Horario de prestación estimado	2 horas tardes. Horas estimadas mes 44
Duración estimada	Outubro 2024 – marzo 2025



CONCELLO DE NARÓN

Contraprestación económica

Hora extr/grupo Concello orixe

Hora ext/grupo Concello destino...34,21/h

75%hora ordinaria C.orixe

Importe total remuneración

Exercicio 2024 __4.515,72__

Exercicio2025__4.515.72__

Asinado, Alcalde-Presidente Concello Culleredo

Asinado Alcaldesa-Presidenta Concello Narón

Conformidade do funcionario”

Visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 19-09-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos recollidos no texto da proposta anteriormente transcrita.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, esta é a segunda parte dunha primeira que xa trouxemos a este pleno que era unha habilitación que se fixo para contar con esta contía económica que nos fai falta para facer este convenio, neste caso co concello de Culleredo para traer ese técnico para o servizo de Urbanismo, neste caso traemos un convenio tipo que nos servirá para futuras relacións con outras administracións e neste caso particular co concello de Culleredo.

-Sr.Ulla Rocha: moitas grazas.

Tirando de hemeroteca, neste concello cando foi o boom do ladrillo, cando Narón é o que é hoxe, medrou, había a cotío pois grúas, obras... creo que nada máis que tiñamos un arquitecto. Pois temos un arquitecto, temos menos carga de traballo pero é certo que agora mesmo temos, digamos que paralizada a sección de Urbanismo en canto a licenzas e aínda por riba que o PXOM, esa sobre carga se fixo máis longa de levar.

Imos apoiar esto, pero ímolo apoiar porque hai unha moción que foi apoiada neste pleno e aprobada en contra a vontade de Terra Galega, que é para modificar puntualmente o PXOM no estado.... Espero que a contratación deste novo arquitecto se poda acortar o prazo que se nos deu de 32 meses e medio, que xa debemos andar polos 28 se non me equivoco, e que poida ser unha realidade neste mandato esa modificación puntual e que os veciños e veciñas de Narón, en concreto os do Feal poidan ver ese proxecto e disfrutar das beirarrúas. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, estando de acordo con esta proposta que consideramos que sea necesario pero si que non deixo de recordarlle, como fixen noutras ocasións, que é moi necesario que neste concello que se saque unha praza dun enxeñeiro de camiños porque creo que polas infraestructuras e polo que ten este concello é moi necesario. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: creo que vives Jorge unha realidade paralela ao que é unha situación deste concello e a carga de traballo que ten o concello, de verdade. Convídoche a que pases pola sexta planta, fales con calquera das persoas que está alí a ver se están ociosas, e se de verdade que teñen moito tempo libre como creo que se pode intuír no que dis.

Con respecto ao tema da estrada do Feal, de verdade que a Diputación ten na súa má como facelo falando desa colaboración entre administracións, falando coa Xunta de Galicia, creo que o prazo que se establecía era de 3 meses parar poder ter aprobado o que necesitan para poder executalo. De verdade que eso si que sería celeridade e, neste caso, nós apoiaríamos como non pode ser doutra maneira que dúas administracións se poñan de acordo para realizar unha mellora para os veciños do noso concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

11 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ACORDOS RELATIVOS Á EMPRESA MIXTA DO MEDIO AMBIENTE COSMA S.A.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Concello Pleno de Narón acordou en sesión de data 22 de febreiro de 2002, a constitución dunha empresa mixta de xestión integral do medio ambiente neste termo municipal, na que o Consistorio contará cunha participación do 51 % do accionariado, e a entidade AQUALIA, SA. cun 49 % do capital social.

Así mesmo na devandita sesión prestouse aprobación ós Estatutos que haberían de rexer a vida societaria da entidade a crear.

O artigo 14 dos Estatutos sociais, dispón que nas Xuntas Xerais, a representación orgánica do Concello de Narón, corresponde ó Pleno da Corporación municipal, así como que a vontade do socio público será única e decidida previamente conforme ás regras que regulamentan a adopción de acordos polo Pleno municipal, ostentando a representación deste na Xunta Xeral, o alcalde ou Primeiro Teniente alcalde ou Corporativo designado polo Pleno ó efecto en cada ocasión, mentres que o artigo 11, apartado a) determina como atribución da Xunta Xeral de accionistas, a designación dos vocais do Consello de Administración a proposta do Concello e do accionista privado.

Por todo o exposto, e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes de PP e PSdG-PSOE; e os votos a favor de TEGA -2- e BNG) da Xunta de Portavoces celebrada o 23 de setembro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Conferir á Sra. alcaldesa-presidenta a representación do Concello de Narón na vindeira Xunta Xeral de Accionistas da COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO S.A., na que se procederá ao exercicio da seguinte atribución:

1º).- Dación de conta dun cambio de representante dun vocal do Consello.

SEGUNDO.- Autorizar á Sra. alcaldesa para a sinatura de toda a documentación que precisa sexa para a efectividade deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

12 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE NARÓN.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“INFORME PROPOSTA

Visto o acordo unanimemente adoptado polo Pleno municipal o pasado 30 de maio de 2024, relativo á creación do Consello Sectorial da Memoria Histórica e Democrática do Concello de Narón, e a concreta designación dos representantes municipais nese organismo.



CONCELLO DE NARÓN

Visto o texto do REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DA MEMORIA HISTÓRICA E DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE NARÓN, que acompaña a este informe-proposta.

Vista a normativa de aplicación e o informado polo Secretario Xeral do Concello, a Técnico que subscribe, estima oportuno elevar ao Concello Pleno os seguintes acordos:

1.- Prestar aprobación inicial ao texto do REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DA MEMORIA HISTÓRICA E DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE NARÓN que se acompaña como Anexo I.

2.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

E visto o ditame favorable por asentimento da Xunta de Portavoces do 23 de setembro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción dos acordos seguintes:

1.- Prestar aprobación inicial ao texto do REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DA MEMORIA HISTÓRICA E DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE NARÓN que se acompaña como Anexo I.

2.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

ANEXO I

REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE NARÓN

Preámbulo

Aprobada a Lei de Memoria Democrática 20/2022, de 19 de outubro, o presente regulamento aspira ao recoñecemento dos dereitos das vítimas expresadas no art. 3, que foran ou sexan veciñas do concello de Narón, e á consecución no termo municipal dos obxectivos sinalados nesa lei.

En 1992 as Nacións Unidas aprobaron coa Resolución 47/133 de 18 de decembro a “Declaración sobre a protección de todas as persoas contra as Desaparicións Forzadas”, que se estendía ás investigacións practicadas sobre os desaparecidos, sen que o tempo transcorrido desde a desaparición supuxera un atranco. En España, a

Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados, na sesión do 20 de novembro de 2002, acordou reafirmar: “o deber da nosa sociedade democrática de proceder ao recoñecemento moral de todos os homes e mulleres que foron vítimas da Guerra Civil Española, así como de cantos padeceron máis tarde a represión da ditadura franquista”. Cinco anos despois, aprobouse a Lei 52/2007, de 26 de decembro, que sentaba as bases para que os poderes públicos levaran a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria histórica. E recentemente prodúcese a derogación desta norma coa aprobación da Lei de Memoria Democrática 20/2022, de 19 de outubro, onde se recollen como obxectivos: a recuperación, salvagarda e difusión da memoria democrática, entendida esta como coñecemento da reivindicación e defensa dos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais ao longo da historia contemporánea de España, co fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións en torno aos principios, valores e liberdades constitucionais; o recoñecemento de quen padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, de pensamento u opinión, de conciencia o crenza relixiosa, de orientación e identidade sexual, durante o período entre o golpe de Estado de 18 de xullo de 1936, a Guerra de España e a Ditadura franquista ata a entrada en vigor da Constitución de 1978, así como promover a reparación moral e a recuperación da memoria persoal, familiar e colectiva, adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre a cidadanía e promover lazos de unión en torno aos valores constitucionais; repudiase e condénase o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e a posterior ditadura, en afirmación dos principios e valores democráticos e se declara ilegal o réxime xurdido da contenda bélica de 1936-1939.

A lei 20/2022 reconece o dereito das vítimas, os seus familiares e a sociedade en xeral, á verificación dos feitos e a revelación pública e completa dos motivos e circunstancias en que se cometeron as violacións do Dereito Internacional Humanitario ou de violacións graves e manifestas dos dereitos humanos ocorridas con ocasión da Guerra e da Ditadura. A Administración Xeral do Estado impulsará a investigación de todos os aspectos relativos á Guerra Civil e á Ditadura e a procura de persoas desaparecidas.

É por iso que o Concello de Narón entende que os principios dun bo goberno inclúen a participación cidadá na concepción das políticas de memoria e das tarefas de definición, programación seguimento e avaliación dos proxectos, programas e actividades. Dado que a liña da memoria democrática resulta nova, no Servizo de Participación Cidadán, co propósito de impulsala, decidiuse crear o Consello Municipal de Memoria Democrática, órgano de participación cidadán, especialmente das asociacións e persoas que traballan pola recuperación da memoria democrática. Por todo o exposto, propónse a aprobación do presente regulamento:

Título I Disposicións xerais

Artigo 1. Natureza.-

O Consello Municipal de Memoria Democrática é un órgano de participación sectorial permanente constituído como espazo para o asesoramento, a información, o debate, o estudo e a proposta, que ten como obxectivo defender e promover os dereitos humanos no ámbito da memoria histórica mediante a recuperación da mesma, en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante o golpe de Estado de 18 de xullo de 1936, a posterior Guerra e a Ditadura.

Este Consello ten carácter consultivo, isto é, ten capacidade para emitir opinións e facer propostas, aínda que non serán vinculantes.

Artigo 2. Réxime Xurídico do Consello.-

O Consello Municipal de Memoria Democrática rexerase, no non previsto no presente Regulamento, polas disposicións específicas de réxime local aplicables aos órganos de goberno locais contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Regulamento Orgánico Municipal e no Regulamento de Participación Cidadá.

Artigo 3. Adscrición.-

O Consello Municipal de Memoria Democrática estará adscrito á área de participación cidadá.

Artigo 4. Ámbito de actuación.-

O ámbito de actuación do Consello será coincidente co límite competencial municipal en materia de memoria democrática do Concello de Narón.

Artigo 5. Obxectivos do Consello.-

Son obxectivos do Consello da Memoria Democrática do Concello de Narón:

1. Ofrecer asesoramento nos asuntos relacionados coa aplicación no termo municipal da Lei de Memoria Democrática 20/2022.
2. Favorecer a reparación e dignificación das/dos veciñas/os que teñan a consideración de vítimas que recolle o art. 3 desa lei.
3. Favorecer a investigación e difusión dos aspectos e episodios históricos ou sociais do concello de Narón que fosen silenciados ou terxiversados pola ditadura franquista. Neste sentido poderá propoñer a creación de grupos de traballo.
4. Ofrecer asesoramento sobre calquera outra iniciativa relacionada cos anteriores apartados, e que estea relacionada co espírito da devandita Lei de Memoria Democrática, aínda sen estar literalmente recollidos nos seus artigos.
5. Recibir e debater propostas de particulares ou entidades relacionadas cos obxectivos deste Consello
6. O Consello de Memoria Democrática de Narón non pretende acadar necesariamente o consenso unánime, pero si procurar amplos acordos.

Título II Organización e competencias

Artigo 6. Organización.-

Son órganos do Consello Municipal de Memoria Democrática:

- A Presidencia,
- a Vicepresidencia,
- os Vogais,
- a Secretaría.

Artigo 7. A Presidencia.-



CONCELLO DE NARÓN

A persoa que ostente a Alcaldía do Concello de Narón presidirá o Consello Municipal de Memoria Democrática.

Corresponde á Presidencia:

- a. Ostentar a representación institucional do Consello.
- b. Ordenar a convocatoria, presidir e moderar do Consello, así como dirimir os empates co voto de calidade.
- c. Solicitar a información e documentación complementaria necesaria sobre os asuntos incluídos na Orde do Día.
- d. Requirir a asistencia técnica municipal ou de carácter externo cando concorran circunstancias que así o aconsellen.
- e. Someter as iniciativas e propostas á consideración do Consello.
- f. Trasladar as propostas do Consello aos Órganos de Xestión e de Goberno municipal.

Artigo 8-Vicepresidencia.-

A Vicepresidencia corresponderá á persoa titular da Concellería á que se atope adscrita a participación cidadá. A persoa que ostente a Vicepresidencia substituirá á persoa titular da Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. Así mesmo, realizará funcións de asistencia e colaboración coa Presidencia.

Artigo 9- O Consello.-

Composición:

O Consello estará formado por Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Vogais.

Artigo 10.-Os Vogais.-

Serán vogais:

- Un/Unha representante de cada grupo político municipal do Concello de Narón.
- Ata tres representantes das entidades de memoria histórica debidamente acreditadas no rexistro municipal de asociacións.
- Ata tres historiadores/as de recoñecido prestixio non ámbito da investigación memorialista na comarca de Ferrolterra.

Puntualmente poderán ser chamadas con voz e sen voto outras persoas que garden relación cos asuntos a tratar.

Procurarase a formación paritaria do consello.

Artigo 11-Competencias do Consello.-

- a) Efectuar o seguimento dos proxectos.
- b) Propoñer a realización de traballos, informes, estudos de investigación e divulgación.
- c) Establecer o réxime de funcionamento dos órganos do Consello.
- d) Colaborar na elaboración de estudos, plans e programas dos órganos municipais cando así sexan requiridos expresamente por estes.
- e) Propoñer recomendacións de actuacións no ámbito da Lei 20/2022.
- f) Aquelas outras funcións de análoga natureza que se consideren necesarias para o cumprimento do disposto neste Regulamento.

Artigo 12. A Secretaría.-

Actuará como titular da Secretaría, con voz e sen voto, un/unha funcionario/a público designado por Resolución de Alcaldía a proposta da Secretaria xeral municipal.

Son funcións da Secretaría do Consello as seguintes:

- a) Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, estendendo acta das mesmas, autorizalas coa súa firma e o visto e praxe da persoa titular da Presidencia, e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.
- b) Garantir o respecto aos procedementos e regras de constitución e adopción de acordos.
- c) Expedir, co visto e praxe da persoa titular da Presidencia, certificacións sobre actos e acordos do Consello.
- d) Asesorar xuridicamente en cuestións de organización e funcionamento do Consello.
- e) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de persoa titular da Secretaría do Consello.



CONCELLO DE NARÓN

Artigo 13.- Nomeamento dos/das representantes dos grupos políticos con representación municipal.-

Os/as representantes dous grupos políticos serán nomeados polo Concello Pleno de Narón, a proposta do grupo político correspondente. No suposto de existir na Corporación o grupo mixto, este designará de entre os seus/súas integrantes a un/unha único/a representante.

Artículo 14-Designación dos representantes das asociacións de memoria histórica e historiadores.-

No prazo de tres días dende a celebración do Pleno no que se designe aos/ás representantes municipais, abrírase unha convocatoria pública para que as asociacións de memoria histórica debidamente acreditadas que desexen formar parte do Consello o soliciten. O prazo de solicitude non será superior a 15 días hábiles.

A solicitude de participación deberá indicar a identidade do/da representante proposto/a para formar parte Consello. Cada entidade poderá estar representada no Consello por unha persoa e, no seu caso, por un/unha substituto/a.

As entidades de memoria histórica interesadas en participar, deberán cumprir co requisito de acreditación actualizada e completa, o día do inicio da convocatoria, no rexistro municipal de asociacións.

No mesmo prazo citado de tres días, se cursarán ata tres invitacións a historiadores/as que teñan recoñecido prestixio na ámbito da investigación memorialista na comarca de Ferrolterra, acreditado a través de publicacións, participacións en conferencias, debates ou calquera outro medio que acredite a súa especialidade.

A presidencia nomeará os representantes das entidades solicitantes e os historiadores que acepten a invitación, inmediatamente antes da constitución do primeiro Consello, que se celebrará no prazo de dous meses dende a celebración do pleno anteriormente sinalado.

Artigo 15-Duración do mandato.-

Os/as vogais membros do Consello ostentarán a súa condición mentres perdure o mandato da Corporación Local na que se produza o seu nomeamento (podendo ser reelixidos na sesión de organización dunha nova Corporación, sempre que se dean os

requisitos sinalados neste Regulamento), sen prexuízo de que se poida postular o seu cesamento en calquera momento e o nomeamento dun/a substituto/a para o tempo que reste do mandato.

Artigo 16.- Perda da condición de vogais.-

O cesamento dos/as vogais, producirase automaticamente nos seguintes supostos:

- a) A instancia da entidade, ou do grupo político municipal que os/as propuxo, mediante comunicación escrita dirixida polo/a seu/súa portavoz, á presidencia do Consello. Os/as representantes municipais, así mesmo, perderán a súa condición co ocasión do seu cese na condición de concelleiro/a do Concello de Narón.
- b) Perda da condición de membro da entidade que represente.
- c) Por renuncia expresa ou dimisión.
- d) Por disolución da entidade.
- e) Por falta de asistencia inxustificada a cinco sesións consecutivas.

Artigo 17.- Réxime de funcionamento.-

O Pleno do Consello axustará o seu réxime de funcionamento e adopción de acordos ao previsto na lexislación sobre funcionamento de órganos colexiados locais que resulte de aplicación e, no que fose de aplicación, farase extensiva a normativa prevista para o Concello Pleno que rexerá, en todo caso, de forma supletoria.

Artigo 18.- Réxime de sesións.-

O Consello reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao semestre. Tamén o fará con carácter extraordinario cando a transcendencia ou urxencia dos asuntos para tratar así o requiran, por iniciativa a Presidencia ou da metade dos/das seus/súas vogais.

Nas sesións ordinarias trátaranse os asuntos incluídos na orde do día. Con todo, en atención aos principios de eficacia e celeridade da actuación administrativa, poderán tratarse asuntos de carácter urxente cuxa resolución conveña acelerar e, non poidan aprazarse á celebración da próxima sesión ordinaria. Nestes supostos, procederá a declaración de urxencia por acordo da maioría absoluta do número legal de membros.

Nas sesións extraordinarias non poderán incluírse outros puntos da orde do día distintos aos que motivaron a súa celebración, nin sequera por razóns de urxencia, nin incorporarse un punto de rogos e preguntas.

Artigo 19.- Orde do Día e convocatoria das sesións.-



CONCELLO DE NARÓN

A convocatoria das sesións será efectuada pola secretaría do Consello por orde da persoa titular da Presidencia e conterá: a orde do día, o lugar, e a data e hora da reunión en primeira e segunda convocatoria. As citacións dirixiranse a quen ostente as vogalías, debendo ser recibidas cun antelación mínima de setenta e dúas horas no caso das sesións ordinarias e anexándose ás mesmas, na medida do posible, copia da documentación referida á información sobre os temas que figuren na orde do día. Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día estará a disposición dos membros do Consello, que poderán previamente examinala e obter copia dalgúns documentos que a integren, nos termos e condicións sinalados na normativa reguladora da materia. A posta a disposición da devandita documentación farase, preferentemente, por medios electrónicos.

Artigo 20.- Quórum de constitución.-

Para a válida constitución do Pleno, a efectos de celebración das sesións, requirirase en primeira convocatoria, a presenza de, polo menos, a metade dos seus membros, máis a persoa titular da Presidencia e a persoa titular da Secretaría ou quen lles substitúa legalmente. O devandito quórum deberá manterse durante toda a sesión. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo dos seus membros, máis a persoa titular da Presidencia e a persoa titular da Secretaría ou quen os substitúa legalmente. Para a segunda convocatoria bastará co transcurso de media hora desde a primeira convocatoria. Tamén poderán asistir ao Pleno do Consello, convidados/as pola Presidencia cando o estime conveniente, expertos/as na materia de memoria democrática naqueles asuntos que vaian ser obxecto de debate, con voz pero sen voto.

Artigo 21.- Adopción de acordos.-

Os acordos do Consello adoptaranse por maioría simple dos membros presentes, que se produce cando os votos afirmativos son máis que os negativos. En caso de empate, efectuarase unha nova votación. Se persiste o empate, decidirá o voto de calidade da persoa titular da Presidencia.

Artigo 22.- Actas.-

De cada sesión celebrada levantarase unha acta pola persoa titular da Secretaría que especificará, necesariamente, as persoas asistentes e a orde do día da reunión, as

circunstancias do lugar e o tempo en que se celebrou, resumo sucinto das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

As actas, que serán aprobadas na sesión seguinte, serán remitidas a cada membro xunto coa convocatoria da mesma. As actas, na súa forma definitiva, serán asinadas pola persoa titular da Secretaría co visto e prace da persoa titular da Presidencia.

DISPOSICIÓN FINAL O presente Regulamento entrará en vigor aos trinta días da súa completa publicación no Boletín Oficial da provincia de A Coruña permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: neste caso, dado que no pleno municipal do pasado 30 de maio de 2024 foi creado o consello sectorial da Memoria democrática do Concello de Narón, pois neste caso traemos a este Pleno este regulamento que pon o punto final a este traballo e que porá en marcha o funcionamento deste concello e esperemos que sigamos traballando, se estivo traballando ata o de agora pola memoria democrática tanto de Narón como deste país. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: moitas grazas.

Bueno, hoxe traemos a este pleno o que xa tiñamos traballado, primeiro facerlle un recoñecemento á Asociación de memoria histórica democrática, que está hoxe aquí presente pola súa labor, e o que si me gustaría facer mención é que a Alemania do 36, a Alemania nazi, o ministro de propaganda pois fixo dogma cun dito, repetiron unha mentira mil veces e convertíronna en realidade.

Hoxe que vivimos tempos convulsos, vivimos tempos onde volve con forza e con moito pulo a ultradereita, é importante que haiba un contra relato da realidade, da historia e da verdade. Sobre todo, para que non volva a acontecer o que aconteceu por desgraza non hai xa máis de 100 anos neste país, onde irmáns contra irmáns e veciños contra veciños chegaban a matarse por ideas Hoxe afortunadamente vivimos unha democracia plena en España onde podemos discutir aínda que non compartamos intereses Sra.Ferreiro e non compartamos opinións, pero si que compartimos o respecto mutuo por unha democracia.

Pola miña parte e pola parte do grupo socialista dar as grazas por este traballo e tedes sempre hoxe e no futuro o noso apoio. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, esto é dende logo un punto de inflexión. Veremos ata onde podemos chegar cos traballos. Hai cousas que facer no noso concello, empezando por eses cadros que hai na sala de espera, que xa temos falado de alcaldes que houbo na ditadura e que son visibles porque ademais do golpe de estado houbo 4 anos de ditadura e se decidiu nunha transición que eu dende logo non vivín.. o silencio e o silencio é o peor para a historia, para un lado, para o outro e como queiramos facer. E é verdade que agora dado o que decía Ulla estamos vivindo unha revolución cultural da ultradereita e estamos en momentos de excepcionalidade e en momentos de excepcionalidade é moito máis fácil que a xente cree unha mentira que facer ver que está equivocado ou equivocada, e eu creo que a política é unha ferramenta de transformación, non é un abc e un día a día, senón que é onde temos que transformar a realidade.

Entonces é importante este tipo de actuacións que dende logo visibilidade sempre dan e falta moito para avanzar e ter unha democracia plena mentres se sigan permitindo determinados bulos, determinadas actuacións, os populismos están á man do día e aquí o importante é vivir nunha sociedade de benestar e onde todas as persoas teñamos os mesmos dereitos independentemente onde nazcamos, de cómo sintamos, de cómo pensemos e creo que en Narón tamén facemos exercicio deso nesta Corporación e por esa banda tamén no BNG estamos agradecidos de estar en Narón e poder convivir e falar do que realmente importa.

Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, estamos de noraboa, creo que é necesario ter un consello sectorial por un lado, para poder debatir e falar de temas importantes e sobre todo creo que o que dixen xa anteriormente falta entendernos coa palabra e poder debatir normalmente sen maiores dificultades. Creo que esto é un paso adiante importante; pola nosa parte o noso grupo estamos de acordo, votamos a favor como así o fixemos durante todos os procesos que houbo e tamén agradecer algunha cousiña que se pediu para que se adaptara e creo que con eso temos o consello sectorial que todos desexamos e que todos cremos que será unha boa parte para seguir avanzando. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

13 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 19/2024; SUBEXPTE.Nº 01/2024 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente PRE/2024/34 e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 19/2024: subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023, co fin de incrementar unha aplicación orzamentaria do capítulo 6 (investimentos reais) para dar cobertura á substitución da caldeira eléctrica do Pavillón da Mocidade que se considera necesario e inaprazable posto de manifesto nos informe do servizo de deportes, por un importe total de 3.218,60 euros.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 18/09/2024, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Tendo en conta o que se establece na Base nº 9 das Bases de execución do orzamento, neste caso de crédito extraordinario non existe crédito orzamentario no orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que se propoñen e detallan na memoria do concelleiro delegado de facenda.

Téndose en conta o que se dispón no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril na Base 9ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención do 18/09/2024 (PRE18I00A2).

Visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor dos representantes de Tega -2- e a portavoz do BNG; e as abstencións dos portavoces de PP e PSdG-PSOE) da Xunta de Portavoces do 23 de setembro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 19/2024: subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario, por un importe total de 3.218,60 euros no

CONCELLO DE NARÓN

orçamento vixente, segundo o que se establece na memoria do concelleiro delegado de facenda que se une ao expediente.

O detalle é o seguinte:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO		
Aplic. Orzam. Proxecto	Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade	Importe (euros)
3420.63301	Substitución de caldeira eléctrica no Pavillón da Mocidade	3.218,60
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO		3.218,60

O financiamento do expediente realízase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023 por un importe total de 3.218,60 euros.

SEGUNDO. Visto que se modifica unha aplicación orzamentaria do capítulo 6 (investimentos reais), modificar o anexo de investimentos do exercicio vixente.

TERCEIRO. Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

CUARTO. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLRFL). Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

14 º.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO "MINISTERIO DE HACIENDA" EN CUMPRIMENTO DO QUE SE ESTABLECE NO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012.-. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: **SUBMINISTRO INFORMACIÓN 2º TRIMESTRE 2024**
AO CONCELLO PLENO

A Interventora Xeral da conta ao pleno do concello da información remitida ao “*Ministerio de Hacienda*” a través da correspondente aplicación de captura habilitada na “*Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales*”, en cumprimento do que se establece no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao subministro de información do 2º trimestre do exercicio 2024, así como o correspondente informe, efectuada por esta Intervención (artigo 4.1.b) utilizando os medios electrónicos e formularios do sistema habilitado polo “*Ministerio de Hacienda*” (artigo 5.1).

O Concello Pleno, deuse por enterado.



CONCELLO DE NARÓN

15º.- DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS E DOS MOVEMENTOS DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024.

CONCELLO PLENO.

De conformidade co disposto na base 10 das que rexen a execución do Orzamento do Concello para este exercicio, aprobadas definitivamente o 15 de maio de 2024, remítese a ese órgano para seu coñecemento información da execución dos orzamentos e dos movementos de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias correspondentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do 2024:

2º TRIMESTRE/2024

1.- INGRESOS ORZAMENTARIOS.

P. INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	INGRESOS REALIZADOS	DEVOLUCIÓNS INGRESOS
37.681.368,80 €	8.891.435,16 €	16.527.840,15 €	17.010.014,98 €	2.414.064,81 €

2.- GASTOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIÓNS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS REALIZADOS	REINTEGROS GASTOS
37.681.368,80 €	8.891.435,16 €	16.032.900,05 €	14.893.260,08 €	218,37 €

3.- INGRESOS E. PECHADOS.

DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	RECADACIÓN
74.235,03 €	97.412,72 €	2.384.784,43 €

4.- GASTOS E. PECHADOS.

PAGOS REALIZADOS	RECTIF. OBRIGAS RECOÑECIDAS
2.364.596,38 €	0,00.- €

5.- COBROS NON ORZAMENTARIOS.

6.- PAGOS NON ORZAMENTARIOS.

<u>POR OPERACIÓNS NON PRESUPUESTARIAS</u>	
3.575.868,93 €	5.574.249,06 €

7.- EXISTENCIAS TESOURERÍA.

S. INICIAL	S. FINAL
13.484.099,75 €	11.208.780,13 €

Visto e praxe
A *Alcaldía*

O Concello Pleno, deuse por enterado.

Engádese á proposta o detalle do estado contable do 2º TR/2024.

16 º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2025. –Dase conta da seguinte Resolución do concelleiro delegado de Facenda:

“RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS 2025.

A Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 15 a obriga de remitir información sobre as liñas fundamentais dos orzamentos para o exercicio seguinte, recollidas no artigo 27.2 da Lei orgánica 2/2012, que conteña toda a información necesaria conforme á normativa europea.

O artigo 5 da dita orde establece a obriga de que a remisión da antedita información se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Hacienda habilite ao efecto.

Tendo en conta a guía elaborada polo Ministerio de Hacienda para a remisión da información sobre as liñas fundamentais dos orzamentos das entidades locais, os cadros a cumprimentar respecto da dita información, así como a información con que se conta a día de hoxe, e en congruencia co Plan Orzamentario a a medio prazo para o período 2025-2027, e vista a delegación de competencias da Alcaldía neste Concelleiro de data 22 de xuño de 2023, no que se delega, entre outras, a aprobación dos plans orzamentarios a medio prazo e das liñas fundamentais do orzamento,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte información sobre as liñas fundamentais do orzamento desta entidade local (“Narón Ayuntamiento, 11-15-054-AA-000 e Padroado de Cultura 11-15-054-AV-001”) consolidado para o período 2025, segundo os datos que figuran nos cadros a cumprimentar respecto da dita información:

INGRESOS:

Datos económicos consolidados en euros, das entidades que integran a corporación.

INGRESOS	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DOS DRN)	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DAS PREV. INICIAIS)	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCÍONS/ADOPCIÓN DA MEDIDA
Ingresos correntes	35.795.240,86	-1,83	37.103.023,50	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	37.795.240,86	-1,83	37.103.023,50	Os criterios que se tiveron en conta para efectuar a estimación dos DRN 2024 e previsións 2025 son os establecidos para a elaboración da información do 2º trimestre enviada ao Ministerio e do Plan orzamentario a medio prazo para o período 2025-2027
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	0,00	0,00	0,00	
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos impositivos non gravados	0,00	0,00	0,00	
Medida 3: Correcta financiación de taxas e prezos públicos (detallado máis adiante)	0,00	0,00	0,00	
Medida 4: Outras	0,00	0,00	0,00	

medidas polo lado dos ingresos				
Ingresos de capital	3.779.084,56	-83,20	635.009,96	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	3.779.084,56	-83,20	635.009,96	Ídem anterior
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	
Ingresos non financeiros	41.574.325,42	-9,23	37.738.033,46	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	41.574.325,42	-9,23	37.738.033,46	
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	
Ingresos financeiros	539.568,04	-83,32	90.000,00	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	539.568,04	-83,32	90.000,00	Ídem anterior
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	
Ingresos totais	42.113.893,46	-10,18	37.828.033,46	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	42.113.893,46	-10,18	37.828.033,46	
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	

A) DETALLE DE INGRESOS CORRENTES	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DOS DRN)	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DAS PREV. INICIAIS)	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCIONS
Capítulos 1 e 2: Impostos directos e indirectos	13.771.408,04	2,20	14.073.910,07	
Imposto sobre bens inmobles	9.387.662,41	0,17	9.403.621,40	Os criterios que se tiveron en conta para efectuar a estimación dos DRN 2024 e previsións 2025 son os establecidos para a elaboración da información do 2º trimestre enviada ao Ministerio e do Plan orzamentario a medio prazo para o período 2025-2027
Imposto sobre actividades económicas	1.202.401,66	0,96	1.213.944,70	Ídem anterior
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	2.271.343,97	0,00	2.271.343,97	Ídem anterior
Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana	400.000,00	68,75	675.000,00	Ídem anterior
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	510.000,00	0,00	510.000,00	Ídem anterior
Cesión de impostos do estado	0,00	0,00	0,00	
Ingresos de capítulos 1 e 2 non	0,00	0,00	0,00	

incluídos anteriormente				
Capítulo 3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	6.784.130,57	5,21	7.137.800,00	Ídem anterior
Capítulo 4. Transferencias correntes.	17.161.825,56	-7,86	15.813.436,74	
Participación en tributos do estado	11.383.547,67	-3,55	10.979.991,04	Ídem anterior
Resto de transferencias correntes (resto Cap.4)	5.778.277,89	-16,35	4.833.445,70	Ídem anterior
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	77.876,69	0,00	77.876,69	Ídem anterior
Total de Ingresos correntes	37.795.240,86	-1,83	37.103.023,50	

B) DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DOS DRN)	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DAS PREV. INICIAIS)	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCIONS
Capítulo 6. Alleamento de investimentos	0,00	0,00	0,00	Ídem anterior
Capítulo 7. Transferencias de capital	3.779.084,56	-83,20	635.009,96	Ídem anterior
Total de Ingresos de Capital	3.779.084,56	-83,20	635.009,96	

C) DETALLE DE INGRESOS FINANCIEROS	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DOS DRN)	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DAS PREV. INICIAIS)	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCIONS
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	35.000,00	157,14	90.000,00	Ídem anterior
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	504.568,04	-100,00	0,00	Ídem anterior
Total de Ingresos Financeiros	539.568,04	-83,32	90.000,00	

GASTOS:

Datos económicos consolidados en euros, das entidades que integran a corporación.

GASTOS	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DAS ORN)	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DOS CRÉDITOS INICIAIS)	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCIONS/ ADOPCIÓN DA MEDIDA
Gastos correntes	33.870.407,57	8,27	36.671.302,84	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	33.870.407,57	8,27	36.671.302,84	Os criterios que se tiveron en conta para efectuar a estimación das ORN 2024 e previsións 2025 son os establecidos para a elaboración da información do 2º trimestre enviada ao Ministerio e do Plan orzamentario a medio prazo para o período 2025-2027
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	
Medida 1: Redución de custes de persoal (redución de soldos ou efectivos)	0,00	0,00	0,00	
Medida 2: Regulación do réxime laboral e retributivo das empresas públicas tomando en consideración aspectos tales como o sector de actividade, o volume de negocio, a percepción de fondos públicos	0,00	0,00	0,00	

Medida 3: Limitación de salarios nos contratos mercantís ou de alta dirección, con identificación do límite das retribucións básicas e dos criterios para a fixación das retribucións variables e complementarias que en calquera caso vincularanse a aspectos de competitividade e consecución de obxectivos que promovan as boas prácticas de xestión empresarial	0,00	0,00	0,00	
Medida 4: Redución do número de conselleiros dos consellos de administración das empresas do sector público	0,00	0,00	0,00	
Medida 5: Regulación das cláusulas indemnizatorias de acordo á reforma laboral en proceso	0,00	0,00	0,00	
Medida 6: Redución do número de persoal de confianza e a súa adecuación ao tamaño da entidade local	0,00	0,00	0,00	
Medida 7: Contratos externalizados que considerando o seu obxecto poidan ser prestados polo persoal municipal actual	0,00	0,00	0,00	
Medida 8: Disolución daquelas empresas que presenten perdas > ½ capital social segundo o artigo 103.2 do TRDLVRL, non admitíndose unha ampliación do capital con cargo á entidade local	0,00	0,00	0,00	
Medida 9: Realizar estudo de viabilidade e análise custe/beneficio en todos os contratos de investimento que vaia realizar a entidade durante a vixencia do plan antes da súa adxudicación, sendo a dita viabilidade requisito preceptivo para a celebración do contrato	0,00	0,00	0,00	
Medida 10: Redución da celebración de contratos menores (primarase o requisito do menor prezo de licitación)	0,00	0,00	0,00	
Medida 11: Redución de cargas administrativas aos cidadáns e empresas	0,00	0,00	0,00	
Medida 12: Modificación da organización da corporación local	0,00	0,00	0,00	
Medida 13: Redución da estrutura organizativa da EELL	0,00	0,00	0,00	
Medida 14: Redución na prestación de servizos de tipo non obrigatorio	0,00	0,00	0,00	
Medida 15: Outras medidas polo	0,00	0,00	0,00	

lado dos gastos correntes				
Gastos de capital	4.954.626,16	-81,51	916.118,39	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	4.954.626,16	-81,51	916.118,39	Ídem anterior
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	
Medida 16: Non execución de investimentos previstos inicialmente	0,00	0,00	0,00	
Medida 17: Outras medidas polo lado dos gastos de capital	0,00	0,00	0,00	
Gastos non financeiros	38.825.033,73	-3,19	37.587.421,23	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	38.825.033,73	-3,19	37.587.421,23	
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	
Gastos financeiros	35.000,00	587,46	240.612,23	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	35.000,00	587,46	240.612,23	Ídem anterior
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	
Gastos totais	38.860.033,73	-2,66	37.828.033,46	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	38.860.033,73	-2,66	37.828.033,46	
Derivados de modificacións de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	

A) DETALLE DE GASTOS CORRENTES	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DAS ORN)	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DOS CRÉDITOS INICIAIS)	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCIONS
Capítulo 1. Gastos de persoal	12.433.892,82	-1,21	12.283.272,62	Os criterios que se tiveron en conta para efectuar a estimación das ORN 2024 e previsións 2025 son os establecidos para a elaboración da información do 2º trimestre enviada ao Ministerio e do Plan orzamentario a medio prazo para o período 2025-2027
Capítulo 2. Gastos correntes en bens e servizos	19.057.022,06	13,70	21.668.126,27	Ídem anterior
Capítulo 3. Gastos financeiros	27.506,50	130,85	63.500,00	Ídem anterior
Capítulo 4. Transferencias correntes	2.351.986,19	12,94	2.656.403,95	Ídem anterior
Capítulo 5: Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00	
Total de Gastos Correntes	33.870.407,57	8,27	36.671.302,84	

B) DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DAS ORN)	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DOS CRÉDITOS INICIAIS)	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCIONS
Capítulo 6. Investimentos reais	4.942.609,90	-81,46	916.118,39	Ídem anterior
Capitulo 7. Transferencias de capital	12.016,26	-100,00	0,00	

Total de Gastos Capital	4.954.626,16	-81,51	916.118,39	
-------------------------	--------------	--------	------------	--

C) DETALLE DE GASTOS FINANCIEROS	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DAS ORN)	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DOS CRÉDITOS INICIAIS)	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCIONS
Capítulo 8. Activos financeiros	35.000,00	157,14	90.000,00	
Aportacións patrimoniais	0,00	0,00	0,00	
Outros gastos en activos financeiros	35.000,00	157,14	90.000,00	Ídem anterior
Capítulo 9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	150.612,23	Ídem anterior
Total de Gastos Financeiros	35.000,00	587,46	240.612,23	

SALDOS, CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO, DÉBEDA VIVA:

Datos económicos consolidados en euros, das entidades que integran a corporación.

SALDOS E OUTRAS MAGNITUDES	ANO 2024	% TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025	SUPOSTOS NOS QUE SE BASEAN AS PROXECCIONS
Saldo operacións correntes	3.924.833,29		431.720,66	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	3.924.833,29		431.720,66	
Derivados de modificacións de políticas	0,00		0,00	
Saldo operacións de capital	-1.175.541,60		-281.108,43	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-1.175.541,60		-281.108,43	
Derivados de modificacións de políticas	0,00		0,00	
Saldo operacións non financeiras	2.749.291,69		150.612,23	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	2.749.291,69		150.612,23	
Derivados de modificacións de políticas	0,00		0,00	
Saldo operacións financeiras	504.568,04		-150.612,23	
Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	504.568,04		-150.612,23	
Derivados de modificacións de políticas	0,00		0,00	
Saldo operacións non financeiras	2.749.291,69		150.612,23	
(+/-) Axustes para o cálculo da cap. ou neces. Financ. SEC2010	70.074,00		70.074,00	Devolución PTE
Capacidade o necesidade de financiación	2.819.365,69		220.686,23	
Débeda viva a 31/12	2.890.837,90	-5,21	2.740.225,67	
A curto prazo	0,00	0,00	0,00	
A longo prazo	2.890.837,90	-5,21	2.740.225,67	
Ratio Débeda viva/Ingresos correntes	0,08	-12,50	0,07	

PASIVOS CONTINXENTES:

PASIVOS CONTINXENTES	ANO 2024 (ESTIMACIÓN DAS OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS)			TAXA VARIACIÓN 2025/2024	ANO 2025 (ESTIMACIÓN DOS CRÉDITOS INICIAIS)		
	NON INCLUÍDOS NO ORZAMENTO	INCLUÍDOS NO ORZAMENTO	TOTAL		NON INCLUÍDOS NO ORZAMENTO	INCLUÍDOS NO ORZAMENTO	TOTAL
Avais concedidos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Préstamos morosos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Garantías	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Sentenzas ou expropiacións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

PRÉSTAMOS MOROSOS:

Información relativa aos préstamos (total e saldo en mora) concedidos polas Corporacións Locais, Directiva 2011/85/UE.

	2024	2025
Saldo vivo (sen deducir deterioros) dos préstamos concedidos pendentes de amortizar a 31/12 por:		
Administración Xeral da Corporación Local	0,00	0,00
Organismos Públicos da Corporación Local, clasificados en S.1313	0,00	0,00
Resto de entidades controladas pola Corporación Local, clasificadas en S.1313	0,00	0,00
TOTAL SALDO VIVO DE PRÉSTAMOS CONCEDIDOS:	0,00	0,00
Desglose do dato anterior (saldo vivo) correspondente aos importes en situación de mora		
Administración Xeral da Corporación Local	0,00	0,00
Organismos Públicos da Corporación Local, clasificados en S.1313	0,00	0,00
Resto de entidades controladas pola Corporación Local, clasificadas en S.1313	0,00	0,00
TOTAL IMPORTES DE PRÉSTAMOS EN SITUACIÓN DE MORA:	0,00	0,00

SEGUNDO.- Dar conta aos servizos económicos, para que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste decreto para dar cumprimento ao sinalado na Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO.- Dar conta ao pleno deste decreto para o seu coñecemento na próxima sesión que se celebre.

O Concello Pleno, deuse por enterado.

17 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN A SOGAMA. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE NARÓN EN RELACIÓN A SOGAMA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados deste ano, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) procedeu a actualizar o canon de 2024 tralas medidas aplicadas polo Estado no marco da *Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, como, por exemplo, os impostos ao vertido e á incineración. Uns tributos que representaron o pasado ano unha contía de 9,1 millóns de euros que a empresa pública soportou cos seus propios recursos, apoiando aos concellos para non gravar as arcas municipais.

Ademais, a través dunha orde ministerial, publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%.

Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación dos novos impostos, ao tempo que pediu á Fegamp que as secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico.

Se ben o Estado e o propio partido socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece á transposición dunha Directiva europea, o certo é que, na actualidade, a práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos.

De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12 euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon de próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.

Por todo isto, **o grupo municipal do PP presenta as seguintes propostas de:**

ACORDOS

- 1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.
- 2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).
- 3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.

Narón, 6 de setembro de 2024

Germán Castrillón Permuy”

E visto o ditame Desfavorable (cos votos en contra de Tega -5-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1- / e os 3 votos a favor dos representante do PP) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 19-09-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: Grazas Sra. Alcaldesa

Desde O grupo popular do Concello de Narón presentamos esta moción sobre Sogama, en relación a entrada en vigor da lei 7/2022 do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, como por exemplo, os impostos ao vertido e á incineración.

Consideramos que é necesario solicitar unha prórroga ou unha moratoria para empezar a aplicar a Lei 7/2022, de 8 abril. Como están facendo moitos países da UE.

É verdade que a iniciativa 851/2018 da directiva da UE que se incorpora ao ordenamento xurídico así como as principais obrigas derivadas da iniciativa 904/2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio Ambiente, coñecida como plásticos dun só uso.

Entre os obxectivos da norma, tal e como indica no seu articulado, atópase "a prevención e a redución da xeración de residuos e dos impactos adversos da súa xeración e xestión, a redución do impacto global do uso dos recursos", así como "prever e reducir o impacto de determinados produtos de plástico na saúde humana e no medio ambiente".

Na actualidade o concello de Narón non ten adaptada a ordenanza, (como lles ocorre a maioría de concellos) para poñer en marcha a Lei 7/2022. Isto sería unha boa razón para solicitar: Unha moratoria para a súa aplicación mínimo entre 2 ou 3 anos, como o están facendo 18 países da UNIÓN EUROPEA.

Dos 27 e entre eles están, Alemania, Finlandia ou Suecia.

Narón que é o caso que estamos a tratar!! é preocupante o que queren e van facer cos RSU, por non escoitar unha e mil veces a este grupo, cando sacaron a licitación a recollida dos RSU, en varias ocasións advertímoslles o que ía a suceder nos próximos anos. Vostedes asinaron o contrato no 2021, estamos no 2024, estamos na mesma situación.

Por non facer unha licitación adaptada á nova regulamentación.

A verdade é que perderon unha gran oportunidade...de ser o primeiro concello do entorno de ter un servizo novedoso e adaptado aos novos tempos.

Con este servizo, una vez máis demostran que están faltos de ideas e que solo saben xestionar a base de irlle ao peto aos cidadáns.

Con isto o que fan e asfixiar unha vez mais a tesorería das veciñas e veciños un día si e outro tamén.

Non se pode entender que o goberno de Narón vote en contra de que amplie o prazo para poñer en marcha esta lei 7/2022, como fixeron na comisión informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas.

Vostedes son os responsabeles das 3 "R" ; Reducción, Reutilización e Reciclaxe e preveer un sistema para que o ciudadano se sinta integrado no sistema e vexa que si recicla obtén beneficios. Eso sería a clave. O que lle pedimos cando sacaron a licitación o concurso de residuos sólidos urbanos.

A verdade, é que nos entristece a apatía do goberno de Narón e a su falta de ideas para avanzar na boa dirección e facer unha xestión moderna e dinámica de este concello, hoxe falamos dos RSU e para o mes será outro tema como poden ser as infraestruturas, o Turismo o servizo de axuda no Fogar entre outros moitos.

A culpa sempre a teñen outros, A Xunta, a Deputación e neste caso Sogama e logo as veciñas e veciños que non entenden a vosa forma de xestionar... porque se necesita moito diñeiro para poder facer todo o que piden e pedimos dende a oposición....

Como todos sabemos o diñeiro é importante pero non é a solución para todos os males que ten este concello.

Hai outras formas de facer as cousas, con unha xestión máis eficiente e mellor programada.

As normas que establece a presente Directiva permiten sistemas de xestión de residuos, os municipios teñen a responsabilidade xeral da recollida dos residuos municipais, de sistemas en que tales servizos poden subcontratarse a empresas privadas, (como está en Narón que non decimos que non estea ben, o problema é cando se fixo o Prego) ou de calquera outro tipo de distribución de responsabilidades entre os axentes públicos e privados.

Á vista das razóns expostas, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e de responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos acordos que deu lectura o Sr. Secretario.

Espero como mínimo que o grupo que goberna este concello sexa consciente de cómo ten que votar nesta moción. Espero que así sexa. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas.

Esto me lembra cando eu era cativo, cando xogabamos no parque ao fútbol ou calquera outro deporte, cando a pelota caía na finca do lado, entón decíamos “bueno, aí da botella el que la tira va a por ella” e o que a tiraba moitas veces decía “ y del vaso el que lo tira no hace caso”. Bueno, pois esta é a política que aplica o partido popular neste senso. O que contamina, que neste caso é a Xunta, non quere pagar e o que esixe aos concellos é que paguemos neste caso, o que contamina.

Bueno, dende o PS deG temos claro e reclamamos á Xunta e neste caso, ao seu presidente, ao Sr. Rueda, que asuma o 100% da suba do canon de Sogama para que a súa mala xestión non a paguen as economías familiares e un crecemento do recibo do lixo. A subida do canon de Sogama ven provocada por un imposto que establece Europa, ao considerar que é un sistema de tratamento de residuos, é o máis nocivo dende o punto de vista medioambiental e dende a eficiencia.

O imposto grava incineración. E o depósito en vertedoiro que deberían ser as últimas opcións na xerarquía de xestión de residuos e que son as que usa Sogama de forma prioritaria.

De feito os últimos datos que temos, do ano 2022 así o reflicten. En concreto o 60,47% adicado a incineración, o 21% a vertedoiro e o 18% restante a reciclaxe. Tras as presións neste caso, do partido socialista, do PSdeG e doutros representantes, Rueda veuse obrigado a anunciar que a Xunta asumiría a subida pero di, que só do 60%. O que rexeitamos porque consideramos delirante este avance que vai asumir só unha parte da suba dun canon que é mesmo..... e que ademais é provocada pola súa xestión negligente.

A postura do PSdeG é clara. Pedimos a Rueda que asuma o 100% da suba do canon e ademais que cambie esa forma de maneira consensuada coa FEGAMP, co modelo de xestión de Sogama, para evitar que cada ano sexa maior o gravame. Pero de onde vimos? Vimos dende que no ano 2014 PP subiu o canon de Sogama un 33,5%, o que provocou un grande rexeitamento nos concellos e na FEGAMP. Posteriormente e coa proximidade electoral, a Xunta aprobou no 2019 unha bonificación do 10% do canon de Sogama co fin de incentivar aos concellos para que impulsasen mellores políticas dos seus residuos que intentaron retirar no 2023 con moita polémica.

Ante a presión social e política cambiaron esta bonificación por unha do 15% para incentivar a recollida orgánica.

Este verán a pesar da oposición do PSdeG e da FEGAMP, a Xunta e Sogama anunciaron a supresión da bonificación do 15% e o incremento do canon que este ano para o ano 2025 co seguinte aumento dos recibos do lixo. Coa supresión da bonificación castigan aos concellos que durante estes anos si fixeron os deberes e cumpriron os compromisos medioambientais xa

que impoñen un canon único e incrementado para todos se ter en conta e sen diferenciar aos que están a incumprir e avanzar cara unha xestión sostible e os que non, no.

As subas do canon serían as seguintes: este ano o canon pasaría de 66 euros/tonelada a 78 euros/tonelada. A media serían 78 euros. Pero quedan 66 euros porque lle restan os 12 euros procedentes do Fondo de cooperación local, é dicir, do fondo destinado para todos os concellos de Galicia que van ver que perde digamos eses cartos.

Pero a Xunta anunciou tamén unha nova suba no ano 2025, cando a cota pasará dos 66 euros actuais aos 108 euros para o ano 2025, o que vai ocasionar un segundo gran impacto nas arcas municipais e no recibo da veciñanza.

O PP da Xunta, culpa a Pedro Sánchez e á lei de residuos do ano 2022, sempre a mesma excusa, para non asumir responsabilidades pola súa mala xestión, pero a realidade é que España tivo que adaptar unha lei a Lei a directiva europea do ano 2018 que antes se citaba, e que grava fórmulas de xestión de residuos que non son recomendables medioambientalmente e que xa se aplica na maioría dos países europeos.

E por último salienta, é verdade e realidade que Sogama ten perdas? O que son estas perdas que son inasumibles, pois mira, dende o PSdeG decimos que no. Porque a recadación sumará os ingresos que vai ter este ano pola venda de enerxía, que subirá un 81,31% respecto aos do ano 2022 e agora o sobrecusto que supón o pago do novo imposto, a recadación deste imposto está cedida á Xunta de Galicia pola Lei 36/2022 de 27 de decembro que modifica a lei que xestiona o réxime da cesión de tributos a cada comunidade autónoma.

Con este imposto a Xunta recadou máis de 10 millóns de euros e teñen previsto para este ano, recadar máis de 12, en total polo tanto, case 23 millóns de euros. Non esquezamos ademais que é unha entidade semipública, Xunta ten un 51% e Naturgy ten o 49. E polo tanto, sen ánimo de lucro, dado que a Xunta é a accionista maioritaria de Sogama e recada este imposto, se recada a si mesma.

Para os socialistas galegos é claro que a Xunta mira polos intereses particulares de Naturgy, xa que a Xunta recupera as perdas coa recadación do imposto, pero non mira polo interese dos galegos e das galegas.

E outro dos sobrecustos, para ir rematando, que non podemos deixar de nomear, é o derivado do transporte do lixo ata a planta de Cerceda o que se evitaría coas plantas de proximidade que xa estaban previstas, e que son necesarias a creación das 11 plantas dos cales no 2023 unicamente se fixeron 3. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: bos días.

Sorprendida, anodada, estupefacta, desconcertada, pasmada, pampa que me quedo eu con esta moción e cando chegou a oficina do Bloque Nacionalista Galego. Porque despois de presentar o BNG unha moción do taxazo de Sogama ven o partido popular de Narón por encargo da Xunta, e presenta esta moción parar botar balóns fóra dun taxazo polo tratamento do lixo para que sexan os concellos e polo tanto, a veciñanza, quen nos rasquemos os petos para pagar a situación de banca rota de Sogama cun modelo centralizado, obsoleto, ecolóxico e por certo moi, moi caro que decidiu a Xunta de Galicia do partido popular que teñamos, que creou a Xunta de Galicia do partido popular.

Veña, vou aproveitar este pleno para pedirllas unha cousa aos compañeiros que temos do partido popular e que lle reclamen á Xunta que dialogue cos concellos dunha vez para este tema, para cambiar o modelo galego de tratamento de residuos e que aposte pola compostaxe, a reciclaxe e a reutilización. Por certo, o que leva o BNG defendendo absolutamente toda a vida. É unha pena que levemos décadas decindo que se ten que facer outro modelo porque é medioambientalmente sostible e máis barato e melloraría a vida de todos os galegos e galegas,

e que a Xunta de Galicia do partido popular esté con este modelo obsoleto e que agora pretenda culpar aos concellos.

E que de verdade quedo pampa co que acabo de escoitar e con esta moción. E vou nomear o atraco que decían un pouco dende o partido socialista, porque si que é un atraco o que a Xunta quere aplicar no canon que pagan polo tratamento de residuos os concellos. E dou o dato: segundo o anunciado pasarán de abonar 56 euros/tonelada no ano 2023 a 108 euros no 2025. E isto vai a acordar o negocio da Xunta de Naturgy e Sogama porque é verdade, é unha empresa pública, desto tamén sabemos en Narón pero esta empresa pública ten o 51% da Xunta de Galicia e 49% Naturgy que por certo, a suba ven por aí, porque como o gas sube, a incineraciónusa ese gas, Naturgy vains cobrar por ese gas na súa propia empresa agora que están nunha ruína estrepitosa y están nunha ruína estrepitosa porque xa no 2015, fixeron contratos multimillonarios por máis de 700 millóns de euros e que aínda temos que pagar para a ampliación das instalacións de Sogama e seguir con ese modelo obsoleto de incineración porque vos dou outro dato oficial: o 80% dos residuos que chegan a Sogama de todo o país van ou para incineración ou para container, ou sexa, non para reciclaxe nin para reutilización. Ese é o modelo que fai a Xunta que todos sabemos que se engorda con portas xiratorias e outros modelos que tanto coñecemos polo partido popular e bueno, e Naturgy tamén temos exemplos do partido socialista, véxase Felipe González.

E utilizan como excusa, e é o que traen hoxe ata aquí un imposto estatal que penaliza a incineración e vertedoiro, por certo un gravame do estado que aprobou o partido popular, votou a favor, apoiouno no Congreso e que responde á directiva europea de residuos. Ou sexa, repito, o modelo de fracaso de Sogama que sempre denunciámos dende o BNG e que fai que estemos á cola do estado en reciclaxe, porque no do ano 2020 apenas reciclábamos en Galicia o 20% cando a Unión Europea marcaba o obxectivo do 50.

E vostedes si que decían “bah, vai haber ampliacións, vai haber ampliacións” pero lles podo poñer exemplos doutras comunidades que si que fan o seu traballo: o País Vasco, a Rioja que é do partido popular, a comunidade valenciana, Cataluña. De feito en Cataluña xa pasan este gravame e os seus recursos ..utilizan os recursos deste imposto para fomentar alternativas aliñadas coas directivas da Unión Europea e non nos digan que veñen con rebaixas que bueno, hai unhas semanas que xa o deixaron de decir porque viron que era unha auténtica barbaridade de que ían a bonificar unha parte dese imposto que nos van a cobrar a todos e a todas porque si son vostedes a Xunta de Galicia quen recada ese imposto, díganos “vovos subir tanto..” non “vovos subir tantísimo e só ides pagar tanto. No, e que recadan vostedes o imposto. É dicir, vannos facer un taxazo que nos vai costar a todos os galegos e galegas e a todos os veciños e veciñas de Narón.

E dígolles unha cousa, hai maneiras de negociar e de conseguir cartos. Vostedes veñen de reunirse co presidente do estado español Pedro Sánchez, ven de reunirse o presidente da Xunta de Galicia Alfonso Rueda, non me digan vostedes que non necesitamos 14.297 millóns de euros que é a débeda que ten agora a Xunta de Galiza, o goberno galego e que pagamos moito máis caro porque por decisións políticas e estar polo que lle din a Génova, vostedes decidiron ir á banca privada co que estamos pagando todos os galegos e galegas moitísimo máis, e que pagamos moito máis caro porque por decisións políticas e estar polo que lle din a Génova, vostedes decidiron ir á banca privada co que estamos pagando todos os galegos e galegas moitísimo máis por ese crédito que ir no seu momento á banca pública.

Se consegue un acordo: onde se lle quita esa débeda aínda que non foran á banca pública vostedes deciden que non, que non lles fai falta. Con ese diñeiro que é máis do que destinan en dependencia e en tantas, tantas outras cousas. Vostedes deciden que non teñen ese diñeiro pero si cobraron un taxazo para que todos os veciños e veciñas teñamos que pagar unha

barbaridade por un modelo caduco, antiecolóxico e que non vale absolutamente máis que para contaminar e seguir engordando a Naturgy e as portas xiratorias que vostedes coñecen ben.

Dígolle outra cousa: o lendakari pasou cunha axenda de autogoberno medidas concretas e agora vostedes viñeron coas mans baleiras. Pois con esas mans baleiras se poderían facer moitas cousas pero depende máis do que lle diga Ayuso que si que é solidaria rescatando radiais madrileñas das que todos e todas tivemos que poñer dos nosos petos, pero non saben negociar absolutamente nada e nos veñen agora aquí vendendo unha moto que é imposible de crer. Fixeron mal as cousas e agora queren cobrar con taxazo.

Dígolle unha cousa, cada vez que incinera Sogama abrasa a todos os concellos que teñen que levar alí os seus residuos e se están abrasando as arcas municipais de concellos que xa teñen que facer fronte a moitas cousas que tiñan que facer a Xunta de Galicia e que aquí tamén coñecemos ben, como podería ser os almozos dos nenos e nenas nas escolas. Ou en concellos do lado que nin sequera teñen os comedores a Xunta de Galicia como pode ser no de Fene, e poderíamos continuar ata o infinito. Non entendo que se traia esta moción para intentar vender algo ou para que aprendades un discurso que dende logo non é crible, que é unha vergoña e pídolle por favor, que falen cos seus compañeiros e compañeiras da Xunta de Galicia para que den marcha atrás. Aínda están a tempo.

-Sr.Romero Franco: ven, está todo bastante dito. Queda claro aínda que nos intenten facer ver o contrario que a política permanente que fai o PP da Xunta de Galicia de intentar facer responsable aos concellos e neste caso, cargar algo aos veciños, neste caso de Narón por algo que é única e exclusivamente responsabilidade da Xunta de Galicia e volve a ser unha mostra máis delo como xa tamén se dixo, o réxime de cesión dos tributos do estado da Comunidade Autónoma de Galicia de fixación do alcance das condicións da devandita cesión materializouse a cesión sobre a disposición dos residuos e en vertedoiros coa incineración de residuos, pola que a Comunidade Autónoma de Galicia ten previsto ingresar algo máis de 12 millóns; 12.150.039 euros. Na información elaborada por Sogama cítase que unha das razóns do incremento do canon é este imposto e que calcula máis ou menos en 9,1. É fácil, se facemos unha operación sinxela lle imos ingresar á Xunta de Galicia 12 millóns por ese imposto e o problema era os 9 millóns, pois mirade que sinxelo podería ser.

A todas luces queda demostrado que a xestión de residuos por parte de Sogama debe de xirar a unha mellor capacidade de separación e reutilización dos elementos ... porque a alternativa da incineración e o verquido levan a un aumento dos custos de explotación e inestabilidade dos ingresos cando esto xa se ven advertindo dende hai anos dende as directivas europeas e non é ningunha sorpresa.

Decir que o obxectivo da Unión Europea é recuperar o 50% dos residuos e Sogama está a un 20%. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

A verdade é que sorprende que teñan tan poucos recursos para despois votar en contra desta proposta, no.

En consecuencia, a xestión dos residuos municipais require un sistema de xestión de residuos moi complexo que comprenda un réxime eficiente de recollida, algo co que Narón non conta, un sistema eficaz de clasificación de residuos e unha trazabilidade adecuada dos fluxos de residuos, o compromiso activo dos cidadáns e as empresas, unhas infraestruturas adaptadas á composición específica dos residuos e un sistema de financiamento elaborado. Os municipios, mancomunidades ou agrupacións de concellos que desenvolveron sistemas eficientes de

xestión de residuos municipais obteñen xeralmente mellores resultados na xestión xeral de residuos, mesmo na consecución dos obxectivos de redución,, recuperación e reciclaxe.

Se vostedes reciclan máis pois terán máis ingresos das empresas complementarias Se vostedes reciclan máis....., pagarán menos. Non o queren comprender? De quen é a competencia da recollida de residuos sólidos urbanos? Municipal.

Vostedes son os responsables, vostedes a base de poñer moitos contenedores na rúa, a base de poñer moitos contenedores na Rúa sin ningún criterio, ocupando beirarruas, aparcamentos, torpedeando as manobras do servizo do transporte público, entre outras moitas incidencias, sin falar da obstaculización na visibilidade en determinados cruces das distintas rúas do concello que aínda siguen estando . Esa é a realidade.

Sobre determinadas cuestións que vostedes expoñen sobre Sogama, imos falar de resultados, imos falar de resultados porque a verdade é que se pode decir moitas cousas pero outra cousa é que todo o que se diga sexa real e sexa verdade. Entón imos a falar de resultados.

Paralelamente, Sogama veu traballando na elaboración dun Plan Estratégico para o período 2024 -2030 .

O sistema de Sogama cumpre fielmente cos preceptos da Unión Europea, priorizando a aplicación do principio das tres erres (Redución, Reutilización e Reciclaxe), que complementa coa recuperación enerxética da fracción no reciclaxe, relegando a vertedura a último lugar.

En Europa están operativas máis de 500 plantas de valorización enerxética igual que Sogama.

Sobre o custo da tonelada en comparativa con outros sistemas da nosa comunidade, imos a falar deso. Eu creo que o outro día entendí que a Sra. Olaia nos decía que Nostián tenía un canon máis reducido que Sogama, imos comprobar:

No ano 2024 Nostián: 119 €/t Barbanza: 150 €/t (2024)

Sogama: 108 €/t (2025) 66€ + (12€ FCL). No 2025 Sogama vai ser 108 €/t, vaise quedar menos según un anuncio do presidente da Xunta onde vai a bonificar o 60% de 42€ , 24€ asumeo a Xunta se quedarían en 84€. Posiblemente sexa moito, non imos a decidir que sexa pouco pero posiblemente sexa moito.

Pero tamén hai outros feitos que creo que o concello de Narón acaba de recibir hai 15 días ou menos unha compensación do Fondo de Compensación local, unha cifra entorno aos 176.000,00 €, que ven para isto tamén.

Tasas de vertidos, que se falou tamén aquí o outro día que Nostián tal:

Nostián: 50%; Barbanza: 64%; Sogama: 21% e o global da comunidade porque ten que sumar esas dúas é o 31% a vertedoiro.

Eso é o que está pasando en Galicia agora mesmo. Outra cousa é que vostedes non o queiran recoñecer. Pero a propia Fegamp cando saíu isto o dixon, que este era un problema para todos os concellos. Porque a Fegamp aínda que non queira pactar e aínda que non queira votar a favor, sabe que a competencia é dos concellos.

Esa é a realidade. E despois creo que hai unha confusión grande.

Traballo en orixen: é dicir, a labor dos Concellos cantos máis residuos envíen a reciclar, máis ingresos reciben por parte dos scraps e menos deben de pagar a Sogama. Se vostedes fan máis reciclaxe terán máis ingresos que reciben do sistema de colectivos de responsabilidade ampliada do produto, que é o vidro e o plástico. E nós llelo dixemos, nós llelo dixemos. Cando sacaron a licitación os residuos sólidos urbanos, non o quixeron entender.

O que nos sorprende de verdade é que o grupo de goberno estea a favor de que haiba que subir unha taxa, un canon perdón, un canon aos veciños e veciñas de Narón. Cando se podería pedir unha moratoria para adaptarnos e facer un sistema onde a xente se vexa integrada nun programa de reciclaxe e de verdade, nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, estou repasando e non falei de Nostián. Si que é un modelo moitísimo máis sostible, estou repasando aquí a intervención, se queres pásosha despois sen ningún problema; por certo, en Barbanza pagan menos aínda que a tonelada tal... porque teñen bonificacións grazas ao traballo que se está a facer.

Ben, falou de Redución e Reutilización. Repito, o 80% dos residuos que chegan a Sogama acaban incinerados ou acaban en vertedoiros. Ou sexa, o de Redución e Reutilización poden repetir esa mentira mil veces pero vai seguir sendo mentira Sr.Castrillón.

E modelo eficiente de recollida que falaba ao principio ... eu polo que entendo do que dixo o Sr.Germán Castrillón, a culpa é dos veciños e veciñas que non sabemos reciclar e por eso agora imos a pagar máis pola recollida de lixo porque como os concellos fan o que lles manda Sogama e ao final se pagaban máis por como incineraban, vostedes sacaban máis diñeiro e collían todos os plásticos, cantos máis plásticos haxa mellor etc. etc. agora resulta que os concellos que bonificaban por facer ben esas cousas, entre eles estaba tamén este concello, vostedes agora lles van aplicar o tasazo aínda con máis enerxía. Entonces dígame, non hai un modelo eficiente porque os veciños e veciñas somos pampos, como me quedei eu con esta moción, e agora imos a ter que pagar máis. Nós cuestionamos no seu momento o contrato que se fixo do lixo, sábeo aquí por exemplo, Ibán Santalla que o levaba naquel momento, e pedimos outras maneiras.

Sabemos que un concello non pode facer as cousas só pero hai outros modelos como Allarid, Pontevedra, como os que facía a Deputación de Pontevedra en concellos como O Grove, e tantos outros con outros modelos de xestión de residuos con iniciativas do bloque nacionalista galego, nós pedimos que Narón se poña á cabeza e que consigamos ter unha planta de compostaxe comarcal pero lles vou lembrar unha cousa, vostedes nunca presentaron outro modelo porque a vostedes os que vos valía é o modelo de Sogama e agora teñen un problema e queren botar balóns fóra. Entonces bueno, esa é outra mentira que polo menos as persoas que conformamos o bloque nacionalista galego de Narón non nolo imos crer porque o partido popular de Narón, nunca presentou un modelo alternativo o que hoxe temos no noso concello, e cando o negocio de Sogama salta polos aires, cando vostedes están noqueados e noqueadas e os concellos se lles botan enriba o seu goberno intenta botar a culpa ao que non é e é un imposto que en ningún estado, só vostedes agora cuestionan.

Abogamos por certo, e volvo a repetir e pedímoslle e vou mentar aquí á compañeira Olalla Rodil cunha frase que dixo no Parlamento “*non damos a ninguén por perdido*” nin sequera a vostedes, os señores do partido popular, que aos señores da Xunta de Galicia e Naturgy que xestiona a Sogama, que impulsemos dende xa un pacto de país que permita camiñar para outro modelo, para a xestión de residuos municipais.

Pedimos un cambio de rumbo porque é necesario. Non porque agora a Unión Europea veña ou porque haxa este taxazo. Porque era necesario de moito antes e a Xunta de Galiza do Partido Popular nunca fixo os deberes porque había outras cuestións máis importantes que apañar, que os incentivos de reciclaxe, que haxa reutilización da compostaxe de verdade e cumprindo as directivas da Unión Europea, que non é nin Bolchevique, nin revolucionaria nin etc. simplemente cumprir as directivas da Unión Europea que vostedes tamén andan por aí de vez en cando defendendo Galiza pouco, tamén hai que dicir, e eso. Que cantos menos residuos se queimen en Sogama menos abrasarán aos concellos deste país. Eu pensei que me ía a contestar a esa débeda que vostede decide dos 14 mil e pico millóns, o partido popular como lle din en Génova que non lle interesa e Ayuso supoño que tamén pero lle vou dicir unha cousa. Porque tamén hai unha cousa que fala de solidariedade..... rescatamos todos e todas os 90.000 millóns de euros que lle dimos á banca, para vostede eso era solidariedade e

os 4000 millóns de euros das radiais madrileñas para vostede é solidariedade, e dígoos aquí porque trouxo esta moción. Os galegos e galegas non vivimos da lismona que nos dá Madrid. Vivimos do noso traballo. Que lles quede moi claro e cos impostos dos galegos e das galegas pagamos as nosas pensións, pagamos dependencia... e agora o presidente da Xunta de Galicia decide que máis de 14.000 millóns de euros non lle interesa, ou esa frase que a min me quedou ... de verdade ou sexa, non lle preguntou a Pedro Sánchez pola débeda, por que cre que el xa sabía a opinión do presidente, que foi alí a Madrid a non dicir nada e como o outro non lle ofreceu nada, el cre que non lle preguntou por eso. Así estamos, cun acordo asinado de quitar eses máis de 14.400 millóns de euros. Eso é o que está acontecendo con Sogama e vostedes unha vez máis botan balóns fóra e non se dan conta que ao final os que perdemos somos todos e todas, os veciños e veciñas de Narón.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

A verdade é que como non temos recursos para falar desta moción nos imos con outros ... só din verdades vostedes pero nós creo que decimos moitas verdades e están recollidas nas actas, e se non repase as actas dalgúns plenos onde este grupo solicitou que se fixera a bonificación que non se estaba facendo, que se perdeu varios anos por non modificar unha ordenanza, por non modificar unha ordenanza perderon os veciños, perderon a bonificación de Sogama neste concello. E repase tamén as actas de cando se debateu a contratación dos residuos sólidos urbanos, o que propoñía o partido popular. Réviseo para que vexa que si que plantexamos cousas.

Eso é a realidade, a verdade. Non vaia a pensar que só vostede di verdades. Dirá algunhas, non lle vou a discutir o contrario porque cada un ten a súa verdade, neste caso creo que vostede ten unha verdade equivocada. Porque mire, en varios anuncios e en varias prensa nacionais saíu, “a taxa das vasoiras ameaza a toda España, ninguén quere firmar o taxazo de Pedro Sánchez. Esa é a realidade.

Por outra parte, Sogama é o segundo máis barato de España. E se falamos coas bonificacións aínda é o máis barato de España. Esa é a realidade.

Entonces nos estrana que vostedes queiran dar a volta ao contrario. Aquí o que estamos pedindo, e non estamos en contra dos veciños, todo o contrario, nós consideramos que o veciño ten que ser o beneficiado, o veciño tense que sentir integrado para reciclar e se o veciño ve que é beneficiado ao reciclar, reciclará. Pero si estamos 10 e só recicla 1, ese 1 dirá “home, só reciclo eu e o recibo pagamos todos o mesmo”. No, o que recicla tense que beneficiar, eso é o que pide o partido popular, e o que leva dito dende hai moitos anos. Neste pleno e en moitos debates que houbo. Polo tanto, non se equivoque unha vez máis, señores do goberno. Xa sei que a oposición queren ir con Pedro Sánchez porque Pedro Sánchez, creo que lles vai vender ao bng as lismosnas que lle pediron que non lle concedeu nin unha, estamos esperando por todas. As lismosnas que lle pediron, entonces a realidade é esa. Non se equivoquen vostedes que están gobernando, non se equivoquen. Actúen como deben actuar para que isto saia adiante. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: mire, vostede na súa intervención falou de cousas que a moción non contempla. Falou de pedir unha moratoria, aquí eu acabo de volver a lela, non ven en ningún lado, é dicir, que nós estaríamos dispostos a votar a favor dunha moratoria? Si, hoxe mesmo. Pero no que ven aquí na moción, non ven. Despois, que quede claro, clarísimo, é dicir, non estamos a favor de subir ningún tipo de canon para nada, e vostede o que está decindo na súa intervención de que si reciclamos máis e tal. Mire, tiña unhas notas que lle leu unha. Sogama non vai ser transparente no cobro dos impostos dos concellos, vai cobrar a todos os

concellos a mesma cantidade por toneladas, sen ter en conta a composición da fracción ... é dicir, os esforzos que o concello realice non van ter ningún tipo de beneficio. É dicir, é así, os concellos tampouco deciden que vai a vertedoiro e que se incinera. Existen diversos tipos impositivos do imposto que se aplican a todos por igual.

Eso que vostede decía que o que contamina paga non se dá neste caso, e non se dá neste exactamente o que queren aplicar agora mesmo. Entón, por clarificar. Nin sequera falou desa moratoria. Só na súa intervención e evidentemente que quede claro que neste caso, o equipo de goberno e a verdade é que xa todas as intervencións, van na mesma liña, non estamos dispostos a asumir neste caso, ningún tipo de subida dese canon. Que quede claro. O que estamos a facer é votar en contra desta moción polas razóns que se explicaron xa con anterioridade.

Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o DITAME DESFAVORABLE da moción transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 En contra

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

QUEDA REXEITADA A MOCIÓN.

18 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE INCLUSIÓN DUN TÉCNICO DEPORTIVO PROFESIONAL NO CADRO LABORAL MUNICIPAL. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

Narón é un exemplo no deporte. Éo porque nel temos asociacións, clubs, entidades que traballan con técnicos e persoal directivo, moitas veces de maneira desinteresada, para que a práctica de diferentes deportes para nenos, nenas e persoas adultas sexa unha realidade. Por todo isto, o concello xestiona convenios, subvencións e o uso das instalacións deportivas do concello. Isto obriga a ter unha boa administración deportiva onde o orzamento, a xestión e un coñecemento interdisciplinar é necesario. O padroado de deportes creouse tamén con este obxectivo mais a falta de convocatoria ás veces e falta dun referente con coñecemento global do deporte fai que unha xestión que debese ser máis técnica recaia na parte política.

Para todo isto a figura de técnico/a deportivo municipal existe e é a mellor maneira de traballar en grande parte dos concellos. Unha visión que permita coñecer os diferentes deportes e as súas necesidades e que valga para a equidade entre clubs, entidades, asociacións e persoas a nivel individual que fagan uso de instalacións deportivas.

Un técnico deportivo en Narón implicaría unha persoa no cadro laboral municipal cun coñecemento global e transversal do deporte, que pode actuar de maneira profesional á fronte de actividade física e deportiva de Narón e que xestione os usos de instalacións deportivas públicas do noso concello na zona urbana e tamén rural en beneficio de toda a veciñanza cunha planificación a medio prazo satisfactoria.

Ademais, para este tipo de contratación, que pode estar xa no mesmo cadro municipal mais que precise unha especialización contamos coas axudas para contratar técnicos deportivos que ofrece a Deputación da Coruña.

Por todo isto, SOLICITAMOS os seguintes ACORDOS:

1. Aprobar a convocatoria para dar cobertura ao posto de Oficial Técnico de Deportes no concello de Narón.
2. As persoas aspirantes, que poden estar na actualidade mesmo no cadro de persoal actual deberán estar en posesión dun título de grao superior pertencente á rama de Formación Profesional do Deporte ou superior.
3. Solicitar as axudas da Deputación da Coruña para a creación de posto de técnico/a deportivo como paso intermedio e /ou provisional mentres non sexa incluído na RPT durante un período máximo de 3 anos.
Olaia Ledo Díaz”

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de PP -3-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1- / e as 5 abstencións dos representantes de Tega) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 19-09-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

INTERVENCIONS:

-Sra.alcaldesa: aquí hai 4 emendas, que me corrixan cal é a definitiva do BNG. É dicir, sería “*solicitar axudas da Deputación da Coruña para a creación do posto de técnico/ deportivo como paso intermedio e provisional mentres non sexa incluído na RPT durante un período de 3 anos*”

-Sra.Mosquera Puentes: si, esa.

-Sra.alcaldesa: e hai outra presentada neste caso, polo Partido Popular que non sei se se acepta.

-Sra.Mosquera Puentes: a emenda do partido popular non trata o tema que presentamos hoxe a debate que é a creación da figura do cadro de persoal, senón que fala das bases de contratación e entón nese caso non a imos a aceptar porque en todo caso o bng se inclinaría por unha oposición libre.

DEBATE SOBRE A MOCIÓN

-Sra.Mosquera Puentes: bo día a todos e a todas.

Bueno, Narón é un exemplo no deporte pero é grazas a todas as asociacións, clubs e diferentes entidades que traballan día a día para que a práctica do deporte do noso concello sexa unha realidade. Ademais dende o Padroado de Deportes, debe procurarse facilitarse o uso das instalacións deportivas propias do concello, de aí a importancia dunha administración deportiva boa.

A inclusión dun técnico deportivo para Narón é unha demanda do bng dende hai anos. Un técnico deportivo municipal para desenvolver un plan transversal do deporte no noso

municipio. Un técnico para elaborar e xestionar proxectos de animación socio deportiva desenrolando políticas de apoio ao deporte, deseñar programas físico deportivos, e adecuados a todas as necesidades das persoas e do territorio.

Por todo eso, hoxe traemos a debate a este pleno a creación desta figura no cadro de persoal para que ademais o concello pode solicitar as liñas de subvencións da Deputación da Coruña coa finalidade de contribuír á mellora dos servizos municipais de deporte mediante a profesionalización deste persoal técnico. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: dende o partido socialista imos apoiar esta moción porque xa coincidimos no que é o programa electoral neste punto co BNG. Entendemos que é necesaria esa figura para que Narón siga sendo unha potencia no deporte, e consideramos que é grazas en gran medida ao traballo e esforzo de moitas persoas, homes e mulleres, veciños e veciñas de Narón, que traballan por que os seus clubs estén á altura. Pero tamén é certo que o que hai que poñer de manifesto é que esta figura a día de hoxe entende este grupo, que si que debe de existir porque se non non sería posible que todo este traballo inxente que se fai en Narón de cara ao deporte que se puidese levar con eficacia e eficiencia. Eso é algo que subyace aí Sra.Ferreiro. Esta figura ten que estar.

De feito este grupo cre que xa existe esa figura en Narón. Que ao mellor que había que regularizar esa situación. Polo demais, únicamente puntualizar que reparando nesta moción do BNG, entendemos que si que hai que crear este posto de oficial técnico neste caso, de técnico superior de Deportes, pero creo que imos deixar aos propios técnicos municipais a elaboración do propio Prego a fin de que se regulen cales son os requisitos de acordo a Lei do Deporte e... porque estamos vendo outras bases de convocatoria que parece ser que para o título de grao superior, é necesario para este tipo de convocatorias. Polo tanto, imos apoiar, entendemos o sentido da moción, e deixaremos neste caso, a labor da secretaría do concello e os técnicos municipais a elaboración do Prego.

-Sr.Portela Parga: buenos días. Gracias.

Es evidente de la necesidad de poner a funcionar el Padroado de Deportes. También es evidente la necesidad para ello, de personal cualificado que lo dirija. En el personal cualificado entra no sólo el conocimiento deportivo si no más importante todavía, la necesidad de formación en gestión deportiva.

Hay que gestionar convenios, subvenciones, organización de instalaciones deportivas, promover el deporte como eje de desarrollo y conexión social, es decir, gestionar los 3 millones de euros que se destinan al deporte en Narón.

Las funciones de un técnico en gestión deportiva en un ayuntamiento deberían de ser diversas y estar orientadas a la promoción y al desarrollo del deporte, pero lo más importante es que tienen que gestionar la actividad económica, la actividad deportiva y económica, que sin gestión económica no hay deporte.

Por ejemplo, dentro de las funciones más relevantes desde nuestro punto de vista que tendrían serían:

- Planificación de actividades deportivas.

- Diseñar e implementar programas deportivos y actividades recreativas para diferentes grupos de edad, niveles de habilidad.

- Gestión de instalaciones deportivas.

- Supervisar y gestionar instalaciones deportivas del ayuntamiento asegurando su mantenimiento, cumpliendo las normativas de seguridad.

- Fomento de la participación ciudadana.

- Organización de eventos deportivos.
- Colaboración con entidades deportivas.
- Desarrollo de programas de formación.
- Evaluación de necesidades deportivas.
- Promoción del deporte inclusivo.
- Gestión de presupuestos, convenios, subvenciones.
- Administrar y gestionar los recursos económicos destinados a la actividad deportiva elaborando presupuestos para programas y eventos.
- Educación y concienciación.

Estamos hablando de una formación mucho máis amplia de lo que pueda aportar un técnico deportivo. Desde nuestro punto de vista debería de ser un técnico con formación demostrada en gestión deportiva. Un análisis más profundo del que se está planteando.

Estas que acabamos de enumerar son funciones esenciales para el desarrollo y promoción del deporte, a nivel local y que en realidad es más o menos similar a la tarea de la concejalía de deportes, por lo tanto, creando este puesto pero repito, con formación específica y demostrada en gestión deportiva no sólo estaremos trabajando por el desarrollo del deporte de Narón, si no añadiendo valor al Padroado de Deportes, en definitiva a todos los clubes y entidades de Narón.

Si lo que pretendemos es que el deporte de Narón sea uno de los ejes de desarrollo y diferenciadores del ayuntamiento, el puesto debería requerir de una formación amplia y específica en gestión deportiva que va más allá de los aspectos técnicos deportivos. De esta manera el técnico tendría la capacidad para poder saber sobre todo ayudar. Y dar soporte en el desarrollo y gestión municipal, concejal de deportes, por ejemplo.

En definitiva, este puesto no sólo es beneficioso y necesario para el buen funcionamiento del Padroado de Deportes, si no que supondría una herramienta de soporte y ayuda en el desempeño del trabajo diario de la concejalía. Y esto estamos seguros que repercutirá evidentemente en el buen desarrollo del deporte en Narón.

Para ello tenemos por ejemplo, en Galicia, en la universidad de Vigo y en el campus de Orense, el segundo mejor master en gestión deportiva de Europa y nosotros nos preguntamos: ¿por qué no podemos optar a una persona con esta titulación? ¿Cuáles serían los beneficios para el ayuntamiento de Narón en materia deportiva? Todo depende del objetivo que nos marquemos como ayuntamiento pero, sobre todo, donde queremos poner el deporte de Narón. Queremos ser referente en cuanto sostenibilidad, desarrollo, conexión social, proyección y gestión de recursos. Queremos ser referencia de la comarca y presumir de los éxitos de nuestros deportistas, queremos ser un apoyo y ayuda para los clubes y entidades de Narón, no sólo en materia deportiva si no también en materia de gestión económica, o por el contrario lo que queremos es que nuestro técnico deportivo tenga la misma influencia en el deporte municipal que tienen otros concellos, es decir, nada de nada y que todo siga como hasta ahora. Entonces desde nuestro grupo, creemos que se debería de hacer un análisis más amplio de la necesidad de las funciones pero sobre todo, de la formación, capacidades y experiencia demostrada del puesto de técnico deportivo.

Consideramos, tal y como ya expresamos en otros plenos, que cualquier concello de más de 40.000 habitantes o en caso contrario, lo que sería el ayuntamiento de Narón, si pretendemos que el deporte sea uno de los ejes de desarrollo y que seamos un concello referencia en materia deportiva, es necesaria la figura de un técnico deportivo.

No aceptar nuestra enmienda nos lleva a pensar evidentemente que es un puesto que más menos pueda estar dirigido por designación libre, se podría llamar de otra forma pero es así.

Creemos que debería de ser una..., o sea un concurso-oposición y no designación libre, por eso no queremos ampliar la formación y lo que se le pide al técnico. Gracias.

-Sr.Romero Franco: ben, primeiro quero poñer en valor ao persoal do Padroado de Deportes, porque parece ser que por esta última intervención a súa labor de xestión que leva facendo durante tantos anos de que trouxo os seus frutos no desenvolvemento do deporte en Narón, pois parece ser que é nulo porque imos a traer un técnico de xestión que o vai a facer todo. Porque ata o de agora non se estaba facendo nada.

E por unha parte, si loxicamente non imos estar en contra dese técnico deportivo que poda axudar a seguir desenrolando a función que se está facendo dende o Padroado de Deportes, pero si que o xeito de facelo loxicamente, e a creación de prazas e postos require un procedemento que está nos estatutos básicos do empleado público como pola Lei de emprego público de Galicia e en Narón está definida a Relación de Postos de Traballo. Polo tanto, o xeito de que se vai a facer loxicamente vai seguir o procedemento que neste concello temos. Moitas grazas.

-Sra.Mosquera Puentes: grazas. Primeiro bueno, en ningún momento poñemos en dúbida o traballo que fai o persoal do Padroado de Deportes, que leva tantos anos mantendo ese servizo e si cremos que a falta dunha figura como é a de técnico deportivo especializado si que é preciso, simplemente decimos eso; aínda que un claro exemplo deste posto tamén sería o funcionamento da assemblea do Padroado de Deportes.

Nesta co concelleiro de Deportes que tivemos hai apenas 15 días, a primeira assemblea do Padroado de Deportes na que non se nos proporcionou nin tan sequera unha memoria anual ou un plan estratéxico do que ía a facer en materia de Deportes para este ano, ou o pasado ano aquí no concello.

E bueno, outras cousas máis que vimos alí como a necesidade de que realmente a assemblea empece a funcionar coas funcións que así se regulan nos seus estatutos.

Despois en contestación ao concelleiro do partido popular, decirlle que nós non estamos falando en ningún momento de designación libre dunha persoa. En todo momento falamos de que se ten que facer unha contratación que decidirá o regulamento que ten o concello, e decidirá a administración que lle corresponde para a provisión desa praza e estamos a falar sempre de oposición libre neste caso. Na que é precisa unha titulación específica, pero na que non se entran a valorar outro tipo de experiencias, outro tipo de formacións. Vale? Sería sempre un técnico superior ou ben un técnico que sería de categoría B ou ben, de categoría A2 en todo caso.

Nada máis. Grazas.

-Sr.Portela Parga: no estamos dudando en ningún momento del trabajo del Padroado de Deportes, pero creemos que con la creación de este puesto se va a ayudar a la gestión, no sólo del Padroado de Deportes si no la gestión de la concejalía. Hablamos de como dice Román *“que es un ejemplo el deporte en Narón”* y tenemos convenios, subvenciones entregados sin criterio, instalaciones con deficiencias acumuladas, incluso obras recién entregadas, de deportistas que abandonan los clubes, por falta de medios; padres que aportan dinero para la compra de material específico y necesario mientras el club espera a la subvención o convenio, esto se puede ir a consultar y otros que se tienen que desplazar para registrar sus marcas por ejemplo, inversiones faraónicas en instalaciones generando problemas que antes no había.... Entonces no sé el ejemplo y yo creo que este puesto si que ayudará. Y nadie está dudando del trabajo del Padroado.

Creemos que es necesario valorar, repetimos, tanto la formación académica en la gestión deportiva como la experiencia demostrada como profesional. Un técnico deportivo no es un gestor deportivo y lo que aporta un técnico deportivo en realidad, para el Padraado es una formación básica en contrapartida de las necesidades que tiene el ayuntamiento de Narón. Y sí creemos que lo que se pretende es generar un puesto ... Gracias.

-Sra.Mosquera Puentes: a moción non fala nada dese tema. Non imos a valorar máis eso, simplemente bueno, agradecer que hoxe se poida aprobar esta moción que é unha demanda que vai dende hai anos no noso partido, que levamos no noso programa electoral, e que esperamos que eso sexa un paso para adiante para que o deporte en Narón siga medrando. Grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa, que si estou equivocada porque collín literalmente, si estou equivocada pido disculpas no seguinte pleno, na súa intervención dixo “*poñer a funcionar el Padroado deportivo*”, claro, quero dicir aquí escoitar eso, a verdade é que rechina bastante, é dicir, .. repito copieei literalmente, se estou errada pedireille disculpas; é dicir, “poñer a funcionar”, creo que no, que un técnico deportivo mellora a situación todo axuda, e é un pouco o que decimos sempre, que nós estamos a favor dun técnico deportivo, si, evidentemente. Que pasa? Como todo, hai momentos que se priorizan outras cousas con respecto a outras que, pois van quedando.

Con respecto a esto quería aclarar unha cousa: nós nos imos abster na moción; si evidentemente estamos a favor dese técnico deportivo pero o que queremos que quede claro, é dicir, tanto no proceso selectivo, como ben decía Román, que se ten que definir con ese regulamento de Relación de Postos de Traballo, con respecto as convocatorias, taxa de reposición, todo eso que lle corresponde, neste caso, ao servizo de persoal. Por eso, a nosa abstención. Por eso queríamos aclaralo. Si ao técnico deportivo pero como se materialice esa creación desa praza e posto queda determinado por como se están facendo as cousas neste concello. Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 Abstencións

PP: 6 A Favor

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE:2 A Favor

19 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA E SERVIZOS NA ZONA DA PICOTA-O COUTO. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA E SERVIZOS NA ZONA DA PICOTA – O COUTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un grupo de veciñas e veciños da zona da Picota, na parroquia do Couto, levan anos solicitando ao grupo de goberno deste Concello a mellora das diferentes deficiencias en diversas rúas da zona, que imos a relatar nesta moción.

En primeiro lugar, a Rúa Torre presenta as deficiencias que se indican deseguido: o firme está moi deteriorado e as reparacións nas fochancas que se levaron a cabo, en moitos casos, prexudican en lugar de ser solución posto que ocasiona dobres saltos. Tamén carece de beirarrúas, o que a convirte nun perigo constante para os peóns e tampouco ten o largo suficiente para que transiten con facilidade. Outro problema importante aparece cando chove con certa intensidade posto que na confluencia coa rúa Cortiña Grande se inunda, o que ocasiona o asolagamento de zonas privadas da veciñanza da contorna, veciñanza que nos ten comentado que o goberno local leva ignorándoos dende antes da pandemia.

En segundo lugar, a rúa Cortiña Grande, da que xa se avanzou un dos problemas hai un pouco. Ademais do xa indicado, carece de pintado no viario para a circulación dos vehículos e peóns e a sinalización vertical é moi insuficiente, como tamén o é a limpeza e mantemento das beirarrúas.

A terceira á que me referirei é a Rúa Camiño Veiga, que carece de senda ou beirarrúa, o que pon en serio perigo aos peóns que circulan por ela. É unha zona de paso cara ao Lodairo ou o Centro Social, co que ten bastante tráfico peonil. Ademais destas deficiencias, este grupo municipal puxo en coñecemento da Alcaldía no mes de xuño deste ano a dificultade puntual dun poste inestable ao carecer de base e que dificulta a circulación peonil nunha zona de curva, o que agrava aínda máis as dificultades para aquelas persoas que transitan a pé polo lugar.

Á vista das razóns expostas, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e de responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes:

ACORDOS

1-Instar ao goberno municipal a realizar os proxectos ou memorias valoradas para a urbanización, reparación, sinalización e mantemento para a mellora da seguridade viaria nas rúas Torre, Cortiña Grande e Camiño Veiga.

2- Solicitamos que desde esta Alcaldía de Narón, se trámite por urxencia un requirimento á empresa propietaria da liña de subministración eléctrica que transcorre pola rúa Camiño Veiga, para o seu soterramento, debido ás situacións que provocan os postes do tendido eléctrico obstaculizando en distintas zonas o trazado da senda, non permitindo regular en condicións óptimas de seguridade e accesibilidade a construción dunha senda para que os peóns poidan camiñar seguros, sen ter que facelo polos espazos habilitados para os vehículos de motor.

3- Realizar un similar requirimento á compañía telefónica para que realice o soterramento ou traslade os postes para que permita realizar os traballos de acondicionamento e trazado da senda peonil.

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor dos portavoces de PP, BNG e PSdG-PSOE; e as dúas abstencións dos representante de TEGA) da Xunta de Portavoces de data 23-09-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr. Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, o noso grupo presentou esta moción de melloras na seguridade viaria e servizos na zona da Picota – O Couto

Todos os presentes teñen coñecemento do que recolle esta moción a cal tivo xa inicio de debate na Xunta de Portavoces de voceiras e de voceiros, e que como falamos Sra.alcaldesa, hai feitos que corresponden ao goberno e non á oposición, aínda que por parte do noso grupo estamos dispostos a recoller o guante a condición de que vostede nos dea as correspondentes competencias para realizar os trámites ante as veciñas e os veciños de Narón, así como os distintos organismos ou empresas propietarias das actuacións ou terreos.

Falando das cuestións que recollemos nesta moción, non podemos máis que ratificar todo o solicitado, sobre o camiño da Veiga que tan necesario é acondicionar cunha senda como lle solicitamos no documento que presentamos, e o cal estamos debatindo neste momento.

Unha vez máis, recollendo o guante que nos lanzou na Xunta de Portavoces, e como somos un grupo que o que buscamos para os nosas veciñas e veciños é melloras nos servizos, e neste caso nas infraestruturas. Consideramos que unha parte da senda que pedimos para o camiño A Veiga é moi realizable, ademais con moi pouco custo para o Concello.

Primeiro paso, por eso presentamos ese segundo e terceiro punto na emenda de adición é solicitar a Creo que é Unión Fenosa, non estou seguro, nos poñemos a propietaria da liña que cruza dende a Estrada Souto Vizoso pola Rúa Camiño Veiga, hasta o cruce con rúa Cortiña Grande, que non sería necesario modificar ningún peche, dado que os propietarios desa zona xa cederon o espazo cando fixeron as obras.

Polo tanto, consideramos que os terreos que están fóra dos peches deben ser xa públicos e estarán cedidos xa ao concello, que me imaxino que na licenza de primeira ocupación farían ese recoñecemento e entregarían ese terreo ao concello; polo tanto, aí temos unha parte avanzada.

E sobre o tema da compañía eléctrica, creo que dende o concello se lle debía esixir e solicitarlle para que fixera o soterramento porque estamos nunha zona de núcleo rural e considero que é da súa obrigación. Outra cousa é cando o faigan, pero creo que dende o concello se debería esixir e insistir para que se faiga.

Así como a telefónica. Creo que son os primeiros pasos que ten que dar este concello neste tema.

Sobre a Cortiña Grande, é necesario actualizar a sinalización tanto vertical como horizontal, pintado de pasos de peóns, creo que empezaron onte a facelo pero a realidade é que o tempo non lles acompaña moito, era mellor que fóra con mellor temperatura, así como a limpeza das beirarrúas; e tamén hai outro tema que nos preocupa que é a accesibilidade en determinadas partes das beirarrúas porque os farois ao estar situados cara ao centro hai sitios nos que non deixan espazo suficiente para unha cadeira de rodas pero bueno, esperemos que se poida revisar e se lle dé unha composición para que poida ser accesible.

E sobre a outra rúa, sobre a rúa Torres, ben e certo que está recollida no POS adicional, pero revisando os traballos que se recollen na memoria proxecto que nos entregaron, é certo que

non atopamos a sinalización e non encontramos a canalización desas augas que cando chove con algo de intensidade, se inunda na conexión coa rúa Cortiña Grande.

Por estes motivos expostos, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e de responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos acordos que deu lectura o Sr. Secretario. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: aclarar unha cousa que me pareceu entender que vostede modifica entón a súa moción, quero decir, sí coa emenda esto pero a maiores do que decía vostede na súa exposición, que a senda que falaba do camiño da Veiga, que agora queda como reducido á parte que é máis doado, non?

-Sr.Castrillón Permuy: ata ese camiño, ata esa vía non hai que facer expropiación ningunha. Eso debe estar cedido e a partir de aí é tema de negociar vosoutros....

-Sra.alcaldesa: si, si.... Pero me pareceu que vostede nos decía que só nos limitáramos a ese tramo inicial que é máis doado. Vale. Aclarado.

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Manifestar que imos apoiar esta moción e coincidimos con todo o que acaba de manifestar o Sr.voceiro do PP o Sr.Castrillón, estas deficiencias que son postas agora en consideración si que existen, e a verdade eu entendo que se debería de actuar de urxencia para poñer remedio a esa situación. Nalgún casos porque dificulta moitas veces a mobilidade e o tránsito peonil, polo tanto a inseguridade que xera nas persoas. Moitas grazas.

-Sr. Romero Franco: ben, como xa minifestamos na Xunta de Portavoces, e creo que foi bastante claro, na rúa Torre sabedes que hai un proxecto de execución nesa vía; rúa Cortiña Grande, como ben acaba de decir xa se empezaron os traballos a realizar nesa vía e loxicamente como tamén percibimos na Xunta de Portavoces, non imos a ir a un expediente de expropiación para poder levar a cabo eso. Hai zonas que si se tería que facer un expediente de expropiación; polo tanto, imos a votar en contra.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, agradecer aos grupos que voten a favor e nada, esperemos que inicien os traballos de solicitudes a estas empresas o máis pronto posible, e que poidamos axilizar para que os veciños teñan todas as comodidades, accesibilidades e necesidades dese entorno da Picota. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: con respecto ao que vostede está decindo eso é como “instar ao goberno...”, é como rogarlle que fagan algo; é consciente do que fan no, con esta moción? E llo decíamos o outro día, creo que tamén lle facíamos unha emenda, lle decíamos que si tiveramos esa disponibilidad dos terreos que di vostede... lle facíamos ese ofrecemento, que xa que ten falado cos veciños, se poñen a disposición esas cesións que nós si que, neste caso, encargáramos o proxecto e levaríamos a cabo cando tivesemos esa financiación poder materializalo. Facíamoslle ese encargo.

Vostede creo que agora decía que si o autorizo que tal..... eu o autorizo a que traiga esas cesións cando queira, é dicir, xa llo decíamos por escrito, que autorizo. Dígollo verbalmente aquí, consta neste pleno, é dicir, queda autorizado vostede a falar cos veciños e se trae as cesións deses terreos de todos... de todo o camiño da Veiga, pois nós evidentemente

encargaremos a memoria. Por que? Porque non queremos ir agora mesmo a un proxecto de expropiación. Llo decíamos.

E outras cousas: como decía na rúa Torres. Ese proxecto está incluído dentro do POS. O sabe, entón... e os veciños, veíamos esa necesidade, por ese motivo se mete aí.

Despois con respecto a Cortiña Grande, sabe que lle dixemos que se ía a colocar esa sinalización vertical e que se ían a pintar. De feito tan é así, que xa nalgúns procedeuse a pintar.

Claro, e que vostede sabe que imos a facer algo porque os veciños estivo falando con eles, se lle estivo decindo, presenta agora a moción, e bueno, se “fai grazas ao que facemos”. E o goberno parece que nunca facemos absolutamente nada. Entón por aclarar eso, e de verdade, deixolle ese ofrecemento que lle fixen, autorízoo e se trae esa cesión de todos os propietarios para non ter que ir a unha expropiación, encargamos o proxecto e o facemos. Ese é o motivo polo que imos a votar en contra. Porque nós lle fixemos ese ofrecemento e vostede non quixo nin sequera ter en conta esa emenda. Perdoe, llo fixemos na Xunta de Portavoces. Fíxenlle unha emenda, e lle dixeran que se vostede quere asumir ese compromiso e tal... porque vostede neste Pleno moito fala de darnos á oposición capacidade para facer, para axudar, para tal..... Aquí a ten.

Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 A favor

BNG: 3 A favor

PSdeG-PSOE: 2 A favor

20 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONEXIÓN FERROVIARIA DE NARÓN E A SÚA ÁREA DE INFLUENCIA.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

Na cidade de Narón e na súa área son importantes e históricos os déficits no que ten a ver coa súa conexión ferroviaria. A recente chegada do tren de alta velocidade a Galiza, case tres décadas despois da súa entrada en funcionamento noutros territorios do Estado e após continuadas dilacións por causa da falla de compromiso dos sucesivos gobernos españois, non resolve estas necesidades. Xa non por ficar pendente a mil veces prometida conexión directa de Ferrol con Compostela, senón tamén polos escasos avances para a materialización da estratéxica dun tren de cercanías con boas frecuencias que permitan que o tren , que divide a Narón en dous sexa un transporte eficiente e ecolóxico na nosa cidade.

Ademais, atendendo as previsións do propio Ministerio de Transportes polas consecuencias de actuacións en diferentes puntos da rede ferroviaria é preciso que se habilite un Plan de Incidencias e de transporte alternativo para evitar que os usuarios e usuarias do tren padezan horas de espera en vías, e onde moita xente desiste de esperar unha alternativa que lle ten que proporcionar RENFE, se non que definitivamente non contan xa co tren como medio de transporte. Un Plan de Incidencias e de Transporte alternativo que priorice, desta maneira, a atención aos viaxeiros e viaxeiras para que non sufran durante horas as consecuencias e que implique a posta en marcha automática dun protocolo que facilite os traslados noutros medios

e a atención áxil para minorar as molestias. Por outra parte, debe rectificarse o cambio nos requisitos aplicado desde o pasado 1 de xullo para a devolución do prezo dos billetes nos servizos AVE, Avlo, Euromed e Intercity xa que supón un retroceso e empeora os dereitos dos viaxeiros e viaxeiras dos servizos ferroviarios. Resulta evidente que os constantes incidentes, demoras e problemas que se están a producir, en particular nos servizos entre Galiza e Madrid, teñen moito que ver con esta decisión e isto, dalgunha maneira tamén afecta ás persoas que vivimos en Narón e que temos que desprazarnos á meseta e collemos o tren en cidades próximas como A Coruña ou Santiago de Compostela. O importante aumento da demanda dos servizos ferroviarios, nomeadamente no caso da rede de Media Distancia, evidenciou a importancia dun maior desenvolvemento da conexión ferroviaria pero tamén deixou patente a insuficiencia da oferta actual, tanto no que ten a ver cos horarios como co número de prazas ofertadas, e a necesidade de seguir avanzando no abaratamento das tarifas. É claro que as políticas do Estado coa Galiza en materia de infraestruturas esqueceron impulsar a modernización da rede ferroviaria interna e dotar de servizos adecuados o noso País. A día de hoxe, na Galiza non existen os servizos de proximidade de Renfe, nin nas principais cidades e áreas urbanas, como é o caso de Narón. Ningún Goberno español soubo explicar até agora a situación de por que en Galiza non temos servizo de cercanías. Urxe, xa que logo, a posta en marcha dunha rede tren de proximidade, ou cercanías, que vertebre a contorna metropolitana de Narón e Ferrol e que a conecte polo norte con Asturias, Cantabria e Euskadi de maneira eficiente, para configurar, desta maneira, o tren como unha alternativa real ao transporte por estrada. Isto esixe acelerar os procesos de licitación para garantir o cumprimento do compromiso subscrito no acordo de investidura co BNG para a súa posta en marcha esta lexislatura.

Por todo isto, o BNG levamos a pleno os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Reclamar ao Estado que cumpra con Galiza e implante os trens de cercanías con frecuencias axeitadas e que estea recollido Narón e a área de influencia.
- 2.- Reclamar a RENFE que o servizo de transporte alternativo cando falla o tren estea protocolizado e sexa rápido.
- 3.- Reclamar investimentos e maior frecuencia do antigo FEVE que pasa pola nosa cidade ao Ministerio de transportes e que permita que o tren sexa unha alternativa eficaz ao coche para desprazarse a centros de estudos ou centros de traballo

Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por asentimento da Xunta de Portavoces de data 23-09-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

Narón, 23 de setembro de 2024

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: si, boas. Grazas alcaldesa.

Nada, primeiro, o que xa anuncia a moción, no. Traemola aquí polos importantes déficits históricos que se ten en materia de infraestruturas e nomeadamente no tren tanto no concello de Narón como no resto da comarca, e isto é debido pola falta de compromiso dos gobernos españois, xa fosen do partido popular como do partido socialista, de maneira histórica con respecto ao noso país. En Narón divide a nosa cidade en dous e non somos quen de ter un tren de cercanías e unha das cousas que nos parece moi importante que aparece nesta moción, é recoller as incidencias, que haxa un protocolo de maneira efectiva para que a xente que esteamos esperando polo tren nunha estación, teñamos unha alternativa cando isto non se produce e que se saiba como actuar, para que? Para que sexa efectivo porque é verdade que

moitas veces, xa non usamos este medio de transporte en Narón ou na nosa comarca pola falta de efectividade, pola falta de horarios, porque non sabe sequera se vai chegar e porque hai un desleixo para que vaíamos abandonando.

É grave que non se faiga o bypass en Betanzos dende Ferrol, que tamén afecta ao noso concello ou que sexa máis longo ir en tren a Santiago de Compostela dende Ferrol, que por exemplo, a Madrid. Falamos de evolución dos prezos do Ave, porque as persoas que vivimos en Narón tamén collemos trens de alta velocidade nalgunha das cidades que así o teñen, como pode ser A Coruña, ou Santiago de Compostela pero está habendo moitos retrasos por determinadas causas nas conexións con Galicia no Ave e noutro tipo de trens, e hai problemas coas devolucións ou se cambiaron os requisitos non cremos que de forma gratuíta, senón porque precisamente saben que eses problemas van a continuar e seguir roubándonos neste caso, aos usuarios e usuarias de tren. Eu creo que algo ... bueno, seguramente vos sorprendeu a todos e todas os que estades aquí cando falou a bombo e prato de que ía a ser gratuíta os trens de cercanías, cando subiu a gasolina no estado, e claro, si, eso está moi ben pero en Galiza non temos trens de cercanías. Ou sexa, nós seguimos pagando polo tren unhas cantidades bastante elevadas, exemplo é Ourense e Santiago de Compostela e son cuestións a modificar que se chegaron a pactar e que é necesario o cor do goberno... neste caso, da cor do partido socialista avance pero tamén é verdade que co partido popular a Galiza non lle foi nin sequera mellor. Está claro que nunca houbo unha aposta por unha rede interna de tren e no noso país e que se ve que no estado español a súa centralidade supoño que porque goberna a uns 500-600 kilómetros de aquí, non lles importamos un bledo, porque se non se darían conta que o que din os portugueses que a eles lles interesa, tamén lles interesaría esta parte do país, como tamén estar no corredor atlántico de mercadorías que se non é polo bloque nacionalista galego na Unión Europea, teríannos esquecido e o corredor atlántico pasaría por Castela-León ata chegar ao País Vasco, ou sexa, que non sei... non é por faltar eh, pero en León atlántico, atlántico non hai, en Galiza temos de sobra e ben que o vemos cada vez que imos á praia, ou cando temos que defender as cotas pesqueiras dos nosos mariñeiros e mariñeiras.

Como xa me estou indo outra vez, como se ve, a min falar de política si me gusta e penso que se pode cambiar a realidade e creo que é importante que nos concellos fagamos esta reclamación e máis o concello de Narón, a oitava cidade deste país e pola situación que temos a respecto do tren pois si, un tren de cercanías é visto e teño que repetir que a Xunta de Galicia cando vai a falar co presidente do estado español, non é capaz de pedir unha soa medida e ven coas mans baleiras, pois sexamos dende os concellos y dende as administracións que poidamos os que insistamos e tamén na rúa para ter aquí tamén un tren en condicións que nos poida levar o transporte, xa que falabamos antes de ecoloxía, ecolóxico, barato e que en Narón debería de valer para ter un tren de cercanías como en outras comunidades autónomas. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: moitas grazas.

Bueno, dende o grupo municipal socialista imos apoiar esta moción. Imos apoiar esta moción porque entendemos que é boa para a veciñanza de Narón. Non só para toda a veciñanza de Narón, senón para toda a comarca de Ferrolterra porque nos vai permitir mellorar os accesos, mobilidade e sobre todo, unha cercanía de cara os servizos. É importante na política atender á realidade.

Hai un principio que é básico e é o da realidade. É evidente que hoxe a rede ferroviaria de Galicia, en concreto a nosa, xa non é que sexa do século pasado, xa é decimonómica. Hai que apostar por mellorar, loxicamente non é culpa deste goberno, agora mesmo si que está gobernado por Pedro Sánchez. Como ben apunta a voceiro do bng esta é unha demanda

histórica que todos os gobernos viñeron recoñecendo pero dificilmente actuaron. Xa fóra por orografía ou xa fóra porque estamos nun extremo neste caso, do estado ou por distintos intereses, nese caso en Madrid.

Pero o que é certo é que hai unha vontade firme de todo o PSdeG como neste caso do partido socialista, en revertir esa situación. Proba diso, é que por fin neste caso co goberno do PSOE en Madrid, por fin chegou a liña de alta velocidade en Galicia tan demandada. Pero é certo que temos que seguir avanzando. Aí están os anuncios do bypass de Betanzos pero teñen que ir todas sempre reflectidas a uns orzamentos, uns orzamentos que agora mesmo están bloqueados.

E o que si teño que decir é que si que é certo que houbo unha reunión onde o presidente do goberno, Pedro Sánchez, invitou ao presidente da Xunta, o Sr.Rueda, onde en vez de ir a pedir por todos os veciños e veciñas de Galicia, en concreto por Narón, en poñer enriba da mesa ese pacto de estado, por Ferrolterra que anunciou a bombo e pratillo o Sr.Feijoo. En vez de ir a defender que por certo, contemplaba as melloras nas liñas de cercanías de ferrocarril, en vez de defender eso, o que se fai é antepoñer as siglas aos intereses dos veciños e veciñas xa non só de Galicia, senón de Narón.

Polo tanto, aínda que nesta moción se lle insta ao partido socialista, o PSdeG de Narón, xa o dixo, por activa e por pasiva, neste pleno e en anteriores plenos, e nos futuros plenos nos que veñan mocións nas que o PSdeG entenda que van a favor de Narón, incluso en contra das nosas siglas, o PSdeG de Narón sempre vai defender aos veciños e veciñas de Narón.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Referente a esta moción é certo que nos 2 últimos anos se debatiron en 3 ocasións, e esta sería a cuarta ocasión, que se debate aquí, sobre este tipo, sobre o transporte, incluído pois o ferrocarril, e o transporte público de autobuses, no.

No ano 2022, TEGA sempre votaba en contra. É certo que en xuño deste ano 2024, si votou a favor e saiu adiante. Entón nos gustaría saber que dende esa moción que se aprobou aquí, cales foron as realizacións, traballos que se fixeron en referencias as solicitudes que se facían nesa moción? Se se realizaron os informes de situación das paradas e marquesinas de transporte público escolar, se se preparou a campaña de promoción para fomentar o uso de transporte público no municipio de Narón? Instar a responsables de Renfe, Adif, ao cumprimento dos horarios e as frecuencias das liñas da compañía da vía estreita entre Pedroso-Xuvia-Ferrol.

Espero que nos contesten, se se fixo algunha xestión sobre eses asuntos. E despois sobre as noticias que saíron estes días, como ben comentou agora o compañeiro do partido socialista, bueno, pois nos alegra que por fin se encargue un estudio para mirar, para crear unha rede de trens de proximidade nesta comunidade. Bueno, pois esperemos e desexamos que non sexa simplemente un estudio, que non se quede neso, que se siga avanzando e tamén nos alegra que dentro dese estudio estea a transformación das liñas tan importantes como a de Ferrol-A Coruña, ou A Coruña-Lugo, ou Ferrol-Rivadeo que son conexións que ao noso concello e a comarca en xeral lles afecta.

Bueno, nós votaremos a favor, é un tema que nós hai tempo que vimos pelexando e intentamos presentar e presentamos varias mocións con distintas propostas para que se fóra mellorando o transporte público, e a realidade é que esperamos e desexamos de que siga sonando e que dunha vez por todas nos escoiten e señamos capaces de ter uns servizos públicos de transporte como se merece esta comarca.

Nada máis e moitas grazas.



CONCELLO DE NARÓN

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

21 °.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES

A/ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE RECLAMANDO O "AMAÑO URGENTE DAS FOCHANCAS NAS BEIRARRÚAS DA AVENIDA SOUTO VIZOSO (DP-5402).

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando o “O AMAÑO URGENTE DAS FOCHANCAS NAS BEIRARRÚAS DA AVENIDA SOUTO VIZOSO (DP-5402)”.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na nosa cidade temos unha fochanca que polas súas dimensións mereceu ser noticia nos medios de ámbito nacional. Trátase da fochanca (hoxe socabón) na avenida Souto Vizoso.

Os titulares de prensa a describían como a “fochanca na que cabían dúas persoas” e diso xa vai máis de un ano. A situación lonxe de mellorar tornou no seu agravamento pola falla de intervención das distintas administración; estendendo o seu alcance xa a propia calzada.

A situación das beirarrúas non é mellor ao longo da estrada, pero non comporta un risco para a seguridade das persoas como o que se sitúa no punto quilométrico primeiro.

O Concello de Narón e a Deputación da Coruña lonxe de discusións competenciais, teñen que por enriba da mesa unha solución urxente para revertir a situación e buscar unha solución. E se pola contra non é posible, o noso Concello ten que actuar en defensa dos veciños e veciñas de Narón.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó Goberno Municipal a que con carácter de urxencia se elaboren polos técnicos municipais encargados ao efecto a informar da situación e seguridade das fochancas na avenida Souto Vizoso (DP-5402) e en concreto a fochanca situada no punto quilométrico número un.

2.- Requirir á Deputación da Coruña a que aos efectos previstos no artigo 44 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, proceda a reparación de urxencia no prazo de un mes da fochanca situada no punto quilométrico número un da avenida Souto Vizoso (DP-5402), coa advertencia de que no caso de non atender ao mesmo se procederá ao arranxo por parte do Concello de Narón e se repercutirán os custos a ese ente provincial ante os órganos xudiciais competentes.

3.- Instar ó Goberno Municipal a que no caso de non ser atendido o requirimento efectuado á Deputación de A Coruña, se proceda ao arranxo de urxencia da fochanca situada no punto quilométrico número un, habilitando a partida orzamentaria ao efecto.

4.- Dar traslado dos presentes acordos á Deputación de A Coruña.

Narón a 24 de febreiro de 2024.Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: moitas grazas.

Traemos esta moción ao pleno trasladando unha posición que xa sobradamente coñecida por este grupo, vostede persoalmente creo que sabe, lle dixen cal era a miña posición respecto a solucionar a fochanca .. si no debate electoral do ano pasado, respecto a fochanca da Avda.Souto Vizoso, no km.1 .

Na moción ten dous aspectos: ten un punto que é que se fiscalice toda a Avda.Souto Vizoso, a DP 5402 pero en concreto que se elaboren uns informes polos técnicos habilitados por parte do concello a fin de que neste caso, se informe (valga a redundancia) sobre a necesidade de actuar respecto á fochanca que está no km. 1, na beirarrúa concreto do km.1 a fin de que acredite ou ven a manifestar se é segura ou non é segura, ou pon en risco a integridade física das persoas.

Pola miña parte, sen ser experto, sendo digamos un usuario, un peón si que considero que aí se comporta un risco grave para as persoas, toda vez que esa fochanca abarca toda a beirarrúa. E incluso se estende xa á propia calzada. É evidente que para transitar por esa vía, o propio veciño ou veciña tense que incorporar á calzada, se non quere saltar a fochanca ou ir pola fochanca.

A fochanca a día de hoxe, estamos falando de que este asunto xa ven dende hai máis de 1 ano, a fochanca a día de hoxe segue medrando. É normal, por erosión, por... digamos que está á intemperie, é normal e evidente que esa fochanca vaise estender no tempo. Bueno, cando esta problemática xurdiu e cando foi noticia en ámbito nacional, a fochanca na que cabían dúas persoas, saíu nos medios tanto locais como nacionais, e por parte do concello e por parte da Diputación, houbo unha discusión entendo eu que é máis xurídica, competencial que de vontade política.

Por parte do concello, o que se trasladaba era que esa estrada era de titularidade da Diputación da Coruña. Totalmente certo, estou totalmente de acordo con vostedes, Sra.Ferreiro. Pero sen embargo, por parte da Diputación o que se trasladaba era que a raíz de ter feito xa as beirarrúas e dotalas de servicios que xa se aplicaba digamos, unha norma que teñen eles interna respecto ás travesías e que polo tanto, xa tería nese caso que facerse cargo o concello. Temos unha discusión xurídica, competencial, pero que está sendo trasladada ao veciño e a veciña de Narón, que é a que realmente está sufrindo digamos, esa inacción por parte do órgano competente. E eu, llo digo de verdade Sra.Ferreiro, eu creo firmemente que quen ten que responder e respostar desto é a Diputación de A Coruña, pero vostede ten que compartir e neste caso, dar-me a razón que cando hai informes técnicos, os propios técnicos que son os que imposibilitan esa actuación, non vale a mera vontade política. A vontade política non se pode impoñer aos informes dos técnicos. Polo tanto, o que se plantexa é a solución que xa lle dixen no seu día, se a quere a colle ou se non no, pero é a decisión ou neste caso, a actuación que eu faría. E lla poño a vostede e lle digo que vou con vostede e co seu goberno ata o final deste asunto.

O que lle plantexamos é que ante a inacción dunha administración que consideramos que é competente a Lei reguladora neste caso, da xurisdicción contencioso-administrativa, nos esixe que co carácter de 1 mes lle requiramos formalmente a que cumpla e eu vou máis alá, e o que quero é que o faga con carácter de urxencia. Ese carácter de urxencia non vale se non temos uns informes que acrediten que ese é carácter de urxencia. Polo tanto, llo deixo aberto a vostede Sra.Ferreiro. En base a eses informes e actúe nun sentido ou noutro. Requira para que cumplan en caso de urxencia, fágao e repercute pero en todo caso, o que non pode acontecer Sra.Ferreiro, é que sigamos outro ano máis, porque se non ao final esa vontade política en arranxar que todos manifestamos, que existe pero que na realidade non existe o que se traduce é que o que se persigue ao mellor son outros intereses máis políticos de confrontación, si electoralistas que en vez de amañar e solucionar a vida das persoas. Que é do que se trata, e non esquezamos que estamos aquí para mellorar a vida das persoas, e o que non pode ser é que teñamos unha fochanca na que caben xa non só dúas persoas, xa tres.

-Sr.Mauriz Romero: si, bos días. Moitas grazas Sra.alcaldesa.

Imos ver, eu creo que estamos todos de acordo en que as administracións titulares das diferentes vías teñen que facer o mantemento e os arranxos igual que son as propias do ámbito local. Aquí hai un problema, é dicir, eu me lembro xa con Fernández Moreda de falar do tema do mantemento das estradas da Diputación. E xa choveu, eh. E xa pasou outro grupo político e digo outra vez o mesmo, pero é que non é só na Souto Vizoso, é que é na Estrada da Gándara, é que é na Avda. de Santa Icía, é que é na Concepción Arenal.

Entón, se temos que actuar en todas esas vías vai chegar un momento en que non podemos atender nin sequera as nosas demandas. E estando de acordo en que o administrado tiña que ter a garantía de que esas vías de ámbito local, ou estatal ou autonómico, ou provincial neste caso, estén nas mellores condicións pero é que se está dando a casuística que a veces os desbroces de cunetas as está facendo o propio concello co risco inminente de accidentes. Que pasa? Que imos a seguir así toda a vida. É dicir, neste caso, que ven nesta moción hai informes da policía local decindo desa fochanca e emitidos á Diputación provincial. E o único que se di é “señores da Diputación, amañen eso e senón díganos a través dunha cesión, dun documento de cesión o que temos que cambiar nós”. E é moi fácil porque daríase a casuística que o concello de Narón ten que pedir autorización á Diputación Provincial para amañar unha beirarrúa da Deputación. É un pouco sin sentido.

Nós para apoiar esta moción o único que lle comentamos se lle parece, é facer unha emenda reclamándolle a Deputación que nos emita un informe de cesión desas beirarrúas para amañalo e no momento en que o Concello de Narón teña na súa posesión un documento de cesión desa titularidade, amañamos inmediatamente. E se non seguiremos reclamándolle a Diputación como xa se fixo ata o de agora con diferentes informes de policía local, de persoas de servizos básicos e mantemento que a amañen. É moi sinxelo, e estaremos todos de acordo en que cada un ten que amañar as súas vías porque se non, onde paramos? A estrada de Cedeira, Xunta de Galicia; todas as que nomeei antes Diputación provincial, a F-11 de Fomento, amañamos todo? E vamos despois xirando os cobros e aparte sería un sinsentido pedir autorizacións a entes supramunicipais pedíndolle autorización para amañar o deles e estamos de acordo en que todos queremos que se amañen e neste caso, o que ven na moción, que é a Souto Vizoso.

-Sra.alcaldesa: só unha cuestión, fixo unha emenda, non sei se esa emenda se acepta ou no?

-Sr.Ulla Rocha: o que quería facer é se me aclaraba o sentido da emenda, se non entendín mal. Simplemente unha aclaración porque Pablo, a verdade é que esa emenda ten toda a lóxica do mundo. O que realmente temos unha vía que empeza e acaba en Narón, que xa ten digamos todos os servizos e unhas beirarrúas, e o que non pode ser é que digamos, aínda que sexa titularidade nese concello que non chegue a facer algunha vez unha transferencia desa titularidade.

-Sra.alcaldesa: non estamos falando dunha transferencia....a emenda é, non falamos da transferencia, é dicir, constalles según dixo vostede, unha lei de non sei canto....que esa cesión, que xa corresponde neste caso as beirarrúas, amañalas o concello. Necesitamos ese documento, é dicir, vostede falaba antes de que sen informes non podemos.... Nós non podemos actuar salvo en caso de urxencia, pero onde se determina a urxencia con todas as que están enumerando, é dicir, se a Diputación ten esa cesión é tan doado como que diga “toma, está aquí”.

-Sr.Ulla Rocha: xa o sei, pero lle digo Sra.Ferreiro, estou totalmente de acordo. A verdade é que lle digo, estou totalmente de acordo....

-Sra.alcaldesa: pois acepte a emenda. O que lle propoñemos é que realmente que é instar ao goberno.... ao primeiro punto que “.... Elaboren os técnicos municipais tal.... Requerir á Diputación pero no punto que di, que será neste caso, executado polo concello se existe unha previa cesión por parte da Diputación”. Non tanto unha transferencia da vía, non estamos falando deso, que eso sería de maior envergadura. Estamos falando do que vostede puxo de manifesto, que xa lles consta na Diputación..... Nos Servizos Técnicos Municipais se puxeron en contacto en varias ocasións e en varios escritos demandando pola parte de Diputación; se o teñen que nolo acheguen. Porque se non é da nosa titularidade, como imos actuar?

-Sr.Ulla Rocha: se non lle entendín mal, dende o concello se requeriu cesión das beirarrúas?

-Sra.alcaldesa: teño escritos aquí, teño un escrito da Diputación para que vexa que son coñecedores do que teñen .. no que nos din que pasemos a reparala, que si non o facemos nun prazo de 7 días ... a verdade é que tampouco é que nos deran moito. Ben, que se non que a

executarían subsidiariamente por parte da Diputación. Ao que nós neste caso, uns días despois, se lle responde e se lle di “que non nos consta en ningún sitio esa cesión, que para poder actuar temos que ter esa cesión”. Este é un escrito que se enviou a Diputación. O que non temos (ata onde eu sei) ningún tipo de resposta.

Se esta moción vai abrir esa opción e que realmente imos a ter esa resposta, que entendo que de verdade, que tiñan que ser eles ata onde nos consta quenes fixeran eses amaños polo que decía Pablo, é dicir, e o digo sempre, xa me repito, a veces demasiado. O orzamento deste concello é finito, entón se nos dedicamos a amañar cousas doutras administracións, evidentemente para nós non temos. Entón, de verdade, esa emenda nós a facemos, e se con esto conseguimos que a Diputación, ou ben, amañe ou ben, faga esa cesión e podamos facelo nós, benvido sexa.

-Sr.Ulla Rocha: mire, tiña pensado aceptarlle a emenda. Pero toda vez que xa está feita, sigo mantendo a miña moción e no caso de que se traballe como vostede dixo Non a vou retirar, xa me tiña convencido o Sr.Mauriz pero ao ensinarme ese documento non vou a aceptar a emenda, porque xa está feito ese traballo, pero eu vou intevir eh, se quere despois seguimos o debate que non.... Paréceme interesante.

-Sra.alcaldesa: deixámoslle a palabra neste caso, a Germán.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Referente ás estradas da Diputación, o concello de Narón sabe que se aprobara unha moción aquí onde se solicitara que os concellos, neste caso o concello de Narón, fixera as propostas das necesidades que tiñan nas beirarrúas e nas estradas da Diputación. Aprobouse e despois esa mesma moción presentouse na Diputación da Coruña e tamén se aprobou. Por exemplo, creo que vostedes se é necesario que esa estrada e esas beirarrúas sexan reparadas, fagan unha memoria porque teñen técnicos para facelas e envienna a Diputación para que a Diputación llas poida arranxar.

Eso está aprobado, eso está aprobado. E creo que Souto Vizoso, si é certo que hai esa fochanca, que é moi complicada e que é perigosa e que leva aí casi 2 anos, que en 2 anos xa tiñamos feita a memoria, xa tiñamos aprobado no Pleno, aprobado na Diputación e posiblemente aprobada a obra para licitar.

Entonces creo que é necesario que vostedes den ese paso porque creo que Souto Vizoso necesita, xa non só esa fochanca, necesita unha reparación xeral e despois oíe, creo que ademais é casco urbano, residencial onde podería ser que se lle cedera esa estrada ao concello. Que sería importante. Non lle parece Sra.alcaldesa? creo que ese é o proceso para facer. Hai dúas administracións que teñen que entenderse. Porque convivides continuamente. E temos moitas estradas no concello de Narón que necesitan arranxo. Da Diputación, da Xunta e de calquera outra Institución. E de Fomento. Creo que todas necesitan arranxo.

Polo tanto, creo que dende aquí, dende o concello hai que dar eses pasos. Facer esas memorias valoradas e envialas aos organismos e despois toca movelas neses organismos e creo que está aprobada; a Diputación creo que non vai rexeitar facer eso porque está aprobado unha moción nun pleno da Diputación. Eu creo que eso sería unha forma de avanzar. Outra cousa é que aquí que o haiba que facer urxente neste caso.

Nós imos a votar a favor de que se realice porque creo que xa se preguntou nalgunha ocasión e creo que é moi necesario, non podemos dar esa imaxe que estamos dando, sexa a culpa de quen sexa eh. Non se pode dar esa imaxe para a xente, temos un recorrido histórico por esa estrada que vai, creo que ao mosteiro do Couto, creo que ten moitas visitas. E creo que esas

visitas non é bo que vexan eso así porque despois cataloganno como o concello máis feo da provincia ou de Galicia, e creo que non é certo eso. Non estou a favor deso.

Pero é verdade que o goberno ten que facer cousas para que non se vexa así. Entonces creo que por interese xeral de todos debíamos de buscarlle alternativas e solucións a estas cousas.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: como lle apuntaba antes, Sra.Ferreiro. Estou totalmente de acordo co que di o concelleiro de Obras, Sr.Mauriz, creo que ten toda a razón pero digamos, o que me desagrada, é que ten que haber un requerimento da Diputación. Quen ten que impulsar o arranxo desta fochanca ten que ser o concello, o que ten que impulsar un requerimento é o concello; é dicir, agora temos un requerimento formal por parte da Diputación dende hai moito tempo, non sei os meses que haberá (*a Sra.alcaldesa lle resposta que o 12-04-2024*) onde se nos require para que fagamos ese arranxo, bueno, a contestación creo que é acertada por parte do Sr.Mauriz. Polo tanto, eu aceptaría esa emenda transaccional sempre e cando non se houbese plantexado xa á Diputación. Pero si segue plantexando á Diputación esa cesión e a Diputación non contestou, a min non me queda máis remedio e responsabilidade que manter a miña moción. Por que? Porque é a única maneira de mover este asunto; é dicir, se hai 2 administracións que están chocando nun punto competencial e se ve un veciño de Narón, afectado por esa discusión, eu entendo que a moción e o comportamento e os pasos a seguir son os que presenta a moción, os puntos do partido socialista.

Polo tanto, eu o que lle pido é que sabendo que existe esa necesidade, sendo conscientes de que esa fochanca causa un prexuízo e comporta un risco para as persoas que voten a favor da miña moción. Igual que eu e o partido socialista de Narón sempre votan a favor cando son, incluso nas vosas cando se lle insta á Diputación, a facer o arranxo de todas as obras de todas as estradas de Narón. É o que lle pedimos, o que lle pedimos é corresponsabilidade. Neste caso, ao goberno municipal que apoie a nosa posición e terá o partido socialista sempre loitando a pesar das siglas, que poidan diga neste caso, gobernar na Diputación, que neste caso é o PSdeG, pero sempre imos defender aos veciños e veciñas de Narón. Aínda que teñamos que demandar á Diputación de A Coruña.

-Sra.alcaldesa: nós somos máis de dialogar antes que demandar. Entendo que por defecto profesional a vostede lle gusta máis. Eu a verdade que neste caso, por unha vez máis, creo que non habería problema, é dicir, se vostede acepta esta emenda e realmente eles teñen ese documento e o poden aportar, nós o facemos. Creo que eso sería. E a verdade cando fala de corresponsabilidade con respecto a Diputación, cando nos pide que fagamos unha modificación puntual do plan, cando estamos elaborando un Plan de Urbanismo para neste caso, dar saída á estrada do Feal, creo que realmente aí a corresponsabilidade olvidouselles, eh.

E con respecto ao que di Germán, de verdade que eu a vostede non o entendo. Vostede foi deputado... puido pedir que esto se amañara. Non estamos pedindo de verdade, que parece que as veces que pedimos que fagan aquí... no, que amañen as súas beirarrúas, unha fochanca que teñen aquí as fotos, é dicir, como ben decía Jorge, que creo que casi caben dúas persoas. Entón realmente, vostede venme a dicir agora que fagamos unha enésima vez, unha memoria valorada que vostede lle gusta, que máis dará canto vale, que amañen, danos igual, que o fagan con medios propios se teñen, que o contraten, o que queiran, é dicir, son coñecedores da situación que teñen, non temos capacidade económica para amañar todas as estradas que non son competencia nosa. Neste caso, se teñen esa cesión que nola acheguen. Nada máis. Acepta a emenda? Por un bo talante..... (*o Sr.Ulla di que no*).

Perfecto, nada, nada, moi ben. Pois pasamos entón a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 A Favor

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

B/ MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP, BNG E PSdeG-PSOE
"CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE O
CONCELLO DE NARÓN E A XUNTA DE GALICIA PARA RESOLVER A
CONTRADICIÓN OU CONFLITO DE COMPETENCIAS PROPIAS E A
RESOLUCIÓN DOS PREXUIZOS ECONÓMICOS E OUTROS OCASIONADOS
POLA AUSENCIA DA CALIFICACIÓN DE SOLO DE APROVEITAMENTO
FORESTAL NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN. –

INTERVENCIÓNS ANTERIORES Á LECTURA DA MOCIÓN POR PARTE DO SECRETARIO XERAL:

-Sra.alcaldesa: antes de que se lea a moción eu pediría se se pode retirar. E digo por que. Nos con respecto a esto, tivemos xa distintas reunións....., unha reunión conxunta de varias partes implicadas, e o que digo é se se pode retirar e convocar de maneira urxente unha comisión de seguimento do Plan e para falar aí, para poñer neste caso, enriba da mesa, todas as actuacións que se foron facendo, e se desa comisión sae que hai que facer logo este escrito e facer tal pois adiante, pero me gustaría que nos den a oportunidade neste caso, tanto polos técnicos como polos políticos que forman parte desa comisión de seguimento, de darlle avances antes de facer esto. E eu me comprometo a convocala o antes posible e se non pode ser o antes posible para a semana que ven vamos. Para a semana que ven.

-Sr.Ulla Rocha: mire, esta moción é conxunta. Non é só do partido socialista. Eu voulle expresar a miña opinión, a miña opinión é que hai un asunto que é urxente, pero non só esa urxencia, si que me gustaría coñecer os pasos que deu o goberno. Gustaríame que si existe o compromiso por parte de vostede, que en caso de que esa información que se nos dé que non consideremos que sexa axeitada pois que convocaremos incluso vostede mesmo se compromete a que convocaremos á maior brevidade posible, un pleno extraordinario sobre este punto toda vez que consideremos que é urxente, é dicir, eu entendo que queira vostede plantexar a retirada deste punto da orde do día, pero eu tamén entendo á veciñanza que agora mesmo se ve con carácter urxente, se ve ameazada nos seus intereses a maiores do problema que existe paixasístico incluso que afecta aos ecosistemas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa por aclarar, si que adquiero ese compromiso, si que o facemos de maneira urxente, pero tamén é verdade que a urxencia aquí aínda que a ten non é tanto de un día para outro, é dicir, non se vai a modificar nada no plan de Urbanismo a maiores, ou se vai a deixar de facer nada por dúas semanas máis ou dúas semanas menos. É dicir, nós comprometémonos a convocar para a semana que ven esa comisión de seguimento do Plan ... Se queredes facemos un receso para que faledes e nos digades.

-Sr.Castrillón Permuy: esto non priva de non poder facer a reunión, a xuntanza esa de seguimento do PXOM, é dicir, se aprobamos esto

-Sra.alcaldesa: se nos dan a oportunidade, só pido que nos den a oportunidade neste caso, de falar das reunións que tiveron lugar, neste caso foron dúas, do que se ten previsto facer e só eso, escoitar eso para a semana que ven, se de aí non queda claro ou hai algunha dúbida e queren seguir facendo esto pois o fan. Transparencia.

-Sr.Castrillón Permuy: este é un tema máis que dos grupos políticos é un tema da veciñanza en xeral, é o que nos pide. Porque estaba moi desinformada de todo o que pasou co PXOM e todo o que vai a pasar, no. Entonces, ese é un pouco o motivo. Entoncez que se podería seguir adiante avanzando e aparte sempre temos esa reunión, oie,



CONCELLO DE NARÓN

pois despois podemos deixar esto nun proceso de “stand by”. Eu creo que se queren falar entre os tres falen e dígnanos que si ou si non, e senón tiramos para adiante.

-Sr.Ulla Rocha: de verdade llo digo. A miña vontade a pesar da política sempre é favorecer e chegar a acordos. Neste caso houbera aceptado, pero apunta ben o voceiro do partido popular, Sr.Castrillón, de que esta non é unha moción do partido socialista, do BNG nin do partido popular. É unha moción dos veciños e son eles, que hoxe non están aquí que son representados por nós, o que nos piden é esa urxencia. Polo tanto, imos manter sin quitar que nesa comisión que poida vostede convocar, entendamos que os pasos son axeitados.

-Sra.Ledo Díaz:..... se houbo conversas co concello, non houbo ou eso.....

-Sr.Mauriz Romero: soamente unha cuestión. Imos ver, o que está comentando agora aquí, a Sra.presidenta alcaldesa, é sentarse, sosegarse coa información que poseemos das distintas reunións coa Xunta neste caso, e tomar a mellor estratexia posible, posto que si se acordan estes puntos que veñen aquí e incluso poden ser contraproducentes á estratexia marcada cos propios técnicos da Xunta. Por eso, que se faga hoxe, que se faga dentro de 15 días un pleno non vai variar absolutamente nada a posición da continuación da tramitación do PXOM.

Pero si que si se toman uns acordos poden ser contraproducentes a estratexia marcada entre os representantes do concello de Narón, da Xunta e os técnicos do equipo de redacción do PXOM e os técnicos da propia Xunta.

-Sra.alcaldesa: perfecto, pois nada non a retiran no? Vale. Pois sobre a urxencia. Pasamos a votar sobre a urxencia:

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade aprobou a urxencia e tratar a moción transcrita.

Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do Grupo Municipal do Bloque nacionalista Galego do Concello de Narón (BNG), o Partido dos Socialistas de Galicia do Concello de Narón (PSdG-PSOE) e o Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Narón (PP) ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

Dos grupos reclamando o “CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A XUNTA DE GALICIA PARA RESOLVER A CONTRADICIÓN OU CONFLITO DE COMPETENCIAS PROPIAS E A RESOLUCIÓN DOS PREXUÍZOS ECONÓMICOS E OUTROS OCASIONADOS POLA AUSENCIA DA CALIFICACIÓN DE SOLO DE APROVEITAMENTO FORESTAL NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

A exposición da aprobación inicial do novo PXOM, puxo de manifesto a ausencia de solo forestal no noso Concello. É evidente que tal situación administrativa, prexudica gravemente os intereses dos veciños e veciñas propietarios e propietarias de fincas, pero e que ademais, xera unha serie de consecuencias negativas no eido da fauna e flora que coa eliminación dos solos forestais causarían ao seu ecosistema.

CONCELLO DE NARÓN

Por todo o anteriormente exposto, os Grupos Municipais do PSdG-PSOE, BNG e PP presentan a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

- 1.- Instar a Creación dunha Comisión Interadministrativa entre o Concello de Narón e a Xunta de Galicia para resolver a contradición ou conflito de competencias propias e a resolución dos prexuízos económicos e outros ocasionados pola ausencia da clasificación de solo de aproveitamento forestal no termo municipal do Concello de Narón**
